

# Memoria

Curso 2023-2024



Ceip Pl. Condesa de Fenosa

Cod. 32015116

O Barco de Valdeorras

(Ourense)

## Sumario

MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO.....	1
a) Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e o impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa.....	2
b) Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.....	2
c) Organización de actividades extra-escolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno.....	4
d) Dispoñibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.....	4
e) Impulso e posta en marcha de programas de iniciativas de innovación e formación que mellore o funcionamento do centro.....	4
f) Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidades educativas especiais.....	5
g) Outros.....	6
MEMORIA FINAL DA ETAPA DE ENSINO INFANTIL.....	6
Agrupamento do alumnado e mestres integrantes da etapa:.....	6
Plan de adaptación:.....	7
Plan de adaptación para o alumnado de 5 anos. Paso a Primaria.....	10
Calendario das reunións de ciclo e temas tratados:.....	10
Consecución dos obxectivos xerais do ciclo.....	13
Aproveitamento dos recursos materiais e humanos.....	13
Dificultades atopadas neste curso, necesidades para o curso que vén e propostas de mellora. .....	14
Memoria do ciclo sobre o seguimento da programación na aplicación de proens.....	16
MEMORIA DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA.....	17
Profesorado e compoñentes do ciclo.....	17
<i>Calendario de reunións e temas tratados</i> .....	18
Actividades.....	18
Aproveitamento de medios e recursos.....	20
Avaliación dos apoios.....	20
Medidas correctoras de cara ao curso 2023-24.....	21
MEMORIA DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA.....	22
Compoñentes do ciclo.....	22
Calendario de reunións e temas tratados.....	22
Actividades.....	23
Aproveitamento de medios e recursos.....	24
Nivel de consecución dos obxectivos.....	25
Dificultades atopadas.....	25
Avaliación dos apoios.....	25
Medidas correctoras de cara ao curso 2024-25.....	25

<b>MEMORIA DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA.....</b>	<b>26</b>
Introdución.....	26
Compoñentes do ciclo.....	26
Calendario de reunións e temas tratados.....	27
Desenvolvemento do curso.....	28
Valoración xeral do curso.....	29
Propostas de mellora.....	30
<b>MEMORIA DO DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN.....</b>	<b>31</b>
Compoñentes do Departamento.....	31
Calendario de reunións.....	32
Estratexias de intervención.....	33
Outros organismos.....	34
Aproveitamento de medios e recursos.....	34
Valoración da consecución das accións prioritarias.....	35
Dificultades atopadas.....	35
Propostas de mellora.....	35
<b>MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.....</b>	<b>36</b>
Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).....	36
Organización do profesorado.....	36
Organización do alumnado.....	37
Modelo de intervención.....	37
Obxectivos.....	38
Intervención de AL.....	38
Avaliación.....	38
Valoración da coordinación co profesorado.....	39
Reunións coas familias.....	39
Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.....	39
Melloras na aula de AL.....	40
Propostas de mellora.....	40
Previsión de alumnado para o vindeiro curso.....	40
<b>MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.....</b>	<b>40</b>
Alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).....	40
Organización do profesorado.....	41
Organización do alumnado.....	42
Modelo de intervención.....	42
Obxectivos.....	43
Metodoloxía.....	43
Actividades.....	44
Avaliación.....	45
Valoración da coordinación co profesorado.....	46
Reunións coas familias.....	46
Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.....	47
Propostas de mellora.....	47
Previsións para o vindeiro curso.....	47

MEMORIA DE LINGUA INGLESA.....	47
Educación infantil.....	49
Educación primaria.....	49
Metodoloxía empregada.....	50
A figura do auxiliar de conversa.....	50
Reading club.....	51
MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	51
Consecución de obxectivos.....	51
Rutinas nas sesións de psicomotricidade:.....	52
Avaliación:.....	53
Dificultades atopadas e propostas de mellora:.....	53
Educación Física e Saúde.....	53
Melloras e necesidades da Área de E.F.....	54
MEMORIA DA AULA DE EDUCACIÓN MUSICAL.....	56
Mestres que interviñeron.....	56
Actividades realizadas e recursos.....	56
Melloras necesarias de cara ao curso que vén.....	57
MEMORIA DE RELIXIÓN.....	57
Educación infantil.....	57
Educación primaria.....	58
Valoración xeral.....	58
MEMORIA DO <i>PLAN DIXITAL</i> .....	58
MEMORIA DA AXENDA 21.....	60
Profesorado membro do grupo de axenda21.....	60
Reunións:.....	61
Actividades levadas a cabo durante o presente curso:.....	61
<i>Aproveitamento de medios e recursos existentes. Novo material mercado</i> .....	62
Valoración dos resultados e propostas cara o vindeiro curso.....	62
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	63
Concursos.....	64
Actos solidarios.....	64
Charlas, obradoiros, actuacións, exposicións e proxeccións.....	64
Celebracións, saídas e excursións.....	67
COMEDOR ESCOLAR.....	70
Persoal.....	70
Funcionamento.....	70
Balance dos obxectivos.....	71
Melloras realizadas:.....	72

Anexos.....	73
Memoria EDLG.....	73
Memoria Plambe.....	73
Proxecto Lector de Centro.....	73
Liñas prioritarias da Biblioteca Escolar.....	73
Memoria do Plan de Convivencia.....	73
Memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade.....	73
Memoria actividades de Formación.....	73
Memoria do proxecto Digicraft.....	73
Listaxe libros de texto.....	73

## MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO

Tal e como se anunciaba na memoria do ano pasado, e tras a aprobación da Delegación Provincial e de Mobilidade, neste curso inauguramos unha **nova distribución horaria** da nosa xornada escolar. Coa nova xornada acadamos un horario con 50 minutos de tempo de lecer tralo xantar e unha sesión de clase, precedida de 20 minutos de lectura silenciosa, na xornada da tarde.

Deste xeito a nosa xornada comeza ás 9:45 h. e remata ás 16:15 h.

Seguimos realizando as nosas **programacións en Proens**, facemos o seguimento e valoración das mesmas e imos, progresivamente, implementando todas as posibilidades que nos achega esta nova ferramenta.

Queremos destacar a posta en marcha do proxecto de **Titoría Entre Iguais**, que supuxo unha serie de xornadas de formación do profesorado e do alumnado, e que atinxe ao alumnado de 3 anos e 5 anos de ensino infantil, e o de 3º e 5º curso de primaria. O proxecto promove a convivencia baseándose na titorización emocional entre iguais, onde o respecto, a empatía e o compromiso son os seus alicerces. Trátase en fin dunha estratexia de prevención da violencia e do acoso escolar, onde o alumnado dos grupos superiores actúan coma titores dos do curso máis baixo. É cedo aínda para falar de resultados xa que se trata dun programa que tarda varios anos en desenvolverse, pero a boa acollida que tivo entre o alumnado, as familias e o equipo do profesorado, coidamos que auguran uns resultados esperanzadores.

Falando doutros proxectos, este ano, cunha proposta do Equipo da Biblioteca, EDLG e Axenda 21, desenvolvemos un **proxecto de centro** sobre o **Camión de Inverno**. Algunhas mostras dos traballos realizados (investigacións sobre a flora e o patrimonio) pódense ver xa na páxina do colexio. Queremos subliñar que grazas ao desenvolvemento deste PDI levamos tamén adiante unha serie de saídas na contorna que reforzaron os obxectivos de **hábitos de vida saudables** que nos marcamos a principios de curso.

Tamén continuamos traballando na **mellora do noso patio**, introducindo uns xardíns móbiles feitos con colectores do lixo reciclados, recolocando as porterías para delimitar mellor as distintas áreas de xogo, recompoñendo as hortiñas e mercando as presas para a instalación do noso rocódromo, aínda que á espera da instalación dun solo de cortiza para evitar as posibles mancaduras por caídas. Durante as vacacións de verán agardamos a realización dunhas obras de mellora do patio, en concreto do muro que o couda e que arestora mostra signos evidentes de deterioro.

Por fin o **Polo Creativo** comezou a dar os seus froitos. Durante todo este curso se estiveron realizando actividades de formación do equipo do profesorado para capacitarse no uso e manexo dos distintos compoñentes deste espazo creativo, pero tamén foi empregado para distintas actividades co alumnado, como foron a realización de chapas polo día para a eliminación da violencia contra as mulleres, vestidos para as funcións de Nadal, realización de audiovisuais, preparación das graduacións...

Precisamente co gallo da realización dos audiovisuais xa referidos, realizados ao abeiro do programa de "Nós Tamén Creamos", realizamos un **festival de curtametraxes** de animación no Teatro Lauro Olmo no que puidemos amosar á nosa Comunidade Escolar o produto do noso traballo no Polo durante todo o curso.

Queremos sinalar tamén a realización dun intercambio escolar coa escola Diogo Cão de Vila Real, ao abeiro dun programa do **Eixo Atlántico** que desta volta abriuse a centros fóra das cidades, onde se viña realizando ata o de agora. Así 20 rapazas e rapaces da nosa escola dos cursos 5º e 6º de primaria visitaron Vila Real e outro grupo similar de alumn@s portugueses devolvéronos a visita. Houbo distintas actividades nas que o alumnado anfitrión exerceu de guía turístico na localidade, e tamén participaron dun programa conxunto de actividades formativas. A experiencia foi moi positiva e esperamos poder repetila.

Durante este curso levamos adiante un simulacro de incendio, coa correspondente evacuación do centro. Esta actividade implicou á policía local e resultou bastante positiva. O tempo de evacuación e o cumprimento das normas foi correcto, pero a preparación supuxo unha serie de trámites burocráticos que fixo que toda a comunidade escolar estivese ao tanto da preparación do simulacro.

Realizamos unha enquisa entre o profesorado para valorar a realización deste simulacro e se valorou positivamente a actividade, pero a suxestión que fixeron foi que na vindeira realización do simulacro se manteña en segredo para comprobar se os tempos de reacción seguen sendo igual de bos co factor sorpresa.

### ***a) Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e o impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa.***

Do mesmo xeito que en anos anteriores, os **equipos de ciclo** reuníronse cunha periodicidade semanal, agás nalguna ocasión especial na que esta viuse substituída por algunha reunión xeral de carácter informativo ou para a coordinación de actividades complementarias.

Co gallo de unificar os temas das reunións e o tratamento das mesmas, facilítaselles aos coordinadores un guión (cos puntos acordados na Comisión de Coordinación Pedagóxica) dos temas a tratar, anuncios dos distintos equipos e de Actividades Complementarias, así como notas informativas, que permiten que se teña un coñecemento similar dos procesos que se realizan no colexio por parte de todos os ciclos.

Como órgano que pon en común as achegas dos ciclos aos distintos temas tratados e que determina as liñas de actuación unitarias está a **Comisión de Coordinación Pedagóxica**. Este órgano réunese os primeiros luns de cada mes, agás, do mesmo xeito que os ciclos, cando se substitúe a súa reunión pola convocatoria dunha reunión xeral.

Tamén o **Departamento de Orientación** se reúne cunha periodicidade cando menos trimestral, aínda que na realidade por mor dos asuntos a tratar réunese mensualmente.

No tocante a outros órganos, como é o claustro ou o consello escolar de centro, reúnen-se cando é preceptivo e cando os asuntos pendentes así o requiren.

Así mesmo temos que sinalar as reunións dos distintos equipos adicados a temas concretos, como é o **Equipo de Apoio á Biblioteca, o EDLG e Axenda21**. Estes equipos reúnen-se normalmente os luns, e nesas reunións elaboran as propostas de actividades do seu ámbito, que logo comparten co resto do colexio ao través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Sinalar que este ano o conxunto dos tres equipos acordaron a realización dun PDI sobre o Camiño de Inverno, do que xa falamos con anterioridade. Cremos que cando todos xuntamos os nosos esforzos nunha mesma dirección, os resultados son mellores que cando traballamos de xeito individual.

### ***b) Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.***

Hai **catro eixos** sobre os que xira unha boa parte do traballo no noso centro: a normalización lingüística, o coidado do medio ambiente, a atención á diversidade e as tarefas relacionadas coa Biblioteca Escolar (promoción da lectura, formacións de usuarios, alfabetización en información...). Das propostas para o desenvolvemento destes eixos de traballo encárganse os equipos de dinamización, da axenda21, departamento de orientación e o equipo de apoio á biblioteca, en

bastantes ocasións traballando sobre propostas conxuntas e conseguindo unha implicación practicamente total do profesorado do centro.

Teremos que destacar a total implantación do **proxecto Abalar e do proxecto EDIXGAL**. Deste xeito as aulas de 5º e 6º curso de primaria contan non só cos medios técnicos para unha educación dixital, senón que a máis diso dispoñen dos libros dixitais do proxecto, enriquecidos coas achegas que fan os propios mestres nas súas áreas respectivas.

As aulas de 4º curso, contan cun carro de carga e cunha dotación de 21 ordenadores que chegaron ao centro por distintos programas, e que comparten as dúas aulas do nivel. Pola súa banda o curso de 3º de primaria aproveita os restos aínda funcionais do equipamento antigo do proxecto abalar.

A **aula virtual** continúa provendo recursos a alumnado e profesorado. No caso do alumnado o seu uso é maior no caso dos cursos de 1º a 4º, onde non contan co Espazo Virtual de Aprendizaxe, ca nos cursos de 5º e 6º que empregan fundamentalmente a plataforma de EDIXGAL.

Tamén a nivel do profesorado contamos cun **cartafol para uso docente**, con numerosos recursos educativos, listaxe de documentos para cubrir nas titorías, titoriais e informacións varias que facilitan a inmersión no noso centro, e que son provistas pola Orientadora do Centro e son actualizadas con moitísima frecuencia.

O **PFPP** deste ano centrouse na capacitación do profesorado para o uso das ferramentas que nos achega o Polo Creativo. Daquela tivemos formación en diversas ferramentas, coma a máquina de chapas, máquina de coser, plotter, bolígrafos e impresora 3D e convivencia TEI.

Estamos á espera da dotación das novas pantallas para as aulas de 3º a 6º curso de primaria, o que sumada á renovación de infantil e primeiro ciclo de primaria do ano pasado nos permitirá ter unha nova dotación cunhas moi boas funcionalidades en todas as clases do colexio.

Estas novas **pantallas interactivas** están dotadas cun ordenador OPS, e dobre sistema (PC con maqueta abalar e Android), conectables vías HDMI.

No que atinxe ao **Plan Dixital do Centro**, queremos comentar que a inestabilidade do profesorado (máis do 50% provisionais e interinos) e a enorme cantidade de baixas, fai que acadar os obxectivos básicos que nos marcamos sexa moi difícil por non dicir imposible.

Xa falamos con anterioridade do noso **Polo Creativo** que empezou a súa andaina cunha serie de actividades moi interesantes e que nalgúns casos comprometeu a todo o colexio. Pensamos que de cara ao curso que vén, e dado que xa comezamos a ver as potencialidades deste espazo creativo, podemos incrementar o seu uso e a actividade que nel se desenvolve.

A respecto do proxecto de **Plurilingüismo** sinalar que este ano puidemos contar cun lector, pero só grazas a xestión do propio centro, xa que o nomeado pola Consellería, ao igual que sucedeu o ano pasado, non acudiu. Cremos que a Consellería ten que buscar xeitos de garantir que os postos de zonas periféricas, coma o Barco, tamén se cubran.

A Aula de Idiomas cubre o seu horario só coas clases de 1º a 4º de primaria, xa que os cursos de 5º e 6º, ao estar no proxecto EDIXGAL, teñen libro de texto dixital e para acceder a el dende os seus convertibles cómpren estar no alcance dunha wifi Abalar, polo que se manteñen nas súas aulas onde eses puntos de acceso teñen cobertura.

No **estudo de gravación radiofónico**, onde arestora grávanse os programas de Dino Radio, a radio da biblioteca escolar, seguimos cunha actividade importante. Durante este ano graváronse 7 programas ao redor de figuras de mulleres, realizáronse 2 programas (un deles co alumnado de intercambio do eixo atlántico) con emisión en directo, e realizouse unha actividade de formación co alumnado de 4º de primaria e co profesorado a cargo relator de Ponte nas Ondas.

A **Biblioteca escolar**, continúa realizando as súas actividades de promoción da lectura e de formación de usuarios. Estas últimas que se realizaban no marco da materia de Alfabetización en Información pasaron a se realizar, dada a desaparición desta materia, nas horas de Proxecto



Competencial. Traballamos así programación (scratch, truebot, lego we-do...), organización da biblioteca, actividades de creación audiovisual, etc... pero só coa parte do alumnado que opta por esta materia, sen atinxir, polo tanto aos que elixen Relixión Católica.

Sobre o **proxecto ELBE-2** xa podemos realizar a xestión de usuarios e contrasinais dende Koha, xa que se nos habilitou para iso dende o CAU periférico. A migración a Koha, que tiñamos pensado realizar nesta etapa, non se puido facer e semella que vai tardar polo que comentan dende a Asesoría de Bibliotecas, polo que continuaremos co programa de xestión Abies 2.0 ata novo aviso.

A **aula de recursos para mestres** funcionou este ano sen demasiados problemas, e non houbo necesidade de, coma en anos anteriores, formatar equipos por mor de infeccións de virus. A impresora a cores sen cartuchos de tinta, segue a dar un resultado bastante bo no senso de aforro de consumibles. A aula é un recurso moi importante para o traballo do profesorado, que, ao tempo, serve de almacenamento de materiais funxibles e de medicamentos relacionados coas alertas escolares.

Dado que nesta aula moitas veces os mestres e mestras intercambian opinións ou informan sobre feitos relacionados con alumnos e alumnas, para manter a confidencialidade destas conversas haberá que evitar a presenza nela de persoal non docente.

### ***c) Organización de actividades extra-escolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno***

Este ano recuperamos por fin a normalidade á hora da organización de actividades como os contacontos de Kalandraka e Xerais ou as distintas excursións (Allariz , Cerceda, Coto Escolar de León, Ozero del Bierzo, O Grove...).

As celebracións anuais do centro seguen a se celebrar con normalidade (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, graduacións de Infantil e de 6º de Primaria).

A enorme cantidade de actividades se pode apreciar na memoria do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

### ***d) Disponibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.***

Todos os **titores e titoras**, así como o profesorado especialista, están dispoñibles para atender ás familias os martes en horario de 16:15 a 17:15 h.

A parte, o **Equipo Directivo** ten as súas horas de atención distribuídas de tal xeito que nas mañás hai en todo momento un membro do equipo dispoñible para atender as demandas das familias.

Tamén queremos, e de feito imos acadando un certo suceso neste sentido, que a **web do centro** se constituía nunha referencia informativa no que atinxe a convocatorias de axudas, prazos de matrícula, menús do comedor escolar... así como unha **páxina de Facebook** que mantén activa a imaxe do centro nas redes sociais.

Tamén queremos sinalar a existencia da **aplicación Abalar Móbil**. Nas reunións informativas ás nais/pais do primeiro trimestre explicóuselles a posibilidade de descargar esta APP no seu dispositivo móbil para estar informado de faltas, notas sobre o comportamento dos fillos, solicitudes de titoría, etc...

En todo caso todas estas aplicacións, páxinas, aulas virtuais e servizos de mensaxería ou videoconferencia, queda establecido o seu uso polo plan de Comunicación do centro.

### ***e) Impulso e posta en marcha de programas de iniciativas de innovación e formación que mellore o funcionamento do centro.***

Tal e como é habitual no noso centro houbo un intenso traballo de formación ao través dun **Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)**. A parte da formación en TEI que atinxiu á metade do claustro, fixemos varios cursos de uso dos materiais e ferramentas do Polo Creativo. Tamén fixemos unha xornada de formación na Radio e fixemos unha formación en creación audiovisual, neste caso todo o profesorado que participou do programa de Nós tamén creamos.

Temos que indicar que este ano continuamos participando do programa Digicraft da fundación Vodafone para a formación de nenos e nenas de 6 a 12 anos en competencias dixitais.

Houbo un apoio para alumnado de infantil e primeiro e segundo ciclo de primaria (Programa Acompaña) que valoramos como moi positivo xa que son moi necesarios e axudan en grande medida ao desenvolvemento curricular do alumnado.

No tocante ás actividades da Biblioteca Escolar achegaremos a información sobre elas no apartado de anexos.

### ***f) Dinamización da atención á diversidade dos alumnos con necesidades educativas especiais.***

Somos centro de referencia para a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais, e iso para nós constitúe todo un reto para **compatibilizar unha atención o máis individualizada posible cos beneficios da inclusión.**

Aos alumnos en escolarización combinada tentamos integralos na meirande parte das horas que se pode facer cunha certa expectativa de integración real.

No resto do alumnado procuramos que os apoios, a non ser nos exercicios de logopedia, se realicen no grupo clase, xa que así consideramos que son máis efectivos e non teñen carga negativa algunha. Cando isto, por razóns organizativas, non se pode levar a cabo, dispoñemos de aulas de apoio onde os grupos de recuperación, agrupados polas características do traballo a realizar con eles, poden realizar as súas tarefas.

Queremos sinalar que non só é o profesorado de PT quen realiza estas tarefas de apoio, senón que calquera hora libre que se atopa nos horarios se adica a apoios, xa que consideramos moi importante o traballo para recuperar na medida do posible o rendimento destes rapaces.

A nivel de Biblioteca continuamos tentando convertela nunha **Biblioteca Inclusiva**, para que o alumnado con dificultades poida acceder nas mesmas condicións que os seus compañeiros aos recursos da biblioteca e contar cunha dotación de fondos especialmente adaptados para eles que fagan máis doada a relación cos documentos escritos. Así seguimos adquirindo libros con pictogramas, libros de lectura doada... Temos que sinalar que o mercado deste tipo de libros é bastante escaso e que, no caso do noso idioma, aínda hai menos produción. Temos a intención de crear audiolibros empregando o equipamento da radio, pero iso terá que ser en vindeiros cursos.

Na mesma liña de avanzar cara á inclusividade está a **senalización inclusiva da biblioteca**, introducindo pictogramas da CDU no lombo dos libros, co que acadamos un nivel de comprensión do seu contido bastante alto con só unha ollada rápida ao exterior do libro.

Por último, queremos sinalar a importancia das **reunións periódicas do profesorado titor co departamento de orientación**. Pensamos que estas reunións, nos casos en que se realizan dun xeito sistemático, facilitan enormemente o traballo na aula e co profesorado de apoio e por iso tentaremos promover que teñan unha periodicidade cando menos trimestral, para acordar as liñas de traballo a seguir polo equipo docente que atende ao alumnado.

Neste mesmo sentido tense falado en distintas reunións de avaliación da necesidade de **sistematizar a consulta dos expedientes do alumnado**, sobre todo para o profesorado de nova incorporación ao colexio, para o que se determinará un calendario de actividades detallado para que durante os primeiros días de setembro, e antes de tomar contacto co grupo clase, o profesorado coñeza as características máis salientables do seu grupo, así como as medidas previas adoptadas polo equipo de avaliación. Este coñecemento previo non quere ir en detrimento da liberdade de cátedra nin das iniciativas do profesorado, pero si que consideramos realmente importante coñecer de primeira man todas as medidas previas tomadas, o resultado das mesmas e as medidas correctoras adoptadas.

Tamén, e para artellar os grupos de apoio, os horarios do profesorado de PT e AL e determinar os obxectivos de accións prioritarios, levaremos a cabo nos primeiros días de clase no mes de setembro unha avaliación inicial de todo o alumnado, para determinar en que medida dominan os mínimos esixibles do curso anterior. Se organizarán, para a recollida destas informacións e a determinación as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas, reunións de avaliación inicial d@s titor@s co departamento de orientación e a xefatura de estudos.

### **g) Outros**

Tal e como sinalamos o ano pasado e se reflectiu xa nesta memoria, a materia de Proxecto Competencial en 5º e 6º de primaria veu recoller en parte o que se impartía na de Libre Configuración, que no noso caso era Alfabetización en Información. Evidentemente isto fai que non todo o alumnado poda acceder a estes contidos que nós consideramos teñen un grande valor educativo.

Tamén, e tal como se sinalou no apartado anterior, queremos **sistematizar as actividades previas ao comezo das clases** durante o mes de setembro, para tentar que o profesorado de nova incorporación coñeza todos os recursos do colexio e comece a usalos dende o primeiro día. Para iso se realizará un calendario de actividades detallado, tal e como se fixo este ano, coas que os distintos equipos iniciarán aos novos compañeir@s e os acompañarán na adaptación ao centro.

Tamén queremos a comezo do vindeiro curso escolar e en colaboración coa ANPA do centro, establecer unha serie de normas de conduta a respecto das **actividades extraescolares** ofertadas ao alumnado.

A proposta da ANPA e de cara ao futuro, se establecerán estas normas que serán de obrigado cumprimento para todos os nenos e nenas que acudan ás actividades, e, no caso de non as cumprir serán excluídos das mesmas, dado que son actividades de asistencia non obrigatoria.

Sinalar que este ano participamos do programa de **almorzos saudables**, algo que queremos continuar nos cursos vindeiros xa que consideramos que é de grande importancia cara á adquisición de hábitos de alimentación saudables.

Tamén este curso comezamos a realizar unha serie de actividades relacionadas cos **hábitos de vida saudables**, incorporando, cando menos unha vez ao trimestre, unha actividade que supoña unha actividade física, como poden ser as andainas que se realizaron polo PDI do Camiño de Inverno.

Por último queremos agradecer ás nais e profesor@s colaboradoras do comedor o seu traballo que garante a calidade dun servizo esencial para o noso centro, e que tan ben valorado está pola nosa comunidade, tal e como o amosa a demanda que ten.

Queremos subliñar o importante **traballo do profesorado** do colexio para manter unha oferta educativa pública de alta calidade.

*MEMORIA FINAL DA ETAPA DE ENSINO INFANTIL****Agrupamento do alumnado e mestres integrantes da etapa:******Mestras titoras e mestras de apoio:***

O noso ciclo está conformado por seis aulas, dúas para cada nivel educativo. A nivel de profesorado, ademais das seis titoras, contamos con dúas mestras de apoio, conformando o noso ciclo oito mestras en total:

- 3 anos A (11 nen@s): Sonia González González (coordinadora do ciclo)
- 3 anos B (10 nen@s): Lorena Rodríguez Martínez
- 4 anos A (14 nen@s): María Nieves Escuredo López
- 4 anos B (14 nen@s): Carmen Otero Rodríguez
- 5 anos A (17 nen@s): Nuria Álvarez Rodríguez (coordinadora de formación)
- 5 anos B (18 nen@s): María Ángela Blanco Calvo , substituta de Cristina Delgado Delgado
- Informática/Alfabetización Dixital, Atención Educativa e apoio: Eva López Rodríguez
- Linguaxe e Expresión Musical, Psicomotricidade e apoio: Raquel Rodríguez Iglesias, substituta de Elisabeth Varela García, á súa vez substituta de Mar Vázquez Seijas.

Este curso comezou cun total de 84 alumn@s. Incorporouse unha nova alumna en 4º de educación infantil. Na aula de 5º de infantil A, cambiou de centro unha alumna. Nas aulas 6º de infantil A e B, cambiaron de centro 1 alumn@ en cada unha delas, e á súa vez, incorporouse 1 alumn@ nov@ máis en cada unha, rematando o curso co mesmo número de alumn@s (84).

***Mestras e mestres especialistas:***

- Orientadora do centro: Natalia Longo González
- Audición e Linguaxe (AL): Francisco de Victorino García e a súa substituta Carmen Barreiro Méndez (mestres integrante do noso ciclo, que asiste ás reunións semanais e, participa nas decisións acordadas) e María Vanesa Diz Vázquez.
- Pedagogía Terapéutica (PT): Ana María Patao García e María del Carmen García Díaz.
- Lingua Inglesa: Miguel Facal Rodríguez, substituto de Beatriz Rodríguez Pérez
- Relixión católica: Mª Socorro Robles Castro

***Plan de adaptación:******Plan de adaptación para o alumnado de novo ingreso de 3 anos:***

Partindo da gran relevancia que ten para o nen@ a maneira que estableza para adaptarse ao contexto educativo, establecemos un conxunto de reunións coas familias e, un trato individualizado con cada nen@, para axudarlle a desenvolver unha adaptación o máis doada posible, respectando os tempos, así como as súas actitudes. Realizamos actividades pracentes para el@s, os primeiros días, así como a adaptación a un conxunto de hábitos e rutinas que nos axudarán a organizarnos en convivencia co conxunto de alumn@s , e sentirmos máis segur@s. Continuamos co **Plan de Acollida** vixente no centro. Nel expónse o protocolo de actuacións relativo a este novo alumnado:

- Mes de marzo: do 1 ao 20, período de admisión e, de portas abertas, previa cita, para visitar as instalacións do centro.

- Mes de xuño: 1ª reunión coas familias, na que se trataron aspectos como: diferenzas desta etapa educativa con outras anteriores, características do noso centro e organización do período de adaptación, orientacións para favorecer a adaptación, servizos que ofrece o centro (transporte, comedor, Madrugadores). Así mesmo, as familias puideron ver un vídeo coas fotos das actividades máis relevantes que se desenvolven no segundo ciclo da educación infantil.
- Mes de setembro: antes de comezar o curso, nova reunión coas familias para coñecer ás titoras/titores dos seus fill@s, darlle as normas xerais de funcionamento do ciclo, funcionamento do comedor e o transporte, comprobar o alumnado recollido polas garderías, a elección da área de relixión Católica ou de Atención Educativa, actualización de alerxias e intolerancias e conversa con elas para recoller toda a información posible. Nesta reunión, tratamos de realizar unha acollida afectuosa das familias, darlle a benvida e amosar unha actitude cálida e de confianza, para que poidan consultar as súas dúbidas e facer as achegas oportunas, co fin de mellorar tanto o seu desenvolvemento individual como a convivencia dos seus fill@s no centro.

O período de adaptación organizámolo seguindo a **Orde do 3 de maio do 2023**, pola que se aproba o calendario escolar para este curso académico. Na mesma orde establécese que **non se poderá prolongar máis alá do día 15 de setembro do 2023** e, garantindo a atención a tempo completo do alumnado que as familias así o solicitaran (neste curso, ningunha familia solicitou dita atención a tempo completo).

#### **Organización:**

- Do día 11 ao 13 de setembro: dividimos a aula en dous grupos, permanecendo na aula durante unha hora e media cada grupo. O grupo 1, dende as 10:00h ata as 11:30h e, o grupo 2, dende as 12:00h ata as 13:30h.
- O día 14 de setembro foi festivo na nosa localidade.
- O día 15 de setembro asistiron os dous grupos xuntos de 10:00h ata as 13:00h e permaneceron na aula durante tres horas.
- A partir do 18 de setembro, os alumn@s de 3 anos, comezaron co horario completo: de 9:45h ata as 13:40h e, pola tarde, de 15:10h ata as 16:10h, empregando os servizos de comedor e transporte escolar.

#### **Valoración do período de adaptación:**

O alumnado adaptouse con facilidade, polo xeral, só dous alumn@s necesitaron algo máis de tempo, nun dos casos ao proceder doutra cultura e non compartir o idioma nin os costumes. Neste curso académico, ao contar cun número menor de alumnado por aula (10 alumn@s), aínda que contamos cun ACNEAE en cada aula, puidemos desenvolver un trato máis individualizado, grazas ás mestras de apoio do ciclo.

A distribución dos apoios, é dicir, que os dous apoios estean coas mestras de 3 anos durante todo o mes de setembro, parécenos necesario, para axudar na aula e para acompañar @s nen@s ao baño, que non está dentro da aula e eles non son autónomos, normalmente, para ir sós.

Entrevistas individuais para as familias de novo ingreso:

A cada familia de novo ingreso repartíuselle, a comezos de setembro, un cuestionario relacionado co desenvolvemento do nen@ a todos os niveis: datos persoais e familiares do alumn@, historia escolar, datos médicos, sensoriais e psicomotrices, sobre a autonomía persoal, datos da vida relacional e social, lingüísticos e cognitivos e características persoais e emocionais. Esta entrevista estivo organizada pola orientadora do centro.

Os cuestionarios debían de ser cubertos e devoltos ao centro durante os primeiros días de clase, dentro dun sobre pechado. Cada familia puido decidir sobre a conveniencia de ter ou non unha entrevista coa orientadora do centro, para tratar máis detalladamente aspectos relacionados con estas preguntas ou calquera outro tema que lles resultara oportuno compartir.

As titoras realizaron a entrevista inicial con cada familia, para coñecerse e compartir a información máis importante, coa intención de adaptar as súas accións, e a do resto do equipo implicado, cara unha educación o máis óptima posible. Esta entrevista recolle tamén información acerca destes temas: hábitos (alimentación, descanso, hixiene, control de esfínteres e vida relacional), nivel madurativo (linguaxe e desenvolvemento motor), saúde, escolaridade, temperamento e talentos d@s nen@s.

A orientadora do centro, expón a necesidade de establecer reunións coas titoras para poñer en común as informacións que as familias expoñen nestas dúas entrevistas.

Durante o mes de setembro, agás as horas dedicadas a impartir linguaxe e expresión musical e psicomotricidade, as mestras de apoio, estiveron apoiando ás titoras de 3 anos, coa intención de favorecer a adaptación do alumnado.

Neste curso acordamos unhas normas para distribuír os apoios en educación infantil:

- No 1º trimestre, priorizamos algunhas horas de apoio nas aulas de 3 anos, a maiores das que lle corresponden a todas as aulas. (Neste curso foron 2 horas máis á semana, así as aulas de 3 anos tiveron 5 horas semanais de apoio, e as de 4 e 5 anos, 3 horas semanais).
- Estas horas de apoio a maiores, poderán durar todo o 1º trimestre se é necesario, ou ben, se as aulas son pouco numerosas, ou se acadara unha adaptación axeitada, antes de rematar este 1º trimestre, poderían reducirse en 3 anos e, distribuírse en función das necesidades do alumnado do ciclo.
- No 3º trimestre, priorizaremos as aulas de 5 anos, para reforzar as BDIB: aproximación á lectura e á escritura e ás prematemáticas.

Utilizaremos as sesións de avaliación para priorizar os apoios en función das necesidades en cada momento. Así:

- No 3º trimestre, cada titora, presentará un listado cos alumnos que necesiten apoio para o vindeiro curso, como se está facendo cando o alumnado pasa ao 1º curso de EP.
- Na avaliación inicial de cada curso, a titora volverá a actualizar a lista de alumn@s que necesiten apoio.
- En xeral, todas as sesións de avaliacións, se terán en conta para reaxustar os apoios e adaptalos onde xurdan as maiores necesidades.
- A escolarización de alumn@s nov@s, tamén pode variar o horario dos apoios en función desas novas necesidades.

- Priorizaremos que os apoios sexan pola mañá, xa que se aproveitarán mellor esas horas, dada a mellor dispoñibilidade do alumnado nas primeiras horas da xornada. Para isto, pedirase á xefatura de estudos que, na medida que sexa posible, coloque as especialidades (música, informática e psicomotricidade) no horario das tardes.
- Normalmente, á primeira hora da mañá, todas as aulas fan a hora da asemblea, pero, se algunha aula, polas súas circunstancias especiais, prefire ter apoio nesta primeira hora, será conveniente telo en conta.
- Ademais destas normas xerais para a distribución das mestras de apoio establecidas no curso escolar 2022-2023, este ano, tivemos unha maior priorización cara a atención a un ACNEAE da aula de 3 anos B, para axudarlle na súa adaptación aos ritmos e rutinas da xornada e das actividades concretas.
- Por outra parte, non estaría demais retomar a acción dos apoios no ciclo, debido principalmente a que neste momento o alumnado presenta problemas de comportamento ou características especiais da conduta en todas as aulas. É dicir, podíamos replantexar que as titoras puideran impartir as horas de informática/alfabetización dixital e esa mestra de apoio puidera permanecer apoiando as aulas que contaran con maiores necesidades, se así o considerara adecuado o equipo do ciclo de anos vindeiros.
- Todo o establecido neste plan de acollida lévase a cabo con calquera nen@ que se incorpore durante o curso escolar, sempre que a familia así o desexe.

### ***Plan de adaptación para o alumnado de 5 anos. Paso a Primaria.***

O plan de adaptación para os nenos e nenas de 5 anos ten como finalidade favorecer o paso a primeiro de Educación Primaria. Para isto:

- Organizamos actividades conxuntas ao longo do curso co primeiro ciclo de primaria: obradoiros conxuntos para celebrar O Samaín, participación na actividade da Convivencia de educación Infantil ou no encontro co escritor Manuel Darriba para presentarnos o seu libro “Pedro, o Piloto de Gaivotas” e realizar un obradoiro.
- Neste mes de xuño, os nen@s de 5 anos visitaron as aulas de primeiro de educación primaria, as aulas de inglés e o pavillón de EF, o comedor ou o novo patio no que van poder xogar para o vindeiro curso.
- A reunión coas familias dos nen@s de 5 anos de paso a primaria (coa orientadora e a coordinadora de primaria) realizárase neste mes de xuño.

### ***Calendario das reunións de ciclo e temas tratados:***

Ao longo de todo o curso, as reunións de ciclo realizáronse todos os mércores, en horario de 14:25h a 15:10h. Tamén houbo algunhas noutra día da semana ou horario, para resolver asuntos urxentes. Os temas tratados seguiron o mesmo guión para todos os ciclos, elaborado polo xefe de estudos do centro, ou ben resultaron do acordado nas reunións da CCP e, ademais, tamén se completaron con outros asuntos propios do segundo ciclo de educación infantil:

- Diálogo sobre a elección de curso escolar e da distribución dos membros do ciclo nos distintos equipos de traballo do centro, realizadas no primeiro claustro de setembro.

- Revisión das normas xerais do ciclo, para entregarlles ás familias, durante os primeiros días de colexio. Estas normas tratan de favorecer a orde e a convivencia no centro: entradas e saídas, faltas de asistencia, roupa cómoda, a necesidade de ter os datos persoais actualizados, así como as intolerancias e alerxias, autorizacións para o cambio de roupa, administrar un medicamento ou, recoller o nen@ por outra persoa autorizada pola familia, principalmente.
- Organización do período de adaptación (coordinar horarios, apoios)
- Organización das filas de transporte e comedor.
- Elaboración da PXA, tendo en conta o D. 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da EI na nosa comunidade.
- Revisión da programación a través da aplicación PROENS. Reaxuste dos criterios de avaliación, debido ao número extenso destes que aparecía na aplicación XADE, coa intención de facilitar a información da avaliación ás familias.
- Actividades propostas polos distintos equipos de traballo do centro: Axenda 21, EDLG e, equipo da biblioteca.
- Propostas e acordos da CCP e do DO.
- Actualización e posta en común dos datos sanitarios relevantes do alumnado (recollidos nas carpetas vermellas de cada aula e, perfectamente documentados, pol@ pediatra correspondente, e, algúns deles recollidos no Plan de Alerta escolar de Galicia).
- Participación nos cursos de formación desenvolvidos no centro: Programa TEI, Polos Creativos, PDI sobre un roteiro alternativo a O camiño de Inverno. Tamén participamos nun curso de primeiros auxilios impartido por dúas enfermeiras do centro de saúde da localidade.
- Creación da Comisión de Vida Saudable, composta por un membro de cada ciclo, coa finalidade primeira de mellorar a alimentación da hora do almorzo (antes ou durante o recreo).
- Organización das actividades conxuntas do ciclo:
  - O Samaín (31/10), obradoiros realizados xunto co primeiro ciclo de primaria. A avaliación da actividade conclúe coa necesidade de diminuír a 8 minutos a permanencia en cada obradoiro. Realizamos a actividade durante a mañá xa que pola tarde non daba tempo a realizala.
  - O Agosto (10/11). Realizada no pavillón de EF. Preferimos desenvolvela no patio, buscando un día da semana acordada que vaia mellor tempo, para aumentar o goce da actividade, que o alumnado poida ver como se asan as castañas e, mellorando a convivencia ao permanecer nun espazo moito máis amplo e ao aire libre.
  - Semana da Muller e a Nena na Ciencia en Galego (26 de xaneiro): realizamos experimentos compartidos entre o mesmo nivel educativo. Estes experimentos realizados polas familias tiveron unha valoración moi positiva para o alumnado e as familias
  - 25 N, celebrado o 24 de novembro, realizamos unha andaina ata un parque da localidade, merendamos alí e @s nen@s xogaron. Valoración: moi positiva, o percorrido



estivo adaptado ás necesidades do alumnado (carriño de bebés dun ACNEAE) e á idade, así como ás súas necesidades de xogar e compartir ao aire libre.

- Visita do Apalpador (13/12). Valoración: moi positiva, dez minutos en cada aula para contarlle de maneira moi resumida quen era. @s nen@s gustoulles moito.
- Festival de Nadal (20 de decembro): neste caso realizouse pola mañá ao igual que o de primaria. Necesitamos mellorar para o vindeiro curso: colocación das familias para que poidan ver @s alumn@s e volver a reflexionar sobre o horario do festival para que poidan velo todas as familias.
- Visita dos Reis Magos (21/12)
- Día da Paz (30/1). Valoración: mellorar os tempos de espera. Conservar a dinámica das actividades, rotar por diferentes núcleos de actividade, algunhas monitorizadas por alumn@s do terceiro ciclo, ao ser actividades cooperativas.
- Semana do Entroido (5-9 /2): ordes do meco e desfile, tamén no pavillón de EF, valoración moi positiva.
- Xornadas de Educación Viaria (11-13/3) organizada pola xefatura Provincial de Tráfico, coa colaboración de Protección civil. Dividida en tres partes: charla de educación viaria, exhibición de medios da garda Civil de Tráfico e circuito de educación viaria. Cunha valoración moi positiva, realizada con moito entusiasmo por parte d@s nen@s, e coa necesidade de seguila realizando no próximo curso, se fora posible.
- Programa de Almorzos Saudables (do 15 ao 22 de xaneiro e do 4 ao 15 de marzo)
- Semana do Libro (do 22 ao 26 de abril), encontro coa autora Antía Yáñez e Mercadiño do Libro Usado.
- Mes das Letras: participación na revista escolar “Trágame Terra 2024”. Durante todo o curso participamos noutras actividades propostas polo equipo da biblioteca: apadriñamentos e amadriñamentos lectores, Os nosos autores en voz alta, Os martes... Conto e Dinochilas ou as mochilas viaxeiras.
- Día da Muller (8/5): baile e almorzo no pavillón de EF todo o cole. Resultou moi divertido, a pesar de desenvolverse nun espazo reducido.
- Saídas á contorna e excursións:
  - 4º curso de EI (3 anos): Centro de saúde (28/5) e Ribeira do Sil (11/6).
  - 5º curso de EI (4 anos): Veterianri@ (20/3) e Cine (12/6)
  - 6º curso de EI (5 anos): Radio (13/6) e Mercado (16/4).
- Visita dunha odontóloga, nai dunha nena de EP do cole (6/5). Visita moi positiva dada a necesidade de concienciar ao alumnado e ás familias sobre a saúde bucodental: lavado axeitado e alimentación.
- Elaboración do calendario de reunións trimestrais coas familias: 1º trimestre: 3 outubro, 2º trimestre: 16 de xaneiro e 3º trimestre: 23 de abril. Retrasamos esta última para informar ás familias sobre A Convivencia de Cholo e Nela e sobre a excursión de fin de curso.
- Elaboración do calendario e das normas das avaliacións dos tres trimestres, así como a introdución dunha **avaliación inicial (25/9)** de cada titoría e especialistas coa

orientadora do centro, segundo se establece no **D. 150/2022, do 8 de setembro**, coa intención de adecuar os procesos de A/E á cada alumn@, adecuando os materiais, horarios, e/ou metodoloxía, para favorecer un proceso individualizado.

- Contacontos ofrecido pola editorial Anaya (10/4)
- Simulacro de evacuación (24/4).
- Visitas das editoriais Anaya, vicens Vives e SM.
- Convivencia de Cholo e Nela (30/5), no colexio Julio Gurriarán, volveu converterse nun día inesquecible, grazas ao traballo e colaboración das comunidades educativas de todos os centros participantes, despois de 4 anos que non puidera realizarse pola COVID. Este ano participou tamén o primeiro ciclo de primaria porque @s alumn@s de 6 a 8 anos, non tiveran a oportunidade de asistir en infantil.
- Excursión de todo o ciclo á Senda Encantada de Cobrana en Congosto (León, 4/6)
- Elección dos libros de texto para o vindeiro curso (mes de xuño). A mestra de relixión seguirá pedindo libro de texto da editorial SM, as titoras elixiron un libro de grafomotricidade para cada un dos niveis educativos (Grafomotricidad Monstruosa, da editorial Anaya. Ademais do libro de inglés que cambiará de editorial, neste caso Macmillan igual que en EP).
- Graduación dos nen@s de 5 anos (18/6) que neste curso tamén se desenvolveu fóra do horario escolar, para favorecer a asistencia das familias.
- Festa de final de curso (20/6). Organizada pola ANPA ( festa de inchables e escuma).

### ***Consecución dos obxectivos xerais do ciclo***

Tod@s @s alumn@s das aulas de 5 anos promocionan a EP.

Das reunións de avaliación dos equipos de nivel coa orientadora, saíron varias propostas para o vindeiro curso en canto aos apoios de PT e AL para algúns alumn@s que o precisan.

En canto aos obxectivos do ciclo, quizais debamos afondar no desenvolvemento das capacidades emocionais e afectivas, cara un maior control das emocións e o respecto dos iguais, as pautas elementais de convivencia, a empatía, a resolución pacífica de conflitos e aceptación das normas dos xogos, valorando a participación e o goce, máis que a competitividade. O Programa TEI ao que está subscrito o centro pode afondar nestes aspectos que consideramos o eixo no desenvolvemento integral e harmónico d@ nen@ e, que polo tanto, axúdalle na súa predisposición cara a adquisición das aprendizaxes. Igualmente, consideramos fundamental o desenvolvemento da autonomía nas actividades habituais, así como a necesidade de reflexión e diálogo sobre a vida da aula, ou sobre calquera tema que xurda no grupo. Así mesmo, fomentamos a necesidade de que cada alumn@ participe na toma de decisións e nos acordos que organizan a nosa vida na aula, que adquira unha actitude reflexiva, ao mesmo tempo que vai conformando a súa propia personalidade e as súas preferencias.

### ***Aproveitamento dos recursos materiais e humanos***

- Durante este curso realizamos un pedido de material á Consellería: mobiliario, bloques lóxicos, bloques de construción, material para o desenvolvemento da linguaxe, xogos simbólicos, equipos de elementos lóxico matemáticos e un equipo de motricidade fina.
- O centro mercou un xogo de madeira para cada aula para que lle regalara O Apalpador.
- No patio quitamos unha casiña de madeira que estaba en mal estado. No seu lugar, puxemos un tobogán que doou unha familia de 5º de infantil.
- O concello arranxou e pintou o mobiliario exterior.
- Cómpre revisar ou retomar os xoguetes que teñen @s nen@s para xogar no patio do comedor, algúns están en mal estado. Conviña decidir se se compran uns xogos de construción grandes e se sería axeitado pedir algúns triciclos ou bicicletas sen pedais ás familias, acondicionando un espazo para elas.
- A maiores, tanto as familias como as mestras, achegamos recursos materiais e persoais concretos a cada núcleo de aprendizaxe. Neste apartado, merece especial atención agradecer ás familias a súa colaboración e presenza en cada escenario de aprendizaxe: achegando os seus coñecementos, colaborando nos proxectos de aula, nos obradoiros da festa do Samaín, nos experimentos do Día da Ciencia en galego, nun baile para o Festival de Nadal, na Convivencia de Cholo e Nela e, nas aulas d@s seus/súas fill@s cando se pedía a súa participación ou se necesitaba das súas experiencias profesionais, culinarias, polos coñecementos compartidos a través das súas viaxes , ou de calquera outro tipo de colaboración que necesitamos.
- As visitas á contorna: queremos valoralas como fundamentais tanto para coñecer os diferentes espazos próximos, como para favorecer a relación con outros grupos de alumn@s, así como favorecer a convivencia entre @s iguais. En todas as visitas que realizamos o persoal sanitario, @s encargad@s do cine, da clínica veterinaria ou o persoal do mercado, e da radio, atendéronnos con moito entusiasmo, preocupándose de que o alumnado aprendera e se sentira a gusto. Na visita ao centro de saúde, as enfermeiras trasladábanos o cambio de actitude d@s nen@s cando volvían coas súas familias por algunha doenza. A súa actitude era de tranquilidade e amizade, sentían maior seguridade e recoñecían que non estaban asustad@s, senón que confiaban na axuda que lle ían prestar e, que necesitaban para recuperarse. Moitas grazas polo bo trato!

### ***Dificultades atopadas neste curso, necesidades para o curso que vén e propostas de mellora.***

- Revisamos as programacións na aplicación PROENS, segundo o D. 150/2022, do 8 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da nosa etapa. Despois deste curso, e tendo en conta a avaliación destas, a través do seguimento das programacións, iremos acomodando estas ás necesidades do noso alumnado, tratando de completalas con experiencias máis enriquecedoras, xa programadas a partir do mes de setembro, así como outras que vaian xurdindo ao longo do curso.
- No primeiro trimestre do curso tivemos un número excesivo de ítems de avaliación que aparecían na aplicación XADE e tivemos que pedir permiso á inspección educativa para

realizar os cambios pertinentes, para reducilos e trasladar unha información máis clara e concisa ás nosas familias.

- Coa Orde do 30 de maio de 2023, que desenvolve a avaliación de EI, saíron uns novos modelos de informes de final de curso e de final de etapa que tivemos que cubrir na aplicación XADE despois de cubrir os boletíns da terceira avaliación.
- Revisar o funcionamento das impresoras e ordenadores das aulas para comprobar que estean en bo estado para o vindeiro curso.
- Patio de recreo: temos dificultades para conseguir que os nen@s coiden o mobiliario, as plantas e os xoguets no patio de recreo. Seguiremos coa premisa de que o mobiliario do patio sexa de boa calidade, trataremos de involucrar máis ao alumnado no coidado dos hortos exteriores e na limpeza e conservación do patio.
- Atendendo ás gardas de recreo, consideramos positivo que estean seis mestres/mestras, para atender a todas as zonas e @s ACNEAE. É imprescindible o reparto de zonas para atender que o alumnado goce no patio, non entre ás aulas, nin ao baño na hora do recreo da mañá, poida ser atendido se se fixera dano, respecte @s compañeir@s e xogue con coidado nas zonas de tobogáns.
- Con respecto á entrevista inicial coas familias por parte da orientadora do centro, como as realizadas polas titoras, consideramos moi importante animar ás familias para que realicen esta actividade, debido á importancia da cantidade e calidade da información transmitida, a favor dunha educación individualizada e personalizada de cada alumn@ e, se fora o caso, para orientar calquera preocupación de cada familia, particularmente, e, para establecer unha relación de confianza entre as familias e o centro.
- Nestes últimos anos, consideramos a necesidade de pedir axuda a profesionais da saúde para reconducir algúns hábitos básicos imprescindibles para mellorar a súa calidade de vida e a súa saúde (alimentación saudable, autonomía nos hábitos básicos, hábitos de descanso, relaxación, uso de pantallas, actitudes de escoita e respecto). Imos intentar potenciar unhas recomendacións básicas dende as primeiras reunións, así como invitar a algúns especialistas, que de forma lúdica, esperten a concienciación das familias sobre a importancia destes hábitos básicos que repercuten enormemente na vida dos nen@s. Outro tipo de actividades que nos poderían axudar neste obxectivo, sería o desenvolvemento de obradoiros por niveis, ou de ciclo, nos que fomentáramos estes hábitos: obradoiros de alimentación saudable, de ioga e relaxación, de lectura dun conto e de descanso duns minutos na aula, de xogos de grupo para fomentar a convivencia e habilidades sociais, potenciando os xogos cooperativos.
- Todas estas necesidades poderían articularse dende a Comisión de Vida saudable que se creou durante este curso e que estará composta por un membro de cada ciclo. Esta comisión pode atender tanto á necesidade de manter unha alimentación saudable como as necesidades emocionais, en coordinación co Programa TEI.
- Gustaríanos continuar co programa PELO en todas as aulas, @ mestres/mestras especialistas en AL, desenvolven un labor específica de cara ao desenvolvemento da linguaxe por parte do alumnado que resulta primordial para o seu desenvolvemento

harmónico, debido a que cada vez máis alumnado precisa de esta estimulación, debido a que as dificultades na fala son cada vez maiores.

- Temos que revisar os obxectivos principais das actividades propostas polo equipo da biblioteca, coa intención de que a posta en práctica destas actividades potencie ao máximo o hábito lector. Necesidade dunha explicación exhaustiva a primeiros do próximo curso @s titores/as e ás familias. Aproveitando o interese que amosa o alumnado da etapa cara á escoita da lectura de contos, ao diálogo sobre estes ou á reflexión ante o argumento de pequenas historias.
- Con respecto á necesidade de axudar aos nen@s que non poden pagar as excursións, o centro faríase cargo destes gastos, coa condición de que as familias aportaran un xustificante realizado por un traballador/a social do concello, que expoña que dita familia non pode facerse cargo de realizar o pago.
- Durante este curso o centro non tivo que pagarlle a excursión nin a Convivencia de Cholo e Nela a ningún Alumn@.
- Para rematar, o equipo do ciclo de EI, queremos agradecer todo o apoio e axuda prestadas polos mestres/as especialistas, a orientadora e a dirección do centro, así como a todos os equipos de traballo que nos brindaron a posibilidade de participar en tantas actividades interesantes para os nosos alumnos e alumnas, así como a dedicación da ANPA. Ademais, gustaríanos resaltar a importancia de seguir creando entre toda a comunidade educativa un clima de traballo e de relación afectuoso e cordial, no que non falte a actitude participativa, comprometida e positiva entre tod@s nós e nosoutras. Todo elo repercutirá no noso benestar e no de todo o alumnado do centro. Grazas a tod@s.

### ***Memoria do ciclo sobre o seguimento da programación na aplicación de proens.***

- Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado
- A necesidade de dedicar tempo ás rutinas e ás conmemoracións implica que ás veces quede limitado para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- O comportamento do alumnado e a falta de atención e autonomía tamén implican que a súa predisposición cara as aprendizaxes sexa máis lento.
- Intentar que as aprendizaxes sexan máis construtivas por parte do alumnado, traendo á aula elementos de estudo que esperten o interese, buscar tamén recursos persoais dentro da comunidade escolar.
- Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo
- En xeral as actividades realizadas no ciclo estimulan ao alumnado e enriquecen a súa socialización. Estas actividades potencian o desenvolvemento global e harmónico dos nen@s (Festa de O Samaín, Convivencia escolar, visitas escolares, saídas para coñecer a contorna ou outras relacionadas coas conmemoracións).
- Existen unha serie de elementos organizativos no ciclo que, ben sexa polas características do alumnado (menor autonomía) ou pola situación das aulas (entrada diferente,

necesidade de ser acompañad@s ao transporte escolar,...) necesitan de maior organización e necesitan tempo e recursos persoais para ser atendidos.

- Propostas de mellora para o seguinte curso
- Usar máis recursos tecnolóxicos nas actividades
- Facer máis propostas sensoriais con recursos variados
- Mellorar a coordinación coa familia
- Seguir facendo máis actividades con outros grupos
- Utilizar técnicas artísticas máis novedosas, usando novos recursos dos polos creativos
- Realizar, ademais das saídas que xa facemos para coñecer a contorna, obradoiros dentro da aula que nos permitan achegarnos máis á realidade na que vivimos
- Adaptar os contidos aos intereses do alumnado
- Fomentar a autonomía do alumnado na procura de información
- Pedir a colaboración das familias para contar experiencias e realizar obradoiros
- Adaptar as actividades ao tempo previsto e aos intereses do alumnado
- Organización dos espazos para que favorezan o xogo libre
- Optimización das actividades á hora de ser planificadas, promovendo unha maior participación do alumnado, máis que procurando un resultado perfecto
- Estreitar lazos entre os distintos membros da comunidade educativa, promovendo unha convivencia positiva.
- Respetar os tempos dedicados ás conmemoracións de centro, para poder desenvolver cada unidade didáctica ou proxecto de traballo sen excesiva préesa.
- Seguir co Programa TEI para avanzar na educación emocional do alumnado: autorregulación emocional, técnicas de resolución de conflitos, relacionarnos como unha comunidade, na que todos os membros atopen o seu sitio e se sintan seguros e respectados.
- Posibilidade de realizar obradoiros intraciclo relacionados coa educación para a saúde, habilidades sociais ou creativos.

## *MEMORIA DO PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA*

### ***Profesorado e compoñentes do ciclo.***

O profesorado que impartiu docencia no 1º ciclo foi:

- Titor 1ª A. Silvia Villamor Saavedra
- Titor 1ºB: Daniela P. Alves da Silva (substituída por Anxela Diéguez Fernández)
- Titora 2º A: González Cubelos, Jose María - 2º A (Substituído por Pérez Fernández, Elena )
- Titora 2ºB: María Nieves Alejandre Lorenzo (coordinadora).
- Mestra especialista en Lingua Estranxeira (Inglés): Mª Mercedes Gallego Delgado. Impartiu Inglés en todos os cursos do ciclo ademais Plástica nas aulas de 2º curso (A e B)

- Educación Plástica impartida nas dúas aulas de 1º en Lingua Estranxeira (Inglés): Beatriz Rodríguez Pérez, substituída por Miguel Anxo Facal Rodríguez.
- Educación Musical: Raquel Otero Carpenté
- Educación Física: Juan Andrés Cotarelo González.
- Relixión: M.ª del Socorro Robles Castro.
- Audición e Linguaxe: M.ª Vanesa Diz Vázquez (AL) Francisco de Victorino García.
- Pedagogía Terapéutica: Elisa Puente Murias
- Orientadora: Natalia Longo González.

Os mestres adscritos a este ciclo son os que seguen: o profesorado titor, Elisa Puente Murias (PT), a mestra especialista en Lingua Inglesa (Mercedes Gallego) e o xefe de estudos e responsable da Biblioteca escolar (Xoaquín C. Freixeiro Álvarez)

### ***Calendario de reunións e temas tratados.***

As reunións do 1º ciclo realizáronse os martes en horario de 14:25 a 15:10h. de forma presencial nunha das aulas do ciclo. Nelas tratáronse temas relacionados co desenvolvemento do curso e problemáticas puntuais de diversa índole. Entre os temas tratados estiveron os seguintes:

- Preparación das probas de avaliación inicial.
- Preparación das reunións de inicio de cada trimestre coas familias.
- Elaboración da PXA.
- Elaboración e revisión das programacións correspondentes ao 1º ciclo na aplicación de PROENS.
- Establecemento dos obxectivos de ciclo e organización dos apoios en colaboración co Equipo de Orientación.
- Actividades organizadas desde a Biblioteca Escolar: lectura silenciosa na aula e organización de horarios e grupos para asistir á biblioteca, mercadiño de libros... Estas actividades tiveron como obxectivo favorecer a expresión e comprensión lectora así como o fomento da lectura tanto en pequenos como en adultos.
- Organización e preparación de diversas conmemoracións e festividades escolares: Samaín, Magosto, 25 N, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,...
- Participación en concursos diversos.
- Participación no PFPP (Liña TEI e liña Polo Creativo)
- Participación na Revista escolar Trágame Terra.
- Selección e avaliación dos materiais empregados no ciclo.
- Avaliacións: posta en común para a organización e realización das mesmas (documentos, procedemento, establecemento de quendas).
- Libros de texto: acordouse seguir con libros globalizados no 1º curso( máis un libro de comprensión lectora) e no 2º escoller un libro por materia curricular.
- Valoración das diferentes actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo durante o curso.

- Achegas do ciclo á memoria do curso 2023-2024.

### Actividades

Os compoñentes do ciclo formaron parte dos diferentes Equipos do centro, acudindo as reunións dos mesmos e participando nas actividades que se propuxeron co fin de acadar os obxectivos propostos. Os equipos foron os seguintes:

- Equipo da biblioteca.
- Axenda 21
- DLG (Equipo Dinamización da Lingua Galega)

Todo o ciclo estivo mergullado na organización e participación en todas as conmemoracións do centro: **Samain** (31 de outubro: xogos no pavillón xunto con educ. Infantil, exposición de cabazas decoradas polos corredores e túnel do terror), **Magosto** (10 de nov. Indulto da castaña), **Ciencia en galego**, **Nadal** (festival no pavillón ás 11:00h- visita SSMM Reis Magos o 21 de dec.), **Día da Paz** (30 xan. Xincana contra a guerra en Palestina), **25N** (Vestidos de negro, con cartoliñas violetas facer o símbolo da muller en grande pintado no chan do patio. Elaboración de chapas conmemorativas para o 24 N para levar na andaina ata Viloiroa), **Entroido** ( Xoves de Compadres e Comadres con Mecos feitos nas propias aulas e agochados no patio; e na semana do Meco disfrazándonos cada día segundo indicaban as Ordes e desfile de Entroido o 9 de feb. coa temática: ODS), **Día de Rosalía** (23 de feb), **8M** (pintado de camisetas e merendaina saudable, ao final no pavillón por mor do mal tempo), **Letras Galegas** (adiado ao 21 de maio- canto do himno galego no patio, estrofa por ciclo- publicación da revista Trágame Terra)...

- Actividades de fomento e estímulo da lectura:
- Lectura silenciosa
- Participación das aulas de 1º e 2º curso na “Olimpíada do Saber”.
- Participación do alumando de Proxecto Competencial na actividade dentro de Plan Proxecta “Nós tamén creamos”
- Participación na elaboración da revista escolar “Trágame Terra”.
- Obradoiro de nutrición “Garavanciño come saniño” (29 set. 2º A, 10 out. 1º A, 20 out. 2ºB e 7 nov. 1º B).
- Actuación Abertal (26 de setembro)
- Obra de teatro “A nena que vivía nunha caixa de mistos” (2º Primaria- 29 set.)
- Visita a castañas Rafael (8 nov.)
- Polo San Martiño peóns ao camiño.
- Programa de almozos saudables (1ª quenda do 15 ao 26 xan-, 2ª quenda do 4 ao 15 de marzo)
- Semana da muller na ciencia (22- 26 xan. Xincana de experimentos presentados polas titoras).
- Actividades de Educación Viaria (do luns 11 ao mércores 13 de marzo).
- Obradoiro de Educación bucodental ( 15 marzo).
- Actividade proposta polo Concello “Xogando a reciclar” no teatro Lauro Olmo (18 de marzo)
- Gravación de Podcast.



- Animación á lectura con Paco Nogueiras (editorial Kalandraka para 1º curso o 20 de marzo)
- Contacontos cortesía da editorial Anaya (10 abril).
- Participación no mercadiño de libros (Día do libro- do 23 ao 27 abr.)
- Andaina (tramo do Camiño de Inverno- 25 abr.)
- Educación viaria (Garda Civil 3 e 4 de maio).
- Presentación do libro de Manuel Darriba, “Pedro, o piloto de gaivotas” e taller de ilustración co autor e a ilustradora Aida Alonso. (23 de maio).
- Convivencia de Educación Infantil “Cholo e Nela, camiño de ida e volta” (30 maio).
- Excursión a Allariz (Museo do xoguete, Museo do coiro e Festival Internacional de Xardíns).
- Presentación no Teatro Lauro Olmo das curtas de animación creadas dentro do Plan Proxecta “Nos tamén creamos (6 xuño). Ao día seguinte proxección no salón de actos do colexio.
- Charla Mel de Galicia (13 xuño).
- Charla sobre Residuos e reciclaxe (1º curso- 14 xuño).
- Durante todo o curso participamos nas actividades da Axenda 21 (participación na recollida selectiva de papel e plástico, polas dependencias do centro, nas tarefas de mantemento e replantación do horto aromático, no horto ecolóxico (removida de terra para a posterior reforma do mesmo),e hortos exteriores (reorganización e mantemento).
- Participación no reciclado de tóner e na recollida de tapóns de plástico e pilas.
- Participación na elaboración de adornos do nadal empregando material de refugallo. Os adornos foron colocados nos corredores do centro.

### ***Aproveitamento de medios e recursos***

En liñas xerais, cremos que o nivel de uso dos medios e recursos do noso centro tanto por parte do profesorado como do alumnado foi bastante satisfactorio, se ben é certo que quizais poderíamos empregalos máis e mellor se o profesorado se implicase en maior medida na formación para o manexo/uso dos diferentes recursos (se coñecemos o protocolo de uso dos recursos e o aproveitamento que se pode facer deles, de seguro que os incluíríamos máis a miúdo na nosa práctica diaria nas aulas).

- Entre todos os recursos, destaca sen dúbida, a biblioteca lugar para servizo de empréstitos, de consulta ou investigación, de ludoteca nos recreos, de espazo de realización de actividades múltiples (presentacións, charlas, contacontos...).
- Do mesmo xeito, destaca tamén a aula de Polos Creativos, empregada para facer entre outras cousas a curtametraxe de Fiz o Coleccionista de medos, elaboración de murais para a convivencia...
- Outros espazos utilizados foron os tres hortos do centro (ecolóxico, aromático e botánico). Usáronse principalmente nas horas adicadas a Proxecto Competencial.

### ***Avaliación dos apoios***

Os apoios realizados nas nosas aulas durante este curso foron de varios tipos:


- Apoios feitos polos especialistas de PT e AL imprescindibles na práctica educativa diaria nas nosas titorías.
- Apoios internivel por parte do profesorado titor de A en B e viceversa.
- Apoios dentro da aula, por parte da persoa encargada do PROGRAMA ACOMPAÑA.

Consideramos que no presente curso a distribución dos apoios no 1º ciclo foi bastante equitativa con respecto ás necesidades presentes nas nosas aulas, se ben é certo que se tiveron que facer varios reaxustes debido á incorporación de novo alumnado, incluso a finais deste último trimestre.


Valoramos positivamente o feito de que o especialista de PT faga grupos con nenos e nenas das diferentes aulas do noso ciclo con características e necesidades semellantes.

### ***Medidas correctoras de cara ao curso 2023-24.***

- Queda pendente establecer na PXA unha saída á contorna viable para o 2º curso de educ. Primaria posto que se suprimiu á das estacións de medios de transporte.
- Este curso, debido ás inclemencias do tempo, quedou sen facer por 2º curso a visita ao Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, quizais se podería contemplar a posibilidade de facela a comezos do curso que vén no seguinte curso.
- No primeiro ciclo coincidimos unánimemente na necesidade de repetir o simulacro de incendio sen previo aviso nin a mestres, nin a alumnado nin a familias, para comprobar realmente se en circunstancias imprevistas somos capaces de facelo igual de ben coñecendo o protocolo.
- Consideramos excesivo o número de actividades e conmemoracións que se realizan ao longo de todo o curso e que sobre todo se concentran a finais desde último trimestre. Ás veces resulta difícil contextualizar no currículo e darlles a maior significatividade posible para os rapaces a algunhas das actividades porque se desenvolven a destempo. Igual deberíamos tratar de encaixar algunhas na medida do posible cos centros de interese que se traballan. Cada conmemoración, festividade... conleva moitas sesións, traballo e reunións para organizalas de antemán.



**Resultados da avaliación final de 1º de primaria**



**Resultados da avaliación final de 2º de primaria**

*MEMORIA DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA*

**Compoñentes do ciclo**

Os mestres que imparten docencia no 2º ciclo de primaria son os seguintes:

- Titora 3ªA: Rut López Fernández. Substituída por Iria López Barro dende decembro de 2023 e esta substituída á súa vez por Natalia Cid (mes de maio).
- Titora 3ªB: Mª Pilar Santás Rodríguez.
- Titor 4ªA: Tomás Castro López.
- Titora 4ªB: Manuela Álvarez Lana.
- Inglés: Mª de las Mercedes Gallego Delgado.
- Auxiliar de conversa: Kevin McVey.
- Música: Raquel Otero Carpenente e Xoaquín Freixeiro Álvarez.
- Relixión: Mª del Socorro Robles Castro.
- Plástica: Tomás Castro López.
- Profesorado de PT: Ana María Patao García, Bonifacia Álvarez González, Mª Nieves Fernández Dobarro e Mª Carmen García Otero.
- Profesorado de AL: Francisco de Vitorino e Mª Vanesa Diz Vázquez.
- Programa Acompaña: Silvia Pereira Álvarez.

Os mestres adscritos a este ciclo son os que seguen: o profesorado titor, Mª del Socorro Robles Castro (Relixión), Mª Carmen García Fernández (apoiio), Raquel Otero Carpenente, (Música), Ana Mª Patao García e Silvia Pereira Álvarez (PT do Programa Acompaña) e Modesto Rodríguez Centrón (mestre de E.F. e Coordinador).

### ***Calendario de reunións e temas tratados***

As reunións do 2º ciclo realizáronse os mércores en horario de 14:25 a 15:10h. de xeito presencial. Nelas tratáronse temas relacionados co desenvolvemento do curso e problemáticas puntuais de diversa índole.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Preparación das probas de avaliación inicial.
- Preparación das reunións de inicio de cada ciclo coas familias.
- Modificación e discusión de programacións.
- Estabelecemento dos obxectivos de ciclo e organización dos apoios en colaboración co Equipo de Orientación.
- Organización e preparación de festividades escolares: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas.
- Participación en concursos diversos.
- Participación no PFPP.
- Participación na Revista escolar Trágame Terra.
- Avaliación dos materiais traballados no ciclo.
- Memoria do curso 2023-2024 correspondente ao Segundo Ciclo.

### ***Actividades***

Como cada ano intentamos participar naqueles concursos que se axustaban á nosa programación.

Actividades extraescolares e complementarias nas que participamos:

- Obradoiro de nutrición: *Comendo cores* (4º de Primaria).
- Sesión de cine no Teatro Lauro Olmo: A nena que vivía nunha caixa de mistos. 3º de Primaria.
- Algún alumnado do ciclo participa no Programa Camiño Escolar Seguro.

- Visita ao Concello (4º de primaria).
- Obradoiro de nutrición: *Garavanciño come saniño* (3º de Primaria).
- Celebración do Samaín: exposición de cabazas decoradas, *Photocall* e proxección de películas terroríficas.
- *Polo S. Martiño peóns ao camiño*: xunto co resto do centro bailamos os peóns á hora do recreo.
- Magosto: celebramos un xantar de magosto típico comendo empanada, bolos preñados e, por suposto, castañas asadas.
- Charla sobre o Parque Natural valdeorrés da Serra da Enciña da Lastra.
- Visita á Cooperativa Vitivinícola Vinos Barco (4º de Primaria).
- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.
- Nadal: Participación no Festival de Inverno e na visita dos Reis Magos.
- Programa Almorzos saudables (froita e leite nos recreos). En dúas quendas de 10 días lectivos.
- Obradoiro de Primeiros Auxilios *Pupas, sustos e outros desgustos*.
- Experimentos Semana da Ciencia.
- Día da PAZ.
- ENTROIDO: Participamos nos Xoves de Compadres e Comadres, na Semana do Meco e máis no Desfile de Entroido.
- Visita guiada á Exposición Castelao Grafista (4º de Primaria).
- Programa TEI de Titorización entre Iguais: almorzo TEI e diversos actos máis ao longo do curso (3º curso).
- Visita á Oficina de Correos (3º de Primaria).
- Plantación de árbores nun monte queimado polos incendios (4º de Primaria).
- Día Internacional da Muller: fixemos camisetas pola igualdade e pancarta colectiva co lema: *Por unha igualdade infinita*.
- Xornadas de Educación Viaria. Desenvolvidas no pavillón e patio do colexio pola Garda Civil de Tráfico e Protección Civil.
- Celebración de San Patricio.
- Obradoiro de Educación Bucodental.
- Encontro coa autora Antía Yáñez (4º de Primaria).
- Andaina polo Camiño de Inverno.
- Mercadiño na Festa dos Maios (4º de Primaria).
- Excursión a Ozero del Bierzo.
- Obradoiro de técnicas de radio e vocalización (4º de Primaria).
- Curtas de animación *Nós tamén creamos* (4º de Primaria).
- Acampada no pavillón do colexio (4º de primaria).
- Festa de Inchables e da escuma, organizada pola ANPA Calabagueiros do noso centro.
- Dentro das actividades promovidas pola Axenda21, participouse:
  - Recollida selectiva de plástico, material orgánico e papel nas aulas.
  - Recollida de tapóns de botellas con fins solidarios (en colaboración coa Fundación SEUR).
  - Indulto da castaña.
  - Colaboración xunto con outros ciclos do colexio na organización dos hortos ecolóxico, aromático e botánico.
- *Podcast* na Radio Escolar.
- Conmemoración do Día do Síndrome de Down.

- Participación nas actividades propostas polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca ao longo do curso:
  - Clubs de lectura.
  - Lectura dos venres.
  - Olimpíada do saber.
  - Ciencia en Galego.
  - Letras Galegas.
  - Programa Radio na Biblio.
  - Revista escolar: Trágame Terra.
  - Mercadiño do libro usado.

### ***Aproveitamento de medios e recursos***

Os alumnos aproveitaron ao longo do curso os medios e recursos dos que dispón o centro.

- Entre outros, destaca o uso da biblioteca para servizo de préstamos, de consulta ou investigación e como sala de xogos de mesa.
- Emprego do encerado dixital de aula.
- Outros espazos utilizados foron os tres hortos interiores do centro (ecolóxico, aromático e botánico) e tamén os do patio exterior.
- Nas aulas contamos con ultraportátiles que utilizamos en función das necesidades (aínda que non son suficientes para todo o alumnado de 4º).
- Utilizouse tamén a aula de Polos Creativos para diferentes proxectos, así como o laboratorio de radio.
- Ademais, o alumnado de 3º de Primaria inaugurou o programa T.E.I. (Titorización Entre Iguais), sendo titorizado polo alumnado de 5º.

### ***Nivel de consecución dos obxectivos***

Xa dende hai anos vimos notando o descenso que presentan os rapaces en canto ao nivel de autonomía á hora de realizar as actividades individuais. Como proposta para reforzala este curso dentro da aula seguimos mantendo actividades e tempos concretos:

- Desempeño de responsabilidades dentro da marcha da clase: Control de faltas, de recollida selectiva, silencio, subida e baixada de persianas, regado de plantas, acendido e apagado de luces, escribir a data no encerado, control de saídas ao encerado moi esporadicamente, responsabilizalos de control de datas límite de entrega de traballos dentro da aula e para os distintos concursos.
- Realización de correccións comunitarias.
- Investigación de contidos en libros, enciclopedias e soporte dixital para elaborar proxectos.
- Inclusión dunha hora de titoría semanal para resolución de problemas, inquedanzas, corrección de condutas e aspectos a mellorar para a seguinte semana.

### ***Dificultades atopadas***

A falta de autonomía dalgúns alumn@s, mencionada no anterior apartado, provoca neles gran inseguridade á hora de realizar as tarefas individuais, o que provoca dificultades importantes ao dinamizar as clases.

Tamén detectamos problemas no ciclo de atención e respecto aos iguais así como ao profesorado. Hai tamén problemas de convivencia e relación nos recreos e dificultades nos xogos de equipo (sobre todo no fútbol).


**Avaliación dos apoios**

Os apoios realizados foron de varios tipos:


- Apoios feitos polas especialistas de PT e AL imprescindibles na práctica educativa diaria nas nosas titorías.
- Apoios internivel por parte do profesorado titor de A en B e viceversa, en 3º de Primaria.
- Apoio doutro profesorado.
- En outubro comezouse co Programa Acompaña para alumnado con distintas dificultades.
- Grupo de Adquisición de Linguas para o alumnado de 4ºA recentemente chegado, sen dominio da lingua.

**Medidas correctoras de cara ao curso 2024-25**

- Seguir afondando en actividades que melloren a autonomía, a atención, o respecto e a convivencia.
- Continuar coa coordinación dentro do ciclo, co resto dos ciclos e co departamento de Orientación.
- Manter a periodicidade das entrevistas coa orientadora ao longo do curso, para facer un seguimento máis exhaustivo do grupo e de cada alumno/a individualmente.
- Traballar as habilidades sociais e fórmulas de cortesía para mellorar a convivencia.
- Reunións cos pais ao inicio de cada trimestre.
- Titorías individuais ao longo de todo o curso.



**Resultados da avaliación final de 3º de primaria**



**Resultados da avaliación final de 4º de primaria**

**MEMORIA DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA**

**Introdución**

O equipo do 3º ciclo, que agrupa a todos os mestres que imparten docencia no mesmo, é o órgano de coordinación docente básico encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

**Compoñentes do ciclo**

- Titora de 5ºA: Cotarelo González, Juan, compartindo con Raquel Otero Carpenente
- Titora de 5ºB: Esther Pol Álvarez
- Titora de 6ºA: Manuel Joaquín Otero Triñanes, como substituta Concepción Martínez Rubianes
- Titor de 6ºB: Efrén Guede Otero
- Mestras especialistas en PT: María del Carmen García Díaz
- Mestra especialista en Lingua Estranxeira, Inglés: María Beatriz Rodríguez Pérez, como substituto Miguel Anxo Facal Rodríguez
- Mestre especialista en Educación Musical e Proxecto Competencial: Freixeiro Álvarez, Xoaquín

Periodicamente contamos, nas reunións de ciclo, coa presenza da orientadora, Natalia Longo González.

Outro profesorado que intervén no ciclo:

- Mestre especialista en Educación Física: Rodríguez Centrón, Modesto
- Mestres especialistas en PT: Bonifacia Álvarez González, María Nieves Fernández Dobarro
- Mestras especialistas en AL: Francisco Manuel Losada Rodríguez, María Vanesa Diz Vázquez



- Mestra de Relixión Católica: Robles Castro, M<sup>a</sup> del Socorro

### ***Calendario de reunións e temas tratados***

O profesorado adscrito ao 3º ciclo de Educación Primaria mantivo reunións cunha periodicidade semanal.

Estas reunións tiveron lugar habitualmente os martes de forma presencial en horario de 14:25h a 15:10h, agás no período no que o coordinador estivo de baixa, que se cambiaron ós mércores no mesmo horario. Nelas tratáronse temas relacionados co desenvolvemento e a planificación do curso e problemáticas puntuais de diversa índole.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir ao longo do curso.
- Coordinación entre os membros do ciclo.
- Reunións de coordinación co profesorado dos outros ciclos da etapa.
- Preparación das reunións de inicio de cada ciclo coas familias.
- Formulación de propostas ao equipo directivo relativas á elaboración da PXA.
- Elaboración da programación didáctica do ciclo.
- Establecemento dos obxectivos de ciclo e organización dos apoios en colaboración co Equipo de Orientación.
- Preparación das probas de avaliación inicial.
- Selección e organización de actividades complementarias e extraescolares.
- Organización das conmemoracións educativas sinaladas polo calendario educativo.
- Avaliación das actividades complementarias e extraescolares.
- Participación en concursos diversos.
- Participación no PFPP de SEMGAL.
- Participación no Proxecto "Digicraft no teu cole".
- Avaliación dos materiais traballados no ciclo.
- Información sobre as datas e horas das sesións de avaliación de cada trimestre.
- Participación nas actividades do centro.
- Participación nos diferentes plans, proxectos e programas implantados no centro.
- Decisión sobre a participación en diferentes actividades así como en plans e proxectos.
- Propostas para incorporar ás NOF.
- Preparación da reunión co xefe do Departamento de Orientación do centro e co Equipo Directivo do IES Lauro Olmo, centro ao que estamos adscritos.
- Reunión coa xefa de estudos do IES Lauro Olmo para falar do alumnado que remata ciclo.
- Realización da memoria final de ciclo.

### ***Desenvolvemento do curso***

#### ***Actividades dentro da aula ou do centro***

Como cada ano participamos naquelas actividades que se axustaban á nosa programación.

- Celebración do Samaín (30 de outubro): visionado de historias terroríficas, concurso de disfraces, cabazas, vasoiras...
- Magosto (10 de novembro): celebrámolo no patio facendo o tradicional magosto con bullotes asados, chourizos e bica.
- Charlas temáticas.
  - Charla sobre o Parque Serra Enciña da Lastra o 17 de novembro
  - Charla prevención da violencia de xénero 10, 12, 15 e 17 de xaneiro
  - Charla TEI para os 5º 15 de febreiro
  - Ecopreguntoiro para os 6º o 15 de febreiro.
  - Charla medioambiental (Axentes forestais) 27 de febreiro
  - Charla II sobre o Parque Serra Enciña da Lastra o 22 de marzo
  - Charla Plan Director 30 de abril
  - Charla Xogos Populares 6 de maio
- Dentro das actividades promovidas pola Axenda21, participouse:
  - Recollida de tapóns de botellas con fins solidarios (en colaboración coa Fundación SEUR).
  - Proxeccións do ECOCINE.
  - Colaboración xunto con outros ciclos do colexio na organización dos hortos ecolóxico, aromático e botánico. En horario de alternativa, principalmente.
- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro) canción e coreografía, lectura de manifesto, mensaxes do alumnado... E figura do símbolo da muller cos corpos de todo o alumnado do centro no patio.
- Nadal: Festival e adorno das árbores do patio con motivos de Nadal. Tamén a visita das nosas maxestades, os Reis Magos de Oriente e o Apalpador (mes de decembro).
- Día da PAZ (30 de xaneiro): fixemos especial mención a este día cun mandala xigante no patio que pintaron entren todos os nenos do centro, decorando con debuxos e frases.
- ENTROIDO
  - Participamos nos Xoves de Compadres e Comadres (con Mecos feitos e agochados no patio) e na semana do Meco (disfrazándonos cada día segundo indicaban as Ordes do Meco).
  - Entroido Popular (con temática libre). O 9 de febreiro.
- Día Internacional da Muller 8M. Celebramos unha “Merendaina”
- Participación no Programa Digicraft en tu cole en coperación coa fundación Vodafone España 5º curso
- Graduacións de E. Infantil e E. Primaria. 18 e 19 de xuño respectivamente.
- Participación nas actividades propostas polos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca ao longo do curso:
  - Clubs de lectura.
  - Lectura colectiva despois de comer.
  - Olimpíada do saber.
  - Ciencia en Galego.

- Proxecto “O patio que nós queremos” .
- DinoRadio.
- Revista escolar: Trágame Terra especial

### **Actividades fóra do centro**

Saídas e visitas extraescolares:

- Saída Camiño Escolar Seguro 5 de outubro
- Andaina polo 25N o 24 de novembro.
- Saída adega Godeval, Mosteiro e igrexa de Xagoaza 17 de outubro
- Saída plantación de árbores 28 de febreiro
- Intercambios Escolares Eixo Atlántico 10-11 abril (Visita a Vila real 20 alumnos de 5º e 6º)
- Excursión fin de curso 6º ao Grove. 17-19 de abril
- Teatro en Inglés “A Class Act” 5º e 6º o 23 de abril
- Andaina Pazo do Castro do alumnado de 6º, o 25 de abril camiño de Santiago alternativo
- Intercambios Escolares Eixo Atlántico 8-9 de maio (Visita o Barco de Valdeorras 20 alumnos de 6º Vila Real Diogo Cao)
- Excursión fin de curso 5º o Coto de León 15-16 de maio
- Saída o Parque Natural Serra Enciña da Lastra 24 de maio
- Parque acuático de Cerceda 6º, o 13 xuño
- Visita ao Eroski “Mates no teu super” 5º 17 de xuño.
- Visita o Instituto Lauro Olmo 6º, 17 de xuño

### **Valoración xeral do curso**

Temos que facer unha valoración negativa do curso, sobre todo no último curso do terceiro ciclo. O comportamento, a educación, o traballo e interese do alumnado foi diminuindo progresivamente. A actitude preadolescente do alumnado, que denota desinterese polos estudos así como mal comportamento, dificulta manter un bo clima de aula e desenvolver as programacións con éxito. Moitas veces traen as tarefas sen facer, non presentan os traballos que se lles encomendan e a participación nas aulas non é moi alta. É moi complicado facer saídas fóra do centro con eles posto que non se saben comportar debido á falta de educación e normas na casa.

Tamén valorar o feito de que a modificación da xornada continua a favorecer a aparición de conflitos nos períodos de lecer, sobre todo no que vai seguido a hora do comedor.

No que respecta o curso de 5º a valoración é mais positiva, sen embargo hai que continuar traballando a boa convivencia tanto a nivel de aula coma en todo o contexto educativo e fomentando o traballo, a capacidade de esforzo e a actitude fronte o estudo, hábitos e intereses que se están perdendo cada vez máis.

### **Propostas de mellora**

Unha vez rematado o curso escolar, podemos considerar que os resultados obtidos polos alumnos dos diferentes niveis do ciclo foron en xeral, non satisfactorios.


Da análise dos resultados académicos, prodúcese a reflexión da que se ben este grupo de alumnos/as que pertencen ao 3º ciclo de educación primaria mellorou na adquisición dos diferentes contidos e procedementos por medio do traballo coas competencias clave, cabería

esperar un mellor resultado en autonomía, reflexión, comprensión e expresión (tanto oral como escrita), razoamento e cálculo. Así mesmo, en moitos casos observamos que hai moitas carencias no hábito de traballo, estudo e capacidade de esforzo.


O traballo levado a cabo, a pesar dalgunhas melloras, deixa unha necesidade de continuar na mesma liña, pois o alumnado amosa certo grado de falta de autonomía, que a pesares, da mellora na adquisición da mesma, fai preciso continuar cunha serie de procedementos, parte dunha metodoloxía onde os traballos en grupo, as lecturas globalizadas e os pequenos debates, na medida do posible, son posibles actividades que poden axudar ao alumnado a salientar estas dificultades.

Outro aspecto a mellorar sería a falta de reflexividade que amosa o alumnado en xeral, así como a falta de atención acentuada polo uso abusivo de pantallas e a pouca comprensión lectora que dificulta á súa vez a resolución de problemas.

En canto ás familias de alumnos, teremos que mellorar as canles de comunicación de cara a acadar unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe e reforzar a diario o traballo comezado no colexio. Na liña de acadar unha comunidade educativa queremos que participen con asiduidade da vida do centro, e que xuntos, traballando na mesma liña, academos o noso obxectivo principal que non é outro que ofrecer o mellor servizo educativo de cara á mellora dos resultados do alumnado



Resultados avaliación final 5º curso



Resultados avaliación final 6º curso

MEMORIA DO DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

**Compoñentes do Departamento**

O presente curso foi constituído o Departamento de Orientación (DO) cos seguintes integrantes:

Profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT)	Bonifacia Álvarez González Mª Nieves Fernández Dobarro Mª Carmen García Díaz Ana Mª Patao García Silvia Pereira Álvarez (Programa Acompaña) Elisa Puente Murias
Profesorado de Audición e Linguaxe (AL)	Francisco de Vitorino García Vanessa Diz Vázquez
Responsables da coordinación	Ensino Infantil: Sonia González González 1º ciclo de EP: María Nieves Alejandre Lorenzo 2º ciclo de EP: Modesto Rodríguez Centrón 3º ciclo de EP: Juan Andrés Cotarelo González
Xefa Dpto de Orientación	Natalia Longo González

Sinalar que o mestre de Audición e Linguaxe, Francisco de Vitorino García, estivo de baixa, sendo substituído por Andrea Pérez Pérez e, á súa vez, por Carmen Barreiro Méndez.

Tamén dúas mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica estiveron de baixa médica. No caso de Ana Mª Patao García foi substituída por Bonifacia Álvarez González, que pasou de ter contrato de media xornada a xornada completa. No caso de Elisa Puente Murias, estivo de baixa, sendo substituída por Francisco Losada Rodríguez.

## **Calendario de reunións**

### ***Reunións do Departamento de Orientación***

Ao longo deste curso académico celebráronse as reunións programadas na primeira reunión do departamento, necesarias para o bo funcionamento e para a correcta coordinación da totalidade dos membros do departamento.

Como regra xeral as reunións realizáronse o segundo luns de cada mes de 14:25 a 15:10 horas. Nas respectivas actas constan os asuntos tratados e os acordos tomados.

Non foi preciso convocar ás reunións do DO ao Persoal Auxiliar Coidador (PAC) posto que non se abordaron temas directamente relacionados co alumnado que atenden. Porén si se mantiveron xuntanzas entre o PAC, docentes e xefa do departamento co fin de establecer as liñas de actuación con determinados alumnos/as e co fin de reorganizar os seus horarios ao producirse novas incorporacións de alumnado atendido por elas.

### ***Reunións de coordinación entre o profesorado de apoio e orientadora***

Tamén se levaron a cabo reunións entre o profesorado de apoio e a orientadora. Procurouse que estas tiveran unha periodicidade, cando menos, mensual e celebráronse o segundo martes de cada mes de 14:25 a 15:10 horas. Nas respectivas actas constan os asuntos tratados e os acordos tomados.

Non sempre puideron ser levadas a cabo, mais realizáronse numerosas xuntanzas informais entre a orientadora e o profesorado de apoio sempre que se considerou necesario.

### ***Reunións do profesorado titor/a/profesorado de apoio /orientadora***

As reunións co profesorado titor e/ou especialista realizáronse no recreo ou ben durante as horas de garda do profesorado nunha data acordada previamente e tamén fóra do horario escolar. Habitualmente os temas tratados referíanse á marcha do grupo ou dalgún alumno/a en particular. En numerosas ocasións ao longo do curso o profesorado de apoio e/ou a orientadora asistiron a titorías presenciais con algunha familia a petición do/a titor/a para falar dalgún neno/a.

### ***Reunións do persoal auxiliar coidador e a xefatura do departamento***

Sempre que foi preciso, realizáronse reunións entre a orientadora e o persoal auxiliar coidador, co fin de dotar de pautas e concluír as axudas técnicas necesarias para favorecer a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) na lista das coidadoras.

### ***Reunións semanais de ciclo***

O profesorado especialista de apoio asistiu ás reunións semanais do ciclo de Educación Infantil ou Primaria, segundo ao ciclo ao que estiveran adscritos. A orientadora foi rotando alternativamente por todos os ciclos. O segundo martes de mes o profesorado de PT e AL, mais a orientadora, non asistían, pois facían no seu lugar a reunión mensual en lugar da do ciclo. Nestas reunións tratáronse temas de interese para o centro no seu conxunto e outros asuntos que só afectaban á organización do equipo docente e ao profesorado de apoio en concreto.

### ***Reunións da Comisión Pedagóxica***

A orientadora tamén asistiu ás reunións da Comisión Pedagóxica en representación do profesorado de apoio, por indicación do Equipo Directivo, co fin de darlle máis operatividade ás reunións deste órgano. Nestas reunións tratáronse temas de coordinación docente tratados, previamente ou con posterioridade, no ciclo, no departamento ou ben no claustro.

***Reunións do equipo directivo e a xefatura do departamento***

As reunións co equipo directivo realizáronse periodicamente co fin de aportar asesoramento psicopedagóxico nos distintos temas que foron xurdindo para que este órgano executivo tomase as decisións que considerase máis oportunas.

***Reunións das familias e a xefatura do departamento***

As reunións coas familias realizáronse nas horas dispostas a tal efecto no horario da orientadora, previa cita. Os temas tratados foron normalmente para pedir asesoramento sobre temas puntuais ou ben para solucionar certos problemas de índole persoal.

***Reunións de alumnos/as e a xefatura do departamento***

A atención ao alumnado por parte da orientadora fíxose en horas de recreo ou naqueles períodos horarios previamente establecidos co profesorado titor. Os temas das reunións eran de índole persoal ou para mellorar a marcha académica dos/as alumnos/as.

***Reunións de coordinación co IES ao que estamos adscritos***

Realízase cunha periodicidade trimestral e sempre que é preciso fundamentalmente de forma telefónica e, no terceiro trimestre, de xeito presencial.

***Estratexias de intervención***

A intervención do departamento realizouse nos seguintes ámbitos:

***Alumnado***

A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na colaboración na detección e avaliación das necesidades educativas do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían e na atención a demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado. Ademais traballouse na mellora das relacións interpersoais traballando a xestión dos conflitos e desenvolvéronse estratexias para consolidar o uso da competencia emocional na súa vida e desenvolvemento.

***Profesorado***

O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se formularon, contribuíndo á prevención, observación, detección conxunta das dificultades dos alumnos/as, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores/as podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, implantación das medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias, programas de apoio e reforzo, técnicas e estratexias didácticas, interacción coas familias, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais, etc.

***Familias***

O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación co profesorado titor. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica ou para a detección temperá de necesidades.

En xeral procurouse buscar unha colaboración e comunicación activa coas familias, intercambiando información e expoñendo obxectivos; informar sobre a estimulación temperá nos casos de

ACNEAE; asesorar en técnicas de modificación de conduta en casos específicos; implicar ás familias na vida do centro e estimular na colaboración, coherencia e corresponsabilidade co profesorado.

### **Centro**

A actuación do departamento co centro procurou revisar e elaborar os documentos do centro que requirían unha modificación; informar sobre os cambios legislativos e a súa repercusión no traballo docente; levar a cabo instrumentos de detección de NEAE e ofrecer asesoramento sobre estes alumnos/as; introducir, programas partindo das necesidades do centro; facilitar e promover a relación do centro coas familias; intercambiar información cos centros que reciben e nos envían alumnado buscando a acomodación máis axeitada á nova etapa do alumnado que cambia de centro.

### **Outros organismos**

A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos.

Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria a unha parte do noso alumnado. En concreto traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial de Ourense, cos distintos servizos da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Valdeorras: servizo de Pediatría, servizo de Saúde Mental, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, servizo de Neuroloxía Pediátrica, servizo de Atención Temperá; cos Servizos Sociais do Concello de O Barco e do Centro de Saúde; con Menores; coas educadoras do piso da fundación Arela; coa coordinadora de Meniños; coa Cruz Vermella e con outras asociacións, así como cos especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados/as alumnos/as do noso colexio.

### **Aproveitamento de medios e recursos**

Desde o Departamento de Orientación planificáronse os medios e recursos específicos máis adecuados en función das necesidades de orientación detectadas, de xeito que se utilizaran racional e eficazmente e de acordo cos criterios do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Organizáronse os espazos destinados á orientación e ao apoio do alumnado procurando maximizar o seu uso, aínda así os espazos non sempre foron suficientes, tendo que dar algún apoio dos que se impartían fóra da aula na biblioteca ou na radio.

En canto aos recursos humanos, salientar que, a pesar de que valoramos o esforzo realizado pola Administración na dotación de recursos humanos, o constante incremento cada curso de alumnado con necesidades educativas especiais, así como o tipo de necesidades que presentan, segue facendo absolutamente necesario, cara o curso que vén, que se manteñan os recursos humanos existentes co fin de proporcionar unha resposta inclusiva e de calidade ao alumnado que necesite apoio. Sobre todo tendo en conta que, aínda que contamos cunha unidade de educación especial creada e outra autorizada, non está asignado ningún mestre/a á mesma en situación de Comisión de Servizos, polo que a atención a estes alumnos/as debe cubrirse con profesorado de apoio destinado no centro.

Os recursos tentáronse optimizar para conseguir o máximo aproveitamento. Ao longo do curso cambiáronse varias veces os horarios debido ás novas incorporacións ou por outros motivos. Ademais colaborouse na realización dos horarios do profesorado de apoio de Educación Infantil.

En canto ao persoal auxiliar coidador atenderon a varios/as alumnos/as cun alto grao de dependencia. Ademais completaron o resto do horario atendendo puntualmente a outra parte do



alumnado que contaba cun ditame que así o requiría. Durante este curso compartimos co IES Lauro Olmo unha coidadora, o que repercutiu enormemente na calidade da atención que o persoal auxiliar coidador podía prestarlle ao alumnado ao seu cargo.

En canto aos recursos e materiais específicos, adquiriuse material específico para o departamento (baterías de test) para pasar as probas colectivas nos cursos que así se determinou. Estes gastos correron ao cargo do presuposto do centro. Amais comprouse algún material cando se estimou necesario.

### ***Valoración da consecución das accións prioritarias***

En termos xerais a valoración da consecución dos obxectivos marcados na concreción anual do Plan de Orientación pódese considerar alto. A maioría das actividades e actuacións recollidas nas accións prioritarias fóronse levando a cabo durante o curso escolar, segundo a temporalización establecida.

Para a valoración da consecución de ditas accións prioritarias tivéronse en conta os parámetros marcados no plan anual do departamento de orientación., algún relacionados co funcionamento interno do departamento e outros en canto ao funcionamento do departamento de orientación en relación ao propio centro.

Axúntase o resumo da valoración coas distintas gráficas.

A continuación destacamos as seguintes dificultades atopadas e propostas de mellora. Para detectalas se tiveron en conta aqueles aspectos que se reflectiron nos formularios de avaliación de Google Drive e/ou que se comentaron nas distintas reunións.

### ***Dificultades atopadas***

- Tempos para a coordinación entre todos os membros do departamento, que, ás veces se ven minguada porque hai outras reunións máis urxentes (CCP, avaliacións...).
- Excesivas funcións burocráticas que debe realizar o persoal docente, o que vai en detrimento dun tempo moi necesario para a realización doutras tarefas.
- Procedementos de transmisión e coordinación entre os membros do Departamento e os ciclos, pois aínda que se realizan reunións semanais, en moitas ocasións os asuntos urxentes non deixan tempo para tratar outros asuntos menos urxentes mais non menos importantes.
- Falta de tempo para realizar reunións informativas a comezo de curso nas que se difundan os aspectos que se consideran máis necesarios en canto ao plan de orientación e outros aspectos.
- Problemas de convivencia e conflitos relacionados co incumprimento de normas de centro e de aula por parte do alumnado.
- Falta de tempo para realizar a revisión do Plan de Orientación.

### ***Propostas de mellora***

- Seguir cun día fixo para a realización das reunións (2º luns de cada mes) parece ser unha medida adecuada a efectos organizativos para que non se solape con outras reunións.
- Realizar o seguimento e aplicación do Plan de Orientación, do Plan Xeral de Atención á Diversidade, do Plan de Convivencia e do Plan de Acción Titorial, como elementos que guían a acción orientadora no centro.
- Mellorar a convivencia e o clima escolar no centro educativo para avanzar nun modelo de convivencia positiva e no logro dunha cultura de paz.

- Continuar coa implantación do Programa TEI a favor da convivencia e contra o acoso.
- Buscar, na medida do posible, a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos, evitando unha sobrecarga de traballo burocrático.
- Favorecer a coordinación e coherencia interniveis, dentro das competencias que temos como DO.
- Dedicar unha parte das horas de reunión para a coordinación do equipo docente coa finalidade de mellorar a comunicación, de adoptar medidas, de realizar as valoracións sobre a marcha do alumnado nesa reunión.
- Programar tempos para realizar reunións informativas a comezo de curso cos temas que se consideren máis relevantes.
- Revisar o Plan de Orientación de acordo á nova lexislación.

**MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE**

**Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)**

No momento actual estanse a atender polo profesorado de Audición e Linguaxe (AL) un total de 54 alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo. De todos eles 30 alumnos/as recibían ademais apoio de Pedagogía Terapéutica (PT) ou atención individualizada dos titores/as, do profesorado en lectivas dispoñibles, do profesorado de apoio de Educación Infantil (EI) ou da especialista de PT do Programa Acompaña

O número de alumnado atendido polo profesorado de apoio foi oscilando ao longo do curso, ben debido ás novas incorporacións de alumnado que xurdiron nas avaliacións ou ben ás altas que se lle deron a algúns alumnos/as que recibían este apoio.

O alumnado atendido durante o curso presentaba necesidades específicas de apoio educativo asociadas a:

ALUMNADO	Nº	ENSINANZA E NIVEL EDUCATIVO
NEE	15	12 de Educación Primaria e 3 de Educación Infantil
ATRASO MADURATIVO	2	Educación Infantil
TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE E A COMUNICACIÓN	37	TEL (1 de Educación Primaria) Outros trastornos da linguaxe e a comunicación: 18 de Educación Infantil e 18 de Educación Primaria.

**Organización do profesorado**

Neste ano académico contouse no centro con dous mestres de Audición e Linguaxe (AL) a tempo total.

Os mestres especialistas en Audición e Linguaxe foron as seguintes:

- Francisco de Vitorino García, substituído por Andrea Pérez Pérez que, a súa vez, foi substituída por Carmen Barreiro Méndez.
- M<sup>a</sup> Vanesa Diz Vázquez.

Unha das mestras de AL traballou co alumnado con necesidades educativas especiais e con aqueles alumnos/as en escolarización combinada.

O outro mestre traballou cos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas fundamentalmente a trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.

Tamén levou a cabo o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral nas aulas de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil (EI).

### ***Organización do alumnado***

Para levar a cabo un axeitado desenvolvemento do proceso educativo foi fundamental a coordinación coa xefatura do departamento de orientación, quen organizou a proposta de distribución horaria do profesorado de apoio xunto á xefatura de estudos.

Os apoios realizáronse tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo as necesidades do alumnado. O Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO), levado a cabo en Educación Infantil, impartíuse nas aulas ordinarias media sesión á semana por aula, debido á alta demanda de necesidades.

De todos eles/as, vinte e nove alumnos/as asistiron exclusivamente á aula de AL e outros vinte e cinco necesitaron a intervención tanto da especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) como de AL.

Intentouse que todo o alumnado que precisou reeducación logopédica puidera ser atendido, debido a iso, ao longo do curso o horario sufriu distintas variacións.

### ***Modelo de intervención***

Elaborouse para cada alumno/a un Programa de Intervención. Os/as especialistas en PT e AL mantivemos reunións mensuais coa orientadora, co fin de organizar o traballo dos/as alumnos/as e revisar os avances e dificultades dos mesmos.

Ao longo do curso as funcións como mestras especialistas en AL centráronse na realización das seguintes actividades:

- Atención ao alumnado con NEAE.
- Realización de avaliacións iniciais da linguaxe oral e da lectoescritura: empregamos diversas probas para avaliar a linguaxe oral como a Proba de Linguaxe Oral de Navarra (PLON), o Rexistro Fonolóxico Inducido (RFI), Examen Logopédico de Articulación ELA-ALBOR, entrevistas cos titores/as e observacións, tanto na aula coma nos recreos.
- Participación nas reunións de avaliación trimestrais, tendo en conta o seguimento das sesións na aula de audición e linguaxe.
- Coordinación cos titores/as, mestres/as especialistas e mestres/as de PT, así como, coa orientadora do centro.
- Reunións con pais e nais dos/as alumnos/as.
- Elaboración e adaptación de material específico para os distintos alumnos/as cos que se interveñen e organización dos espazos e do mobiliario das aulas de audición e linguaxe.
- Coordinación cos equipos externos ao centro: médicos rehabilitadores, logopeda, EOE, etc directamente ou a través da orientadora.

- Participación nas actividades realizadas no centro: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, saídas culturais e outras conmemoracións.
- Participación en diferentes Proxectos levados a cabo no centro.

### ***Obxectivos***

Como marco de referencia para o traballo na aula establecéronse unha serie de obxectivos xerais que posteriormente se adaptaron ao traballo específico con cada alumno/a. Estes obxectivos foron os seguintes:

- Estimular a linguaxe como fonte principal de comunicación.
- Previr dificultades no ámbito da fala e/ou da linguaxe.
- Facilitar ao alumnado a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.
- Empregar Sistemas Aumentativos e/ou Alternativos de Comunicación como medio de expresión.
- Favorecer a expresión da linguaxe mediante a participación activa do alumnado en xogos e conversas.
- Reforzar outros aspectos da aprendizaxe escolar relacionados coa linguaxe.
- Espertar no alumnado a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Potenciar a lectura como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.

### ***Intervención de AL***

As sesións tiveron unha duración de entre 25 e 50 minutos, dependendo das características do traballo con cada neno/a. O número de sesións semanais na aula de AL oscilou entre media sesión e catro sesións para cada alumno/a, sendo, nalgunhas ocasións, sesións individuais e noutras en pequeno grupo. Todas as sesións se levaron a cabo nas aulas de AL, exceptuando o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral que foi impartido nas aulas ordinarias.

Para cada alumno/a estableceuse un plan de intervención ao comezar o apoio, o cal se foi modificando para adaptarnos a cada rapaz ou rapaza. Trimestralmente revisouse o mesmo, reflectindo os cambios que se consideraron oportunos. A final de curso, neste plan de traballo recolleuse un informe final do alumno/a que recibiu o apoio.

Os obxectivos xerais da aula, xunto co plan de intervención para cada alumno/a, guiaron tanto a planificación das sesións como a metodoloxía das mesmas, predominantemente lúdica e na que o uso de programas informáticos, pictogramas, material auditivo, manipulativo e gráfico tiveron moita importancia.

Existen casos de alumnos/as cuxas necesidades son permanentes e, polo tanto, precisarán o apoio durante toda a súa etapa educativa, mentres que outros alumnos/as con necesidades acadaron os obxectivos previstos e foron dados de alta.

### ***Avaliación***

Ao comezar a intervención co/a alumno/a, realizamos unha avaliación inicial para determinar as necesidades. Estes resultados reflíctense nun informe individual e no plan de intervención. Trimestralmente, realizamos un seguimento tanto dos logros obtidos, materiais empregados, metodoloxía, tempos, espazos, novos obxectivos a traballar, así como, da propia avaliación docente. Así mesmo, entregamos uns boletíns informativos ás familias do alumnado escolarizado nas aulas específicas.

Na avaliación final, recollemos a evolución do neno/a, os obxectivos acadados, materiais empregados e as propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.

Para realizar esas tarefas, utilízanse, entre outros, os seguintes instrumentos:

- Demanda de valoración logopédica.
- Conclusión valorativa.
- Programa de intervención e ficha de seguimento.
- Informe de alta.

### ***Valoración da coordinación co profesorado***

Ao longo do curso, ademais das reunións do Departamento de Orientación obrigatorias, houbo reunións informais e formais coa orientadora e co resto de especialistas en PT para facilitar a coordinación do traballo entre todos. O feito de ter catro aulas, dúas de AL e dúas de PT, así como o despacho da orientadora na “Casiña” facilita a coordinación informal en calquera momento.

Ademais durante o curso, coordinámonos co Persoal Auxiliar Coidador (PAC) para responder ás necesidades do alumnado cando así o requiría.

Realizáronse reunións cos titores/as do alumnado para favorecer a coordinación do traballo e ter diferentes visións dos progresos ou retrocesos dos mesmos. Nalgunha ocasión algún titor/a requiriu orientación para resolver algún problema, ofrecéndoselle as indicacións oportunas, ademais de proporcionarlle diverso material.

Consideramos moi importante a realización das reunións entre o profesorado titor ou de área e o profesorado de apoio e cremos que non deben deixarse á vontade persoal, senón que deben dotarse de certa sistematicidade.

### ***Reunións coas familias***

Por suposto, non houbo problema en manter contactos persoais coas familias para falar da evolución dos/as fillos/as, así como, cando os titores/as o solicitaban para informarlles nas titorías. Recóllense uns apartados para AL e PT dentro dos cadernos de titorías onde reflectimos as observacións a transmitir ás familias.

### ***Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado***

Tal e como xa se comentou con anterioridade, a organización dos apoios é diferente, dependendo da dificultades coas que conte o alumnado, así como das súas características persoais.

Cabe resaltar que todos estes apoios foron moi positivos posto que os nenos/as responderon moi ben ante eles, progresando axeitadamente e evolucionando para superar as súas dificultades. Ademais, parécenos fundamental e imprescindible a atención temperá, a cal se está levando a

cabo cos PELO, aos cativos máis pequenos do centro educativo; intervindo o máis cedo posible, aspecto que propicia que moitas das dificultades lingüísticas e/ou da fala se resolvan nun curto período de tempo (sempre que non sexan necesidades educativas especiais).

### ***Melloras na aula de AL***

Os dous mestres de AL dispoñemos de aula propia. Estas dúas aulas están situadas no edificio denominado "A Casiña".

Ao longo deste curso, elaboráronse distintos materiais: para a respiración e o sopro, para a articulación, para a adquisición de vocabulario, para a estruturación sintáctica, para traballar as emocións, para traballar a conduta, para a estimulación, etc.

### ***Propostas de mellora***

É preciso manter dous mestres de AL a tempo completo debido á gran cantidade de alumnado con necesidades educativas graves e/ou permanentes que precisan de sesións diarias, así como unha gran demanda de dificultades na fala e na linguaxe. Aínda sendo dous mestres a tempo completo, en ocasións, o número de intervencións resultaron insuficientes e moi curtas.

De cara ao curso que ven, consideramos oportuno manter o programa de estimulación da linguaxe oral en todos os niveis da etapa de EI, pois cremos que constitúen unha gran ferramenta de prevención de dificultades no eido da fala e da linguaxe.

Así mesmo, parécenos pertinente recalcar que as mestras titoras de EI deben estar presentes durante as sesións do PELO co obxectivo de desempeñar as funcións de apoio ao noso labor.

Tamén sería aconsellable poder ter un horario para as reunións das mestras de AL cos titores/as. Facilitaría a coordinación así como o intercambio de información sobre o alumnado. Debido á gran cantidade de traballo existente nun centro educativo, estas reunións quedan relegadas a pequenas conversas de corredor que nos parecen insuficientes.

### ***Previsión de alumnado para o vindeiro curso***

Para o vindeiro curso é probable que se precise atender o mesmo número de alumnos/as que recibiron apoio ao longo deste curso. Amais, tendo en conta os cursos precedentes, é moi probable que ao longo do curso se incorpore máis alumnado con necesidades.

Hai que destacar que durante a sesión de PELO se foi observando ao alumnado das 6 aulas de Educación Infantil. É probable que varios precisen apoio de cara ao vindeiro curso. A maiores hai outro grupo de alumnado que precisará un seguimento da súa evolución, dependendo desta valorarase a necesidade de recibir apoio ou de manter o mesmo.

A raíz do que se acaba de comentar, incidimos na importancia de seguir contando con dous especialistas de AL a tempo completo.

## ***MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA***

### ***Alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)***

No momento actual estanse a atender polo profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e pola mestra do Programa Acompaña un total de 102 alumnos/as con necesidades específicas de apoio

educativo. Parte destes alumnos/as (72 nenos/as) recibiron apoio tanto de Pedagogía Terapéutica como de Audición e Linguaxe.

A especialista de Pedagogía Terapéutica do Programa Acompaña atendeu dentro das aulas a 72 alumnos/as da etapa de educación infantil, 1º ciclo e 2º ciclo de Educación Primaria. Parte deles (44 nenos/as) eran alumnos/as que tamén recibían apoio do profesorado de PT e outra parte (28 alumnos/as) recibía unicamente a atención individualizada da mestra do Programa, do profesorado titor ou do profesorado en lectivas dispoñibles.

Con varios alumnos/as do centro con descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe realizouse un grupo de adquisición de linguas co fin de impulsar unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de posibilitar, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe. Este levouse a cabo durante o terceiro trimestre e encargáronse do mesmo dous mestres con dispoñibilidade horaria e unha das mestras de PT. Estes mestres/as coordináronse co profesorado titor do grupo ordinario de cada alumno/a e coa orientadora.

O número de alumnado atendido polo profesorado de apoio foi oscilando ao longo do curso, ben debido ás novas incorporacións de alumnado con necesidades ou ben debido ao traslado de centro doutros alumnos/as que recibían este apoio.

Existe un número crecente de alumnado con NEAE procedente doutros centros que se incorpora a este colexio.

Catro alumnos/as con necesidades educativas especiais están escolarizados en modalidade combinada entre a aula ordinaria e as aulas específicas existentes no centro.

O resto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo recibiu o reforzo educativo dentro da aula ordinaria excepto, cando se considerou oportuno nalgún caso que o fixera fóra dela.

Cinco alumnos/as con ACNEAE posúen unha Adaptación Curricular.

As necesidades atendidas durante o curso, foron:

ALUMNADO	NÚMERO	ENSINANZA E NIVEL EDUCATIVO
NEE (Pluridiscapacidade, discapacidade intelectual, trastorno de conduta, trastorno de espectro autista)	25	4 de Educación Infantil e 21 de Educación Primaria
Atraso madurativo	2	2 de Educación Infantil
Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación	2	2 de Educación Primaria
Trastornos da atención ou de aprendizaxe	43	9 de Educación Primaria (Trastornos da atención)
		33 de Educación Primaria (trastornos de aprendizaxe)
Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe	3	3 de Educación Primaria
Situación de vulnerabilidade socioeducativa	7	7 de Educación Primaria
Incorporación tardía ao sistema educativo	4	1 de Educación Infantil e 3 de Educación Primaria

Condições persoais ou de historia escolar	16	1 de Educación Infantil e 15 de Educación Primaria
---	----	--

### **Organización do profesorado**

Neste ano académico contouse no centro con seis mestras de PT e dúas mestras de Audición e Linguaxe (AL).

Dúas das mestras de PT estiveron asignadas ás aulas específicas, outra pertencía ao Programa Acompaña e o resto atenderon a outros alumnos/as con NEAE segundo necesidades organizativas. Coordinámonos para un axeitado desenvolvemento do proceso educativo en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, que organizou a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio xunto á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente.

As mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica foron as seguintes:

- Bonifacia Álvarez González.
- M<sup>a</sup> Nieves Fernández Dobarro.
- M<sup>a</sup> Carmen García Díaz.
- Ana M<sup>a</sup> Patao García.
- Silvia Pereira Álvarez (dende o primeiro trimestre ata o 31 de maio, data que rematou o Programa).
- Elisa Puente Murias (foi substituída mentres estivo de baixa polo mestre Francisco Losada Rodríguez).

Dúas das mestras especialistas en PT teñen destino definitivo no centro. Unha delas, Elisa Puente Murias, é liberada sindical a tempo parcial. A outra, Ana M<sup>a</sup> Patao García, ten unha redución horaria da terceira parte do horario. Bonifacia Álvarez González estivo a cubrir dita redución horaria, realizando un horario de media xornada.

Así mesmo, entre os recursos humanos, hai que destacar a axuda imprescindible do persoal auxiliar coidador, que foi incrementado a mediados de curso cunha coidadora máis, compartida co IES “Lauro Olmo”.

### **Organización do alumnado**

A maioría dos alumnos/as reciben o apoio nas súas aulas ordinarias. Cando é preciso acoden algunhas sesións de PT fóra da aula habitualmente ás aulas do segundo andar (aula rosa e laranxa). Nalgún momento precisouse o espazo da radio ou da biblioteca para dar algún apoio fóra da aula.

O alumnado escolarizado en modalidade combinada recibe os apoios dentro da “Casiña” (aula vermella e aula azul) e asiste nas horas estipuladas á aula ordinaria. A sesións ás que acoden cos seus grupos de referencia acostuman ser Educación Física, Inglés, Música, , Relixión/Alternativa, Psicomotricidade ou naquelas sesións nas que se organiza a tal efecto.



Os horarios sufriron varias modificacións ao longo dos tres trimestres debido ao incremento de alumnado con novas necesidades. Revisáronse para dar cabida aos seguintes casos: incorporación de alumnado e aumento ou diminución de horas segundo a consecución de obxectivos.

### ***Modelo de intervención***

Elabórase para cada alumno/a, un Programa de intervención, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado por este. Revisouse trimestralmente a fin de reflectir os avances e/ou retrocesos do alumnado, así como as propostas de mellora.

As funcións dos mestres/as de PT foron as seguintes:

- Elaboración de actividades para os alumnos na aula específica.
- Elaboración de materiais específicos para o alumnado con NEE.
- Elaboración e adaptación de material de apoio para a aula ordinaria.
- Colaboración activa na elaboración e revisión de ACS.
- Organización dos espazos e do mobiliario das aulas de apoio.
- Coordinación cos/as mestres/as titores/as e a orientadora.
- Apoio aos mestres/as titores/as na aula ordinaria e nas saídas.
- Coordinación e colaboración coas familias cando así se requiriu.
- Participar nas reunións de avaliación.

### ***Obxectivos***

Os obxectivos prioritarios de intervención, con estes alumnos/as están encamiñados a favorecer o maior grao de desenvolvemento persoal posible, tentando iniciar e/ou mellorar os seguintes aspectos: estimulación multisensorial, interacción e integración social, comunicación, representación simbólica, desenvolvemento psicomotor, habilidades sociais, de identidade e autonomía persoal.

Así mesmo, o coñecemento da contorna, a lectoescritura, o cálculo, a estimulación das capacidades que potencien a mellora do déficit de atención e atrasos madurativos. Todo iso mediante a adquisición de hábitos de autonomía e rutinas diarias adaptadas a cada dificultade.

Determinar o grao de consecución dos obxectivos nestes alumnos/as é moi complicado, debido a que cando se alcanzan algúns, outros aínda están en proceso mentres que outros tiveron que ser reformulados, adaptados, ampliados e/ou eliminados.

Durante este curso, continuamos ampliando a dotación de recursos mercados, de estimulación e a elaboración de recursos propios: láminas adaptadas, xogos encaixables, recursos TIC, materiais manipulativos...

### ***Metodoloxía***

A acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado da coordinación entre o profesorado titor e o profesorado de apoio, cun contacto directo co departamento de orientación, co fin de lograr o adecuado desenvolvemento do plan de intervención do alumno/a e de que exista unha liña de traballo en común entre os diferentes profesionais que interveñen na resposta educativa que se dea ao alumno/a.

É innegable que cada intervención implica unha serie de estratexias metodolóxicas diferentes, derivadas das características do noso alumnado así como do obxectivo que se pretende traballar. Mais a intervención directa co ACNEAE procura seguir unha metodoloxía artellada en certos piares básicos e comúns. En liñas xerais:

- Transmítese a información de xeito claro e conciso e verifícase sempre que o alumno/a entende a información que se lle transmitiu.
- Utilízanse diferentes estratexias para motivar ao alumno/a, captar o interese e manter o esforzo e persistencia co fin de facilitar a súa participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Proporcionáanse opcións que permitan ao alumno/a formas diferentes de implicarse na aprendizaxe.
- Dáse ao alumno/a un papel activo, mais aló de ser unicamente o de receptor do coñecemento.
- Dáse prioridade á comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica e memorística.
- Préstase especial atención ao desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real, coa finalidade de desenvolver o logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Poténciase a aprendizaxe significativa, polo que se parte do nivel de desenvolvemento do alumnado e adáptase aos seus ritmos de aprendizaxe.
- Proporcionáanse múltiples formas de presentación da información mediante soportes variados e en formatos distintos.
- Ofrécense ao alumno/a diferentes posibilidades para expresar o que sabe, para representar as súas aprendizaxes de diferente xeito, para organizarse e planificarse.
- Emprégase a axuda directa e a demostración por medio do modelado e a imitación.
- Utilízase un material variado, fundamentalmente manipulativo, para que o neno/a experimente a súa propia aprendizaxe.
- Procúrase favorecer a capacidade de aprender autonomamente e proporcionáanse guías e estratexias de aprendizaxe, fomentando o afán de superación e a interiorización de rutinas de pensamento.
- Realízanse actividades que requiran o exercicio de funcións cognitivas de orde superior (funcións executivas).
- Ofrécense métodos e estratexias de organización.
- Propíciense situacións de ensinanza-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumno/a, en lugar de partir das súas dificultades.
- Relaciónase a metodoloxía empregada e os procedementos para comprobar a adquisición da aprendizaxe do alumnado.
- Trabállanse as emocións facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal, buscando xuntos propostas de mellora.
- Favorécese o desenvolvemento de habilidades prosociais, comunicativas e empáticas.

## **Actividades**

### **Actividades do alumnado:**

Atendendo ás diversas necesidades coas que nos atopamos no centro, levamos a cabo unha serie de actividades:

- Actividades de inicio ou motivación: suscitan a curiosidade do alumno/a polos contidos a traballar e permiten relacionar as novas aprendizaxes co que xa ten.
- De desenvolvemento: para a adquisición de novas aprendizaxes.
- De recapitulación: para avaliar o progreso do alumno/a.
- De reforzo e ampliación: para dar resposta ás diferenzas e necesidades individuais.
- Outras:
  - Realización de Obradoiros específicos para alumnado con NEAE: “Obradoiro de Estimulación Multisensorial”, “Obradoiro de Habilidades Sociais.
  - Acompañamento ao noso alumnado nas saídas pola contorna organizadas polos seus grupos de referencia.
  - Participación nas actividades complementarias realizadas polo centro e/ou promovidas polos distintos equipos (Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Biblioteca, Axenda 21): Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras galegas, charlas, contacontos, saídas culturais, excursións...

en diversos tipos de agrupamentos flexibles (individual, pequeno e gran grupo) traballando en obradoiros nos que o alumnado co “material preciso segundo a tarefa a realizar” constrúa a súa propia aprendizaxe curricular.

As actividades están pensadas para dar resposta ás competencias clave e aos obxectivos formulados no plan de traballo individualizado. Destacar sobre todo o establecemento de rutinas diarias e normas de conduta ben definidas.

### **Actividades do Profesorado:**

- Actividades de formación do profesorado: cursos de formación en centros, Proxecto TEI, Polos Creativos.
- Actividades organizativas de centro.
- Actividades de aula, nas que colaboramos activamente.

## **Avaliación**

A avaliación proporcionanos información para axustar a intervención educativa. Por iso non podemos cinguirnos só aos alumnos/as, senón tamén á nosa práctica como docentes. Respecto dos alumnos/as, levamos a cabo unha avaliación inicial (partindo da información reflectida nas fichas de seguimento realizadas ao comezo do curso e ampliadas trimestralmente), continua e formativa, mediante:

- A observación directa do traballo diario dos alumnos/as.
- Diarios de aula.
- “Thinking maps” ou mapas de pensamento.
- Portfolios individuais.

- Análise das producións.
- Observación sistemática.
- Rexistros de conduta, anecdotarios...
- Probas de avaliación.
- Axendas de ida e volta.
- Sesións de avaliación trimestrais.
- Entrevistas cos titores/as e resto de profesionais participantes.
- Entrevistas cos/as pais/nais ou titores legais.

A evolución dos alumnos/as foi moi dispar. Algúns alumnos/as, con dificultades de aprendizaxe tiveron unha evolución satisfactoria, aínda precisan seguir recibindo o noso apoio. Os alumnos/as de aulas específicas, van evolucionando de acordo coas súas características específicas, segundo os seus obxectivos.

En canto ao noso traballo como mestres/as, démoslle prioridade a:

- Nivel de interacción co alumnado.
- A adecuación dos materiais empregados.
- A pertinencia das actividades propostas.
- Nivel de interacción e coordinación entre o profesorado e apoios.
- Nivel de interacción coas familias.
- A procura dos intereses do alumnado.
- Interese do profesorado pola participación en cursos de formación e a repercusión do traballo na aprendizaxe dos alumnos/as.

Como documentos de avaliación, temos os informes trimestrais para as familias no caso do alumnado de aula específica, os Programas de Intervención (revisados trimestralmente), os criterios de avaliación das Programacións de Aula e os criterios de avaliación dos Documentos de Adaptación Curricular.

### ***Valoración da coordinación co profesorado***

Ao longo do curso, ademais das reunións do Departamento de Orientación, houbo reunións informais e formais coa orientadora e co profesorado de apoio de PT para facilitar a coordinación do traballo entre todos. A proximidade e a dispoñibilidade de todo o profesorado, así como o feito de ter os grupos telefónicos de Whatsapp facilitaron moito a coordinación informal.

Ademais durante o curso, coordinámonos co persoal auxiliar coidador para responder ás necesidades do alumnado cando así o requiría.

Realizáronse reunións cos titores/as e profesorado do alumnado que recibía apoio para favorecer a realización dun traballo coordinado entre o equipo docente do ACNEAE, así como para obter información complementaria sobre o desenvolvemento do alumnado. Cando foi preciso facilitóuselle material didáctico a algún titor/a que así o requiriu.

Consideramos moi importante a realización das reunións entre o profesorado titor ou de área e o profesorado de apoio e cremos que non deben deixarse á vontade persoal, senón que deben dotarse de certa periodicidade.

### ***Reunións coas familias***

Ao longo do curso informouse ás familias da evolución dos seus fillos/as. Habitualmente esta foi solicitada polos titores/as que a precisaban nas titorías. Recóllense uns apartados para AL e PT dentro dos cadernos de titorías onde reflectimos as observacións a transmitir ás familias.

Noutras ocasións mantivéronse contactos presenciais coas familias.

Outras veces, cando así se acordou, a información ás familias realizouse diariamente a través dunha axenda de comunicación.

### ***Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado***

A organización dos apoios é moi diversa, dependendo das necesidades específicas de apoio educativo que presente cada alumno/a. Así pois, os apoios discorreron entre os que tiveron lugar dentro da aula ordinaria, aos realizados fóra da aula ordinaria en pequenos grupos de ata cinco integrantes.

Outros apoios tiveron lugar dentro da aula específica por ser a combinada a modalidade de escolarización de determinados alumnos/as. Nestes casos sempre se intentou que diariamente os nenos/as asistiran á aula ordinaria acompañados polo profesorado de apoio ou polo Persoal Auxiliar Coidador.

Salientar que consideramos estes apoios moi positivos. En xeral a resposta do alumnado é boa, obtendo un gran aproveitamento dos apoios que se traduce en progreso no seu desenvolvemento curricular e/ou persoal.

### ***Propostas de mellora***

Cara o curso que vén, consideramos necesario:

- Material específico para o alumnado que o precise.
- Manter o profesorado nomeado a tempo completo.
- Manter o número de Persoal Auxiliar Coidador para unha mellor atención do alumnado con ACNEAE.
- Iniciar o curso, cunha avaliación individualizada do nivel de competencia curricular, así como do estado das necesidades específicas de cada alumno/a, a fin de planificar e/ou rediseñar as estratexias de intervención educativa a complementar ao longo do curso.
- Como moito do noso alumnado manifesta dificultades específicas na área social e afectiva, como obxectivo prioritario para o vindeiro curso, consideramos que debemos traballar especificamente as habilidades de interacción social.

### ***Previsións para o vindeiro curso***

Aínda que algúns nenos/as dos 102 alumnos/as que recibiron apoio durante este curso, abandonan o centro educativo o curso que vén, xa sabemos que imos contar con novas incorporacións que van precisar apoio ou con alumnado que vai repetir. Ademais ao longo do curso xurdirán novos casos dentro do alumnado que entra novo no centro.

Da totalidade de profesorado de Pedagogía Terapéutica, unha mestra está a tempo completo na aula específica e outra está gran parte do seu horario con alumnado en escolarización combinada,

quedando o resto do profesorado especialista para satisfacer a gran demanda de alumnado con dificultades coas que conta o centro. Cada ano increméntase o número de alumnos/as que precisan intervención en todas as etapas, polo que consideramos imprescindible que se manteñan os recursos existentes.

MEMORIA DE LINGUA INGLESA

O actual curso 2023/24, é o oitavo ano no que o centro forma parte do Programa de Plurilingüismo razón pola cal , a área de Educación Plástica e Visual é impartida en Lingua Inglesa en todos os cursos de Educación Primaria.

Os mestres e mestras encargad@s de impartir Lingua Inglesa, foron os seguintes:

- M<sup>a</sup> Beatriz Rodríguez Pérez, substituída por Miguel Anxo Facal Rodríguez dende o comezo do 2º trimestre ata ó final do curso por mór da súa baixa por enfermidade.
- Tomás Castro López.
- M<sup>a</sup>de las Mercedes Gallego Delgado.
- Kevin McVey, auxiliar de conversa de nacionalidade escocesa que estivo destinado no centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio.

1) **Miguel Anxo Facal Rodríguez** impartiu Lingua Inglesa en todos os cursos de EI e no 3º ciclo de EP. Neste ciclo, tamén impartiu a área de EPV.

Ademais, encargouse de dar a materia de EPV no 1º curso de Educación Primaria.

2) **Tomás Castro López** encargouse da docencia da materia de EPV no 2º ciclo de EP.

3) **M<sup>a</sup> de las Mercedes Gallego Delgado** impartiu Lingua Inglesa no 1º e 2º ciclo de EP. Ademais encargouse de dar a materia de EPV no 2º curso de Educación Primaria.

4) **Kevin McVey**, en calidade de auxiliar de conversa, asistiu a todas as sesións da materia de Educación Plástica e Visual e a 4 sesións de Lingua Inglesa no 3º ciclo de EP como queda de manifesto no seu horario que figura a continuación.

En todo momento, el estivo acompañado por algún/algunha dos mestres/as titulares.

HORARIO CURSO 2023/2024						
Kevin McVey						
SESIÓN	HORA	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
1ª Hora	9:45-10:35		1º A Teacher Bea	6º B Teacher Bea	5º B Teacher Bea	3º A Teacher Tomás
2ª Hora	10:35-11:25		4º B Teacher Tomás	5º B Teacher Bea English	5º A Teacher Bea	4º A Teacher Tomás
	11:25-11:55	RECREO				
3ª Hora	11:55-12:45		Free time	6º A Teacher Bea	5º A Teacher Bea English	6º A Teacher Bea English
4ª Hora	12:45-13:35		1º B Teacher Bea	Free time	2º B Teacher Merche	
	13:35-13:40	ASEO				
	13:40-14:25	COMIDA /FREE TIME				
	14:25-15:10	REUNIONES / FREE TIME				
5ª Hora	15:10-15:30	LECTURA SILENCIOSA				
	15:30-16:15		3º B Teacher Tomás	6º B Teacher Bea English	2º A Teacher Merche	

Seguindo as directrices do programa de plurilingüismo, o auxiliar ten 16 horas de docencia no centro e, no noso caso, ao tratarse dun de dobre línea, con 2 aulas por cada nivel de Educación Primaria na que a área de EPV se imparte en Inglés, 12 desas horas estiveron destinadas a impartir docencia na mencionada área mentres que as 4 horas restantes, foron adicadas ( por decisión do profesorado) á docencia de 1 hora semanal de Lingua Estranxeira en cada 1 das aulas do 3º ciclo de EP por considerar que, deste xeito, se favorecía a adquisición da competencia plurilingüe no final desta etapa.

O nº total de alumnado atendido foi de 350 nenos e nenas, distribuído do seguinte xeito:

ALUMNADO EDUCACIÓN INFANTIL			
	3 anos	4 anos	5 anos

Nº alumnado/nivel	22	28	35
-------------------	----	----	----

ALUMNADO EDUCACIÓN PRIMARIA						
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
Nº alumnado/ nivel	37	46	42	51	49	40

### **Educación infantil.**

A materia de Lingua Inglesa se impartiu nas propias aulas de EI xa que todas elas están dotadas do material necesario para tal función.

O método empregado nesta etapa foi “Robin, Daisy and me” da Editorial Oxford University Press. Dito método estívoise a empregar dende o curso 2017/2018 tendo moi boa aceptación entre o alumnado pero, para o vindeiro curso, e despois de que o profesorado implicado analizase novos materiais que chegaron ao centro, decidiuse cambiar e traballar co método “Big Wheel” da Editorial Macmillan E.LT.

Este método aporta un par de vantaxes que foron esenciais para a súa elección: por unha banda, considérase que é un método moi máis flexivo e innovador que o anterior cunha estrutura que permite traballar diferentes temas tendo en conta os centros de interese do alumnado sen sentirse condicionado.

Pola outra banda, inflúe o factor económico xa que é máis barato que o existente.

A valoración desta etapa é moi positiva xa que se acadaron todos os obxectivos mínimos na aprendizaxe da lingua estranxeira tendo en conta que o alumnado con necesidades educativas específicas tamén amosou unha actitude moi positiva cara a aprendizaxe.

### **Educación primaria.**

Na etapa de Educación Primaria, o alumnado dende o 1º curso ata o 4º curso de EP, acudiu á aula de Lingua Estranxeira mentres que o alumnado do 3º ciclo de EP, tivo a docencia desta materia na súa propia aula xa que, ao estar dentro do Programa E-Dixgal, dispoñen dos recursos necesarios na mesma..

O método empregado tanto no **1º ciclo como no 2º ciclo de EP** foi “Kids can” da Editorial Macmillan E.LT.

Dito método conta con materiais gradados tendo en conta a idade e necesidades do alumnado nos diferentes niveis co cal garante unha continuidade e homoxeneidade ao longo destes 4 cursos.

No que se refire ao **3º ciclo de EP**, continuouse a traballar coa Editorial Netex se ben o libro dixital se complementou con outros materiais creados polo mestre, así como con diversos recursos obtidos de internet como vídeos, cancións, contos, xogos, dicionarios online, plataformas de actividades dixitais, etc.

O emprego deste sistema aínda que ten certas vantaxes como son o acceso por parte do alumnado aos amplos recursos online ou a súa fácil adaptabilidade aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado tamén ten certos inconvenientes como por exemplo, erros na carga de datos ou a pouca fiabilidade dos resultados obtidos ao ter a opción de repetir un exercicio varias veces. Ademais, require dunha aprendizaxe inicial así como dunha vixilancia continua por parte do mestre para garantir o uso apropiado do ordenador.

Por esta razón, o profesorado especialista nesta área reuniuse co Equipo Directivo para propoñer que, para o vindeiro curso, aínda que se siga co programa Edixgal, se lle pida a o alumnado que merque un caderno, a modo de material complementario, que permita traballar dun xeito máis pormenorizado certos aspectos da Lingua estranxeira que se consideran esenciais e que non se cobren de xeito adecuado só co libro dixital.

O caderno que se empregaría sería o do método “Kids can 5” e “Kids can 6” respectivamente para o 5º e o 6º curso de EP da Editorial Macmillan.

Como neste ciclo só existe axuda económica para mercar material, quedouse en abordar o tema de novo unha vez iniciado o curso co fin de explicarlle ás familias as razóns desta toma de decisión. En xeral, a valoración da etapa de EP, tamén foi moi positiva en canto á consecución dos obxectivos e contidos por parte do alumnado. Na meirande parte dos casos acadáronse os obxectivos referentes ao coñecemento da lingua estranxeira contemplados na programación.

No caso do alumnado con necesidades, cabe dicir que, en todo momento se traballou en colaboración con Departamento de Orientación para garantir que os reforzos, ACIs necesarios, se levasen a cabo de xeito correcto e da maneira máis eficiente posible.

### ***Metodoloxía empregada***

A metodoloxía utilizada foi lúdica e partiu dos intereses dos nenos/as. Púxose a énfase nas situacións comunicativas nas que se debe dar respostas verbais breves ou completas de forma controlada. Os aspectos lúdicos, humorísticos e divertidos que contribúen a que os nenos/as aprendan en situacións próximas ao seu mundo real, tivéronse en conta e incluíronse co fin de conseguir que aprender inglés fose unha experiencia interesante e construtiva.

Os contidos presentáronse de forma contextualizada co fin de propiciar situacións de aprendizaxe significativa. Traballouse a partir de contextos (historietas, cancións, textos con grande apoio visual, etc.) cos que os alumnos/as xa estaban familiarizados. A creación de situacións de aprendizaxe significativa tamén se viu reforzada polo uso de ilustracións que axudaron a entender os significados novos. Pretendeuse desenvolver a competencia comunicativa nos alumnos/as a través de actividades nas que a linguaxe se empregaba con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, resolución de problemas da vida cotiá, contar, comprar, vender, etc... As destrezas de comprensión e expresión, tanto orais como escritas, desenvolvéronse de forma integrada favorecendo deste modo a adquisición/aprendizaxe de habilidades esenciais para comunicar en lingua estranxeira e contribuindo ao desenvolvemento das capacidades correspondentes.

### ***A figura do auxiliar de conversa.***

Valoramos moi positivamente a figura dun/ha auxiliar de conversa de lingua estranxeira nativo/a na aula, pois aporta moitos beneficios tanto ó alumnado como ó profesorado.

Cremos que o auxiliar de conversa é un recurso imprescindible para o profesorado desta área pois aumenta a curiosidade e motivación do alumnado pola lingua estranxeira e permite mellorar a práctica docente.

O auxiliar de conversa é un falante nativo e modelo auténtico da lingua e cultura que representa e tamén supón unha novidade con respecto ao profesor/a. Ademais o feito de ter unha persoa nativa permite que o alumnado coñeza como viven e pensan as persoas doutros países. dando a oportunidade de mellorar as habilidades lingüísticas, pero tamén aportando experiencias culturais directas enriquecedoras a nivel persoal.

No caso do auxiliar deste ano (o curso pasado non tivemos ningún), cabe dicir que foi unha persoa que se implicou no ritmo do centro dende o primeiro día. Aceptou todas as propostas de traballo



que se lle fixeron e aportou as súas propias que foron moi ben acollidas entre todo o profesorado e alumnado.

En todo momento, estivo disposto a colaborar e axudar. Foi moi ben recibido entre o alumnado, especialmente entre o alumnado máis novo de EP.

Para rematar, queremos destacar dous aspectos que fixeron que fose necesario **reformular as programacións**:

1. Houbo unha continua incorporación de novo alumnado ao longo de todo o curso, moito do cal tiña dificultades de aprendizaxe diferentes que foron necesarias cubrir modificando o ritmo, as actividades e a metodoloxía propostas ao inicio do curso. Xa que non só se incorporou alumnado dende outras comunidades autónomas españolas senón tamén dende países estranxeiros tendo en, moitos casos, un “hándicap” a maiores que era o descoñecemento do idioma, non só do galego ou o castelán senón tamén da Lingua Estranxeira (Inglés)
2. A gran cantidade de actividades complementarias que foron xurdindo nos diferentes trimestres, trouxo como consecuencia que se tivesen que reducir as sesións programadas nalgunhas das unidades didácticas como queda posto de manifesto no seguimento de PROENS.

De feito, no caso dalgún curso do 2º ciclo de EP, se perdeu un nº de sesións equivalente a un mes de clase. Este feito se manifestou nas diferentes reunións da CCP e pediuse que, aínda que estas actividades complementarias, se consideran importantes e esenciais para traballar determinados temas, se faga unha selección exhaustiva das mesmas para evitar que estas se realicen sempre nos días que se imparte unha mesma materia.

### **Reading club**

Como xa se ven facendo dende hai anos, tamén se continuou coa actividade que parte do Equipo da Biblioteca Escolar que é o “Reading club” ou club de lectura en Inglés.

Este ano, comezouse esta actividade co alumnado de 4ºEP xa que, ata o de agora, esta actividade só estaba destinada ao alumnado do 3º ciclo de EP.

Dita actividade se realizou na hora do recreo 1 día por semana.

### **MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

A Educación Física no noso centro estivo impartida durante este curso polos mestres/-as: María del Mar Vázquez Seijas substituída por Elizabeth Varela García e á súa vez substituída por Raquel Rodríguez Iglesias (psicomotricidade en Infantil) Juan A. Cotarelo González, substituído por Elisa Chao Giráldez (no 1º Ciclo de Primaria) e Modesto Rodríguez Centrón (no 2º e 3º Ciclo de Primaria).

#### **Consecución de obxectivos.**

En canto aos obxectivos da área, destacamos como aspectos máis importantes, a consolidación de certos hábitos e actitudes:

- A actividade física como hábito xerador de saúde e calidade de vida. Aliada na loita contra o sedentarismo e a obesidade.
- O xogo e o deporte como elemento lúdico e de socialización. Educar a competitividade.
- A aprendizaxe de novos xogos como alternativas para o tempo de lecer e como axuda para un desenvolvemento motriz máis harmónico e completo.

O mellor lugar para formar a deportistas habituais é a escola, baixo a tutela do profesorado que eduque e faga ao/á nen@ racionalizar e desfrutar do xogo situando nun segundo plano o resultado; para potenciar aspectos como a diversión, o esforzo, o xogo en equipo, o xogo limpo...

A importancia da preparación do corpo para o exercicio físico (quentamento) de cara a evitar posibles lesións e máis a recuperación logo da actividade físico-deportiva mediante estiramientos e a relaxación corporal, de cara a evitar a aparición de maniotas ou outras lesións de maior entidade.

As sesións de psicomotricidade tiveron como obxectivos que o nen@:

- Coñeza o seu corpo, adquira progresivamente a súa coordinación e control e desenvolva unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, coñecendo as súas posibilidades e limitacións.
- Execute desprazamentos de diferentes formas e, en distintas direccións, seguindo os ritmos marcados.
- Identifique conceptos: diante-detrás, arriba- abaixo, a un lado/ao outro,
- Inicie e defina a propia lateralidade.
- Coñeza o espazo e adaptándose a el.
- Desenvolva actividades de equilibrio e circuítos.
- Realice xogos en equipos.
- Goce da actividade física, á par que ía desenvolvendo as habilidades sociais básicas para realizar xogos conxuntos, aprendendo a compartir, a non gañar sempre, a axudar aos membros do seu equipo, a esforzarse, a compartir o espazo
- Se fagan conscientes da súa respiración e, empreguen a respiración profunda e consciente para relaxarse.
- Empreguen actividades de relaxación guiadas prestando a atención imprescindible para sentir o seu corpo, os diferentes segmentos, así como o estado axitado ou relaxado de todo o seu corpo.

### ***Rutinas nas sesións de psicomotricidade:***

- Asemblea: diálogo libre e explicación da sesión
- Quecemento: a partir de diferentes desprazamentos.

- Parte principal: actividades guiadas e xogos para desenvolver o obxectivo concreto de cada sesión
- Relaxación guiada e masaxe a un compañeir@.
- Na última avaliación, incorporamos a rutina, ioga infantil e actividades de calma.

Co bo tempo, aproveitamos o espazo exterior para realizar psicomotricidade. Sendo máis atractivo para os nen@s, pero usamos o espazo de primaria, para que puidesen diferenciar con outros tempos da xornada.

Emprego de material estruturado e non estruturado, para que os cativ@s teñan ferramentas para no seu tempo de lecer usen a creatividade e a imaxinación creando novos xogos a partir de material reciclado.

### ***Avaliación:***

Principalmente, valoramos a actitude do nen@ cara as actividades, en relación co grupo e na utilización dos materiais. Aceptando un maior ou menor desenvolvemento da motricidade sobre todo grosa, aínda que tamén a motricidade fina ante pequenas actividades máis concretas.

En xeral, conseguimos esta actitude favorable, por parte de tod@s @s nen@s, para participar nas actividades propostas e, unha actitude de goce ante a actividade física, valorando especialmente a última rutina das sesións, relacionada coa volta á calma e axudarlle a relaxarse a outr@ compañeir@.

### ***Dificultades atopadas e propostas de mellora:***

- Ao principio do curso, custou un pouco manter a atención para desenvolver cada actividade, pero pouco a pouco , fomos mellorando, ao ir coñecéndonos máis e ao ir coñecendo tamén as rutinas que se repiten en cada sesión.
- Algúns alumn@s non amosaban unha actitude participativa e amosábanse tímidos, pero pouco a pouco foron mostrándose máis animad@s, máis content@s.
- Debemos mellorar a adecuación da sesión ao tempo do que dispoñemos, dado que nas últimas horas, non nos deu tempo a realizar a rutina de relaxación.
- Tamén teremos que dinamizar máis a sesións, sobre todo co alumnado de 4 e 5 anos.
- Tamén son mellorables os xogos e cancións de camiño á aula de psicomotricidade.
- Utilizar ao menos unha sesión ao mes para realizar xogos que os nenos poidan usar no patio, dado que non coñecen moitos xogos.
- Fomentar máis as habilidades sociais, a través destes xogos.
- Introducir na rutina de relaxación, o ioga para nen@s.

### ***Educación Física e Saúde***

Continuamos neste curso, en Primaria, levando un control do peso dos nosos alumnos para apreciar a súa progresión e detectar os casos de sobrepeso e obesidade. Así como tamén os de Baixo Peso. Como en anos anteriores pesámoslos e medímoslos ao inicio e final de curso e calculamos o IMC (Índice de Masa Corporal) que nos proporciona un maior coñecemento do estado do noso alumnado. Non debemos esquecer que a Obesidade é unha enfermidade, e como tal debe ser tratada. E canto máis precozmente se actúe, máis doada será de reverter. O mellor para manter un peso equilibrado é conxugar un hábito de actividade física moderada, cunha alimentación sa e en cantidade proporcionada. A maiores neste curso incorporamos un control da estatura do alumnado, para detectar os casos con percentís baixos e para facer un seguimento dos seus progresos neste aspecto.

Por outro lado, seguimos a darlle importancia á hixiene postural nos múltiples actos diarios en que fan uso das súas costas (ao coller pesos, ao sentarse, ao durmir,...). Tamén cremos que debemos ser máis estritos no control do peso das mochilas (diversas organizacións médicas recomendan que non superen o 10% do peso do nen@). Están hipotecando o corpo para o futuro e tanto os pais/nais/tiores legais coma o profesorado, podemos axudarlles a sensibilizarse e responsabilizarse en maior medida do seu corpo, en período de crecemento e conformación. Temos que tomarnos este tema moi en serio, pois cada vez hai máis nen@s con problemas de desviación de columna, lumbalxias e dores repetitivos de costas.

### ***Melloras e necesidades da Área de E.F.***

Con respecto á aula de Psicomotricidade, aínda que se incorporou material novo a inicios deste curso, hai unha parte do material que está en mal estado, principalmente porque se utiliza en diversas actividades extraescolares e complementarias e non se coida adecuadamente. Conviría escribir unhas normas de uso que estivesen alí visibles e uns carteis indicativos do lugar onde hai que colocar cada material logo do seu uso. Observamos que hai unha falta de supervisión das actividades que realizan alí os nen@s, sen control e/ou realizando xogos non permitidos. Conviría tamén darlle un lavado ás fundas das pezas de espuma e dos xogos psicomotrices.

Nos gustaría tamén que se tivese en conta que a aula de psicomotricidade é un espazo onde se desenvolve unha actividade curricular e cremos que habería que telo en conta á hora de utilizala como almacén para as diferentes celebracións.

No que atinxe ao pavillón, o esforzo económico realizado pola ANPA e o propio centro para mercar unha máquina de limpeza para a pista do pavillón foi un en van, porque a persoa que ten que facer uso dela para unha limpeza diaria da pista non o fai, incumprindo as súas obrigas (a pesares de que conta con tempo máis que suficiente para facelo). Isto repercute no desenvolvemento normal das clases de E.F. O alumnado esvara con frecuencia debido á cantidade de lixo que se acumula no chan e hai actividades que temos que facer no exterior ante o risco alto de caídas e posibles lesións. Como xa dixemos nas Memorias dos anos 2006-07, 2007-08, 2008-09, 2009-10, 2010-11, 2011-12, 2012-13, 2013-14, 2014-15, 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19, 2019-20, 2020-21, 2021-22, 22-23 e 23-24, o pavillón do colexio é un espazo educativo máis, e como tal, debe ser

limpado diariamente ao igual que todas as demais dependencias do colexio. Máis aínda cando tamén é utilizado para recreos cando chove, celebracións varias e actividades deportivas do Concello en horario extraescolar. É a única instalación deportiva da bisbarra que non se limpa convenientemente.

Con respecto ao material de E.F., o seu deterioro é constante a pesares de que se intenta que lle dean o mellor trato e se evita utilizalo fóra do pavillón. Aínda así hai que renovar cousas que se van estragando, como é o casos dos colchóns, patíns e outros.

Tamén queremos pedirlle ao Concello que aproveitando as vacacións de verán coloque o rocódromo, pois as pezas levan xa varios meses no colexio (dende o 21 de marzo).

Outra incidencia salientable foi a rotura de varios cristais do pavillón nas actividades extraescolares do Concello. Foron repostos con prontitude.

Continuamos co problema crónico da limpeza dos cristais e as arañeiras. Pedimos ao concello que teña unha periodicidade, cando menos, anual. Na que se faga unha limpeza exhaustiva e non un mero lavado de cara que aos poucos meses volve a estar igual. Preferentemente en calquera dos períodos de vacacións para non alterar a dinámica habitual das clases de E.F.

Notamos tamén nos últimos anos un mal uso crecente dos neceseres e/ou mochilas de aseo ou ducha. Cada vez é máis habitual que os utilicen como pelotas de fútbol ou os lancen ao aire quedando moitas veces enganchados no alto do pavillón. Este curso non fomos quen de reducir este mal costume.

Tamén notamos, sobre todo nos cursos altos, un aumento do consumo de chicles. Na nosa área convértese nun problema pois é altamente desaconsellable realizar actividade física con algo na boca, por perigo de atragoarse. Ademais está a aumentar a cantidade de chicles pegados por todo o patio escolar. Debemos valorar se convén prohibir o seu uso durante o horario escolar, dado que o seu valor nutritivo é nulo.

Pregamos que cando se faga o tratamento á auga quente do pavillón para evitar a aparición de Legionella, se nos avise coa suficiente antelación para poder organizarnos e, a ser posible, fose realizado este labor en períodos non lectivos para non interferir na marcha das clases.

No que atinxe ás duchas escolares que se fan ao término das clases de E.F. no segundo e terceiro ciclo de primaria, temos que salientar algúns casos de prexuízos por motivos relixiosos ou culturais; e outro máis estendido que é as reticencias por non contrariar ao nos@ fill@. Houbo que facer moita pedagogía para conseguir que todo o alumnado se duchase, pero logrouse. Aínda que algún alumnado o fai sen quitarse o calzón. Queremos lembrar, como di o currículo de Primaria (DOG nº 183 de 26 de setembro de 2022 na páxina 49605) e no apartado k), que un dos obxectivos de etapa a lograr co noso alumnado é:

*k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferencias e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*

Dende esta área entendemos que os complexos e os medos que poidan ter @s nen@s hai que axudarlles a superalos e non deixar que medren con eles.

Noutra orde de cousas, seguimos botando en falta que se puidera establecer polo menos unha reunión para intercambiar información co profesorado de E.F. do IES. Lauro Olmo que vaia impartir

clase ao noso alumnado de 6º o vindeiro curso académico. Así como para establecer unha coordinación relativa aos contidos impartidos na área, tanto no 3º Ciclo de Primaria coma no 1º Ciclo da E.S.O. Cremos que a reunión de todo o equipo de mestres de 6º de Primaria coa Xefa de Estudos do devandito I.E.S. (que si se realiza), non exclúe outra máis específica (por áreas), podendo ser tanto a finais de xuño como a principios de setembro. Levamos moitos anos advertindo da necesidade desta coordinación, parece que só o profesorado especialista de E.F. deste centro a ve de interese.

Por último, pero non por iso menos importante, este curso botou a andar o *PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES* coa finalidade “*da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa saudable e autónoma, por parte do alumnado*”. O devandito plan ten varias liñas de actuación. Por un lado, propiciar un tempo diario para romper coa dinámica máis sedentaria dalgunhas áreas do currículo, comprometernos a organizar unha actividade complementaria cun compoñente eminentemente físico unha vez ao mes.

Exemplos de posibles actividades: andaina polo Camiño de Inverno, día do peón, día de xogos populares, carreira coas nosas mascotas, xincana no patio, busca do tesouro, día do deporte na rúa... Ademais de fomentar entre as familias do alumnado non transportado que acudan ao colexio andando ou en bicicleta e que fagan uso do Camiño Escolar Seguro.

A maiores, temos que chegar nós a consensos para logo incidir nas familias sobre temas directamente relacionados con hábitos saudables: merendas escolares, menús escolares, horarios de sono, tempo de uso de videoxogos, horas de televisión, peso das mochilas, actividades no tempo de lecer...

## *MEMORIA DA AULA DE EDUCACIÓN MUSICAL*

### ***Mestres que interviñeron***

Este ano a materia de Música foi impartida en primaria por Xoaquín Freixeiro e Raquel Otero, mestres especialista en EM, e por Raquel Rodríguez, Elizabeth Varela e M<sup>a</sup> del Mar Vázquez, profesoras de apoio de ensino infantil, nos cursos do seu nivel. Raquel Rodríguez veu a substituír a Elizabeth que traballou na primeira e segunda avaliación, mentres que M<sup>a</sup> del Mar resultou de baixa médica dende o mesmo mes de setembro.

As clases desenvolvéronse na aula de música, situada no primeiro andar do edificio do colexio, nunha ala onde convivimos coa aula de idiomas e a de informática. No caso das clases de infantil usaron tamén a aula de psicomotricidade situada na parte baixa do centro nun espazo que limita co salón de actos.

### ***Actividades realizadas e recursos***

Continuamos empregando a aula virtual e máis o Espazo Virtual de Aprendizaxe, para subir as partituras que traballamos nas aulas e algúns recursos como poden ser vídeos de interpretacións das cantigas.

Dende a clase de música achegáronse actividades para as distintas celebracións do colexio, preparando panxoliñas no Nadal, cantigas de maio ou cantigas galegas nas letras galegas. Traballamos con actividades de orquestra escolar e musicalizacións das cancións traballadas ou pequenos xogos e bailes.

Non houbo melloras significativas na aula durante este curso, unicamente o aproveitamento, en forma de doazón, duns xilófonos do CEFORE de moita maior calidade dos que tiñamos coma dotación do centro, xa que esta institución vai cambiar de situación e ten que se desprender de boa parte do material que tiña gardado.

***Melloras necesarias de cara ao curso que vén***

As bancadas móbiles, se ben facilitan o traballo do canto, sería aconsellábel que se lle acoplasen, quizais empregando o material do Polo Creativo, un sistema que evite que se podan mover, polo perigo que supón esvarar cos rapaces enriba.

A nivel instrumental poderíase valorar a adquisición dunha nova dotación de pequenos instrumentos como metalonotas, triángulos (ou reparar os existentes) ou un xogo extra de campás diatónicas.

***MEMORIA DE RELIXIÓN***

O colexio contou cun total de 229 alumn@s de relixión católica no curso 23-24. A materia de relixión católica desenvólvese en educación infantil e educación primaria do seguinte xeito:

O reparto das sesións en infantil e primaria queda como se reflicte na seguinte táboa:

Ensino Infantil		Ensino Primario	
Cursos	Sesións	Ciclos/Cursos	Sesións
3 anos A e B	1	1º Ciclo/1º A e B	1
		1º Ciclo/2º A e B	1
4 anos A e B	1	2º Ciclo/3º A e B	1
		2º Ciclo/4º A e B	1
5 anos A e B	1	3º Ciclo/5º A e B	1
		3º Ciclo/6º A e B	1

***Educación infantil***

Durante o curso 2023-2024 os obxectivos do proxecto curricular de relixión foron acadados por todo o alumnado.

Nestes cursos non se emprega libro de texto, traballándose a base de fichas, sempre relacionadas cos temas a traballar e elaboradas a partires de distintos materiais.

Aspectos a considerar nas alumnas e alumnos destes cursos:

- Características madurativas dos alumnos/as.
- Actividades lúdicas.
- Importancia da actividade.

- Necesidade de expresión corporal.
- Axustes de coordinación.
- A linguaxe
- Música

### ***Educación primaria***

#### 1ºciclo

Neste ciclo os obxectivos propostos foron acadados de xeito satisfactorio por tod@s @s alumn@s. Estes obxectivos foron: escoitar, ser ordenados, compartir cos demais, fomentar a relación dos compañeiros de clase, inculcar valores de autoestima, tolerancia, respecto aos demais...

Traballamos co libro de texto de Editorial Anaya. Ao longo do curso traballamos actividades centradas nunha interacción amigable entre ambos xéneros, tales como xogos...

#### 2ºciclo

A consecución dos obxectivos foi satisfactorio dabondo, xa que houbo unha significativa implicación do alumnado nas tarefas realizadas. Os obxectivos propostos foron: valorar ás persoas que nos axudan a medrar como persoas e en coñecementos, recoñecer o amor e cariño á familia, saber axudar aos demais, compartir, comparar como actúa Xesús e como actúo eu...

Traballamos o libro de texto de Editorial Anaya facendo lectura dos temas, explicación e actividades correspondentes, relacionándoas coa súa vida persoal.

O ritmo de traballo adaptouse aos alumn@s ao través da combinación de:

- Libro de texto e escolma de exercicios e actividades propostas
- Actividades de reforzo
- Actividades complementarias
- Medios audiovisuais

#### 3ºciclo

A consecución dos obxectivos foi acadada dun xeito conveniente. Os obxectivos propostos foron: valorar aos amigos, a amizade, tentar ser máis feliz, saber organizarse, a importancia dos evanxeos coma os libros máis importantes da Biblia, aprender a buscar na Biblia por capítulos e versículos, recoñecer expresións en obras de arte (pintura, cadros...). Traballamos os valores: respecto aos mestres e compañeir@s, igualdade entre compañeir@s, ser responsábeis, constancia no traballo, respecto pola natureza.

### ***Valoración xeral***

Ao longo do curso desenvolvéronse os contidos da programación de cada ciclo, ampliándose con actividades, vídeos, xogos, traballos de procura e lectura da Biblia.

Polo xeral os obxectivos acadáronse convenientemente.

O ambiente das aulas é bastante bo, aínda que ás veces xorden pequenos conflitos que son solucionados entre tod@s pola mensaxe de Xesús, que eles admiten case sempre de bo agrado.

Tamén se traballaron durante todo o curso valores sociais e cívicos.



*MEMORIA DO PLAN DIXITAL*

Cos novos **ordenadores do proxecto Abalar**, os modelos HP probook, e cunha escolma dos **equipamentos antigos de Abalar** que aínda está operativos, máis un total de 21 ordenadores do proxecto contra da fenda dixital, todo o alumnado de 3º a 6º de primaria contan cun ordenador para a realización das actividades online que se lle propoñen.

Este feito fai que o horario da sala de informática, empregada por infantil e primeiro ciclo de primaria, permita que estas clases sen dotación propia de equipamentos poida acudir á aula con maior frecuencia.

A respecto da sala de informática contamos con 19 postos co mesmo software e hardware, o que fai que, no caso de necesitar resetear algún equipo o proceso sexa moito máis doado ao dispoñer dunha imaxe ISO para toda a sala. Contamos cunha reserva de ordenadores importante para que, no caso de avaría poidamos substituír rapidamente o equipo danado.

En todo caso queremos valorar a importancia que ten esta aula en canto que facilita o contacto do alumnado dos cursos inferiores, que carecen da dotación Abalar ou outros medios informáticos similares, co mundo das novas tecnoloxías, e onde aprenden rutinas como o proceso de acendido e apagado do computador ou o manexo do rato.

A outro nivel sinalar tras a creación do Polo Creativo nunha aula do primeiro andar no curso pasado, este ano xa se comezou a traballar neste espazo cunha importante produción audiovisual, realización de chapas e vestidos para o festival de Nadal e graduacións. Asemade realizouse unha intensa actividade de formación no manexo dos recursos desta aula para o profesorado, con formación na máquina de coser, plotter, bolígrafos 3D, impresora 3D, montaxe audiovisual e radio. Consideramos que esta actividade de formación debe continuarse no próximo ano, xa que moito do profesorado que acudiu a estes cursos non vai estar, con moita probabilidade no centro, así que debemos facer esforzos para capacitar a todo o profesorado que chegue de novo ou nos arriscaríamos a que a aula perdese folgos.

Tamén deberemos facer un protocolo de uso da aula, para cambiar o paradigma de que é un lugar onde hai recursos que recollemos alí e levamos á nosa aula, para converterse nun lugar onde imos co alumnado a traballar.

Seguimos a esperar a dotación que falta de robótica.

Se o ano pasado se substituíron as PDI de Infantil e primeiro ciclo de primaria (un total de 10), por un novo equipamento de pantallas con sistema dobre (maqueta abalar e android) que veñen mellorar de xeito significativo as prestacións das PDIs antigas, este ano estaba prevista a substitución das aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, pero, a pesares de ter enviado toda a documentación que se nos solicitou, aínda non se produciu a renovación dos aparatos. Esperamos, non obstante contar con eles de cara ao inicio do vindeiro curso.

Por último, como **anotación metodolóxica** ás aulas Abalar e ás aulas que se suman ao traballo por proxectos de investigación, insistimos no apuntado xa no curso pasado, isto é, que debemos evitar en converter o ordenador nunha máquina de realización de exercicios, e non esquecer que o gran reto do noso alumnado para o mundo que os espera, é a de manexar as informacións que circulan pola rede, un amplo mundo cheo de verdades, mentiras, oportunidades, ameazas... que só cun

manexo serio e responsable serán quen de discriminar. Neste sentido as procuras de información, o contraste de fontes, o uso ético das informacións (citas, recoñecemento de autoría...) son competencias básicas que temos que reforzar nas nosas prácticas de clase accedendo a unha serie de exercicios tipo Procura de Tesouros, miniwebquests, proxectos de investigación, etc...

Tal e como comentamos na memoria do ano pasado a **Biblioteca** acometeu un proceso de renovación dentro do programa LIA-2, co que agora conta cunha serie de servizos e materiais TIC de grande valor formativo.

Seguimos valorando o traballo dos **blogs de aula**, e máis agora que se converten en voceiros dos proxectos de aula, amplificando o traballo do alumnado cara ao exterior, dándolle o valor social que demanda este tipo de proxecto. Neste sentido cremos que sería de grande interese que se migrasen estes blogs dos servidores privados ao servizo de Drupal da Consellería, xa que supón ter un maior control

A **sala de recursos dos mestres** funcionou como nos anos anteriores.

### **Plan Dixital**

A pesares dos esforzos que se teñen feito en formación docente, resulta necesario seguir incidindo na capacitación básica do profesorado en ferramentas dixitais así como no cumprimento dos protocolos de uso dos equipamentos e no coñecemento e posta en práctica do protocolo de comunicación.

Velaí que de cara ao curso que vén teremos que coordinar os esforzos do Plan Dixital cos da coordinación de Formación para que as liñas de traballo do PFPP inclúan os contidos que marca o Plan Dixital do Centro, que se deberán adaptar á nosa nova realidade que inclúe tamén o Polo Creativo.

### **MEMORIA DA AXENDA 21**

Dende Axenda 21 este curso continuamos coa implantación do proxecto de Voz Natura “Un paseo polo horto” iniciado no curso pasado.intentaremos fomentar a implicación da comunidade educativa en actividades desta índole, dando xa o primeiro paso neste camiño participando no proxecto de Voz Natura que leva por título “Un paseo polos hortos” e tamén con saídas en coordinación co concello e a consellería de medio ambiente.

### **Profesorado membro do grupo de axenda21**

Mestr@s membros do grupo de Axenda 21 no curso 2023- 24.

#### **De Educación Infantil:**

Sonia González González 3 anos A

Eva López Rodríguez (apoio e Inform.)

M.ª Mar Vázquez Seija (apoio Música e Psicomotricidade)

#### **De Educación Primaria**

M.ª Nieves Alejandre Lorenzo 2º B (ccordi.)

Elisa Puente Murias (PT)

Rubén López Fernández 3 ºA

María Pilar Santas Rodríguez 3º B  
Esther Pol Álvarez 5º B  
María del Socorro Robles Castro (Relixión)  
M.ª Vanesa Diz Vázquez (AL)

### **Reunións:**

Aínda que nun principio acordamos reunirnos o cuarto luns de cada mes a mediodía non puidemos levar a cabo as reunións do xeito previsto dado que varios dos membros do equipo tiñan reunións doutros grupos de traballo á mesma hora e algúns membros do equipo causaron baixa ao longo do curso. A información dos temas a tratar e reparto de tarefas, preparación e desenvolvemento de actividades levouse a cabo en encontros informais entre os membros do equipo.

Na primeira reunión informámoselle aos novos membros de Axenda 21 dos distintos recursos cos que conta o centro e os distintos espazos no que desenvolve a súa actividade, tamén fixemos unha recapitulación das distintas actividades que facíamos con anterioridade noutros cursos e se fixeron propostas de actividades novas.

### **Actividades levadas a cabo durante o presente curso:**

- Informar aos titores dos recursos cos que conta o centro, as súas instalacións e como se leva a cabo a reciclaxe dentro e fóra das aulas.
- Construíronse 3 xardíns móbiles a partires de colectores grandes de lixo que nos cederon ao colexio para separar as zonas de patio de infantil e primaria. É preciso sinalar que, nun principio eran 4 pero un deles estragouse e tivemos que retiralo.
- Empregáronse materiais de refugallo para facer adornos e tarefas relacionadas cos distintos eventos do centro, magosto, nadal, entroido, etc.
- Continuouse coa recollida de tapóns, pilas e tóner, para a súa posterior reciclaxe. Neste apartado hai que salientar que xa non atopamos empresas/asociacións que nos recollan os tapóns ou aos que nós llos poidamos achegar. O que facemos é reciclalos no colector amarelo pois non temos lugar para almacénar ata que apareza un destinatario.
- Levouse a cabo a reforma do horto ecolóxico (posposta desde finais do curso pasado) para así evitar as humidades dos corredores lindeiros a algunha aula de infantil e mellorar a produtividade do propio horto.
- Quedou pendente a elaboración por parte do curso de carpintería do concello de mobiliario novo para os hortos, andeis, armarios e unha mesa con bancos que xa se solicitara con anterioridade.
- Charla dun axente forestal aos nenos/as de cuarto e quinto. Faloulles da fauna e flora da nosa contorna, como coidala e protexela. Tamén se fixo en coordinación cos mesmos unha saída ao monte de Viloira para plantar os castiñeiros do indulto da castaña do ano pasado e tamén algunhas árbores que nos proporcionaron os de medio ambiente.
- Seguiu traballando nos hortos exteriores e interiores.

- Plantáronse 3 árbores no parte axardinada diante da biblioteca coa finalidade que que, cando medren un pouco, poidan dar algo de sombra aos bancos que hai xusto diante, pois son poucas as zonas de sombra no patio dianteiro para tanto alumnado nos recreos.
- Dado que a remodelación do horto ecolóxico non rematou ata case finais do terceiro trimestre acordamos facer nun dos bancais un viveiro cos castiñeiros (produto da actividade do indulto da castaña do magosto) e outras árbores e no outro bancal plantar unhas plantas de tomates de de cabaza e cabaciño para aproveitar a terra preparada. As árbores que sobrevivan empregaranse na actividade desenvolvida coa concellería de medioambiente o curso que vén para replantar zonas forestais da nosa comarca.
- Coidado dos hortos aromático, botánico e exteriores.
- Os distintos cursos que teñen hortos exteriores fixeron plantacións de tomates, leitugas, cebolas, cenorias, framboesas... As leitugas aproveitaranse coma en cursos anteriores para comer no comedor do colexio un día da última semana do mes de xuño.
- Plantáronse máis flores nos neumáticos nos que se secaron as que puxemos o curso pasado ou as que estragaron os nenos nos recreos.
- Contamos co material preciso para instalar a finais deste trimestre o rego automático no horto aromático tratando de evitar así a perda de plantas todos os cursos no mesmo.
- Os castiñeiros que naceron do indulto da castaña, leváronse ao horto aromático para o seu mantemento ata o curso que vén, tendo xa programada unha saída para cos nenos/as os planten nunha zoa facilitada pola consellería de medio ambiente.
- Solicituoselle ao concello un colector marrón de residuos orgánicos para elaborar compost. Situámolo detrás da cociña e sácase 2 veces á semana para que o persoal do concello o veñas baleirar.
- Tras unha charla por axentes Forestais aos nenos de 4º e 5º curso de Primaria foron plantar a Vilaira unhas árbores proporcionadas polos propios axentes ademais das que levaron do cole procedentes da actividade do noso cole do indulto da castaña do ano anterior (27 e 28 de febreiro).
- Este curso os alumnos niveis do primaria disfrutaron dunha actividade proposta polo Concello cque consistía nunha pequena obra de teatro no Teatro Lauro Olmo titulada "Xogando a reciclar" (18 de marzo).
- Creáronse e prentaronse 2 curtas de animación a toda a comunidade educativa e a un concurso para o departamento de Dinamización Linguüística da Consellería onde tanto os personaxes como o decorados estaban feitos por varios dos alumnos do cole con material de refugallo.

### ***Aproveitamento de medios e recursos existentes. Novo material mercado***

- Para mellorar o traballo nos distintos hortos, compráronse máis luvas para os/as nenos/as e adultos, os cales están colocados no horto ecolóxico.
- Mercáronse plantas e bulbos para os hortos exteriores e o horto aromático.
- Comprouse tea anti-herba e produtos para protexer e coidar as plantas, un sistema de rego completo para o horto aromático, varios cestos, ferramentas (pas e rastrelos pequenos para

uso dos nenos), diferentes tipos de substratos/abonos e terra ecolóxicos para enriquecer a terra dos hortos.

### ***Valoración dos resultados e propostas cara o vindeiro curso***

Os resultados obtidos facendo referencia a participación de toda a comunidade educativa non foron todo os desexados, nas clases fan mal a reciclaxe, no patio os nenos/as seguen a tirar lixo fóra das papeleiras e a non ter coidado cando xogan no patio, pisan os hortos e estragan as plantas.

Tras instalar o rego automático no horto aromático tentaremos facelo tamén nos outros 2 hortos interiores (ecolóxico e botánico).

Seguiremos facendo selilleiros para non ter que mercar, na medida do posible, as plantas para os nosos hortos.

Pensaremos no xeito de poder extender a actividade de replantación de árbores a máis clases do colexio (que non quede limitada soamente a 2).

Actividades que non se levaron á práctica no presente curso:

- Ecocine.
- Patrullas verdes. É unha actividade que xa non desperta interese polos [nen@s](#), que prefiren xogar todo o recreo, a pesares de que soamente lles correspondería facela unha vez cada mes e medio durante 15 minutos do recreo.
- Taller de recollida selectiva de residuos levado a cabo polo Concello. Quedou pendente, despois de falar co responsable do concello, facer unha actividade que se levara a cabo cursos anteriores, sobre como debemos seleccionar os residuos que xeramos e a que colector se deben botar. Consideramos que se debe facer a principios do vindeiro curso para todo o alumnado e profesorado. Pois estamos a notar ou ben moita desinformación ou quizais deixadez por parte de [tod@s](#) no tocante a este tema.

### ***ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS***

As actividades Extraescolares e Complementarias son unha importante axuda no proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Favorecen as aprendizaxes significativas e axudan a fixar os conceptos que se traballan nas aulas. En definitiva, facilitan o coñecemento da realidade que nos rodea.

No noso centro, a tenor do número e calidade das mesmas, estamos convencidos da súa importancia. A través delas o alumnado ten un coñecemento máis real da contorna, ten unha maior motivación cara a lectura, mellora a súa expresión oral, aprende a traballar en grupo, é máis solidario, respecta en maior medida o medio ambiente, adquire coñecementos curriculares dunha forma máis práctica, directa e lúdica, participa das tradicións máis arraigadas da nosa cultura, mellora a súa condición física, pon en valor a nosa lingua... Queremos agradecer ás familias e a

moitas outras persoas alleas á nosa comunidade educativa, a súa colaboración desinteresada na realización de moitas das actividades que a continuación se relacionan. Sen a implicación e o esforzo de tod@s eles/-as e, por suposto, de todo o profesorado e máis do Persoal Auxiliar Coidador, sería imposible levalas a cabo.

### **Concursos**

- **Concurso de Radio Ecopreguntoiro**, de RADIOVOZ (o día 15 de febreiro). Participaron alumn@s de 6º de Primaria. Este ano tampouco pasamos da primeira rolda.
- A partires de marzo desenvolveuse no colexio a **Olimpíada do Saber** onde o alumnado de Primaria, por equipos, demostraba os seus coñecementos e capacidade de busca de información sobre diversos temas.
- Concurso de Xadrez: Realizouse no mes de maio entre o alumnado que se anotou libremente para participar. Esta actividade promovida dende a biblioteca contou con 20 concursantes e despertou un interese polo xogo que se manifestou nos recreos do que quedou de curso.
- Concurso de Curtas de animación: **Nós tamén creamos**. Desenvolvido por alumnado de 1º, 2º, 4º, 5º e 6º de primaria.

### **Actos solidarios**

- **Recollida de Tapóns**: Durante todo o curso, fixemos unha recollida de tapóns de plástico para sufragar aqueles aparellos que facilitarán o día a día a nen@s con minusvalías. En colaboración coa Fundación SEUR.
- **Recollida de cartuchos de impresora baleiros**. Durante todo o curso.
- **Recollida de bolígrafos e rotuladores**.

### **Charlas, obradoiros, actuacións, exposicións e proxeccións**

- 22 de setembro e 4 de outubro: **Obradoiro de nutrición “Comendo cores”**. Impartido pola Nutricionista do Centro de Saúde para o alumnado de 4º de Primaria.
- 26 de setembro: **Actuación do Grupo de baile tradicional Abertal**. Para Infantil e 1º Curso de Primaria.

- 29 de setembro 10, 20, 27 de outubro e 3 e 7 de novembro: **Obradoiro de nutrición “Garavanciño come saniño”**. Impartido pola Nutricionista do Centro de Saúde para o alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria.
- 29 de setembro: **Teatro “A nena que vivía nunha caixa de mistos”**, no Teatro Lauro Olmo, para o alumnado de 2º e 3º de Primaria.
- 2 de outubro: **Obradoiro de Primeiros Auxilios**, para o profesorado.
- 6 de novembro: **Club de lectura de adultos**.
- 17 de novembro e 22 de marzo: **Charla sobre o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra**. Para o alumnado de 3º a 6º de Primaria. Impartido polo Técnico Medioambiental do Parque.
- 10, 12, 15 e 17 de xaneiro: **Obradoiro para a prevención da violencia de xénero**. Organizado polo CIM do Barco para o alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- Do 15 ao 26 de xaneiro e do 4 ao 14 de marzo: **Programa Almorzos Saudables**, da Unión Europea co fin de fomentar uns hábitos alimenticios saudables entre a cativada, a través do reparto de froita e leite nos recreos en dúas quendas de 10 días.
- 16, 18, 23 e 25 de xaneiro: **Obradoiro de Primeiros Auxilios “Pupas, sustos e outros desgustos”**. Para o alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- 18 de xaneiro e 2 de febreiro: **Charla de desenvolvemento persoal e emocional “Eu son”**. Por Estela Delgado. Para o alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- 2 de febreiro: Visita guiada á **Exposición Castelao Grafista**. Na Sala de Exposicións de ABANCA. Foi o alumnado de 4º de Primaria.
- 15 e 16 de febreiro: **Almorzo TEI** (Titorización Entre Iguais) por parte do alumnado de 3º e 5º de Primaria.
- 27 de febreiro: **Charla medioambiental**. Polos Axentes Ambientais do noso Distrito Forestal. Para o alumnado de 4º e 5º de Primaria.
- 28 de febreiro: **Plantación de árbores autóctonas** (entre elas, os castiñeiros do indulto da castaña do curso pasado) nos montes de Viloira, queimados polo incendio de agosto de 2023. Organizada polos Axentes Ambientais do Distrito Forestal, para o alumnado de 4º e 5º de Primaria.
- Do 11 ao 13 de marzo: **Actividades de Educación Viaria** para todo o alumnado do colexio. Organizadas pola Garda Civil de Tráfico e Protección Civil. Cun circuito de educación viaria,

exhibición de medios da Garda Civil de Tráfico e máis de Protección Civil e unha charla polos propios gardas civís.

- 14 de marzo: **Presentación de Cholo e Nela**. Para o alumnado de Infantil no Teatro Lauro Olmo.
- 15 de marzo e 12 de abril: **Obradoiro de Educación Bucodental**. Para o alumnado de 1º a 4º de Primaria.
- 18 de marzo: **Representación “Xogando a reciclar”**, no Teatro Lauro Olmo para o alumnado do 1º Ciclo de Primaria.
- 20 de marzo: **Animación á lectura con Paco Nogueiras**. Para o alumnado de 3 anos e 1º de Primaria.
- 10 de abril: **Contacontos de Anaya**. Para o alumnado de Infantil e 1º Ciclo de Primaria.
- 17 de abril: **Obradoiro “Ilustrar en familia”**. Para alumnado e familias, fóra do horario escolar.
- 23 de abril: **Teatro en inglés A Class Act**. No Teatro Lauro Olmo, para o alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- 25 e 26 de abril: **Andaina polo Camiño de Inverno**. O día 25 para o alumnado de Infantil e 6º de Primaria e ao día seguinte para os demais. Como parte do Proxecto Documental de Centro.
- 25 de abril: **Encontro coa autora Antía Yáñez** (O misterio de Portomarín/Senlleiras). Para o alumnado de 4º e 5º de Primaria e tamén para as familias.
- 30 de abril: **Charlas do Plan Director sobre Acoso Escolar e riscos de internet**. Impartidas pola Garda Civil para o alumnado do 3º Ciclo de Primaria.
- 6 de maio: **Obradoiro de Hixiene Bucodental**. Para o alumnado de Infantil.
- 6 e 20 de maio: **XIX Obradoiro de Xogos Tradicionais** para o alumnado de 5º de primaria. Impartido polo Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais da Deputación de Ourense.
- 23 de maio: Presentación do libro **Pedro, o piloto de gaivotas** e máis un **obradoiro inclusivo de ilustración**. Por parte do escritor Manuel Darriba e a ilustradora Aída Alonso. Para o alumnado de infantil de 5 anos e 1º Ciclo de Primaria e máis o alumnado de NEAE. Pola tarde, charla do autor para as familias.
- 5 de xuño: **Obradoiro de técnicas de radio e vocalización**. Para o alumnado de 4º de primaria.
- 5 de xuño: **Obradoiro de radio** para o profesorado.



- 6 de xuño: Presentación no Teatro Lauro Olmo das **curtas de animación dentro do Concurso *Nós tamén creamos***. Feitas por alumnado de 1º, 2º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- 7 de xuño: Proxección das **curtas do concurso *Nós tamén creamos*** por quendas, para todo o alumnado do colexio.
- 13 de xuño: **Obradoiro sobre o mel**. Impartido por Mel de Galicia, para o alumnado do 1º Ciclo de Primaria.
- 14 de xuño: **Charla sobre residuos e reciclaxe**. Para o alumnado de 1º de Primaria.
- **Dino Radio**. Fixéronse 7 programas de radio en formato podcast ao longo do curso coas seguintes temáticas: *Manifesto 25 de novembro*, *Rosa Parks sentouse para levantar ao seu pobo!*, *Club de lecturas científicas*, *Ada Lovelace a nai da computación*, *Mulleres galegas na ciencia*, *Homenaxe a Rosalía de Castro*, *8 de marzo: día da muller*.

### ***Celebracións, saídas e excursións***

- **Inauguración da sinalización vertical do Camiño Escolar Seguro** (4 de outubro), polo alumnado de 6ºA. No Paseo do Malecón.
- Saída de recoñecemento co alumnado de 3º a 6º de Primaria usuario das tres **rotas do Camiño Escolar Seguro** (10 de outubro).
- **Visita ao Concello** (17 de outubro): polo alumnado de 4º de Primaria.
- **Visita á adega Godeval, Igrexa e Mosteiro de Xagoaza** (17 de outubro): Polo alumnado de 5º de Primaria.
- **SAMAÍN** (31 de outubro): todo o colexio celebrouno con diversos actos e actividades: exposición de cabazas decoradas (do 30 de outubro ao 3 de novembro), *Photocall* do Samaín, Festa Terrorífica (Infantil e 1º Ciclo de Primaria), proxección de películas infantís de medo, relatos de terror,...
- **Visita a Castañas Rafael** (8 de novembro), por parte do alumnado de 2º de Primaria.
- **Polo San Martiño, peóns ao camiño** (10 de novembro): baile colectivo de peóns no patio de recreo, polo alumnado de primaria do colexio.
- **MAGOSTO** (10 de novembro): Este curso quixemos celebralo cun xantar ao aire libre. Comemos empanada e bolos preñados no pavillón (o tempo non acompañou para facelo no patio) e castañas asadas. Tamén se fixeron plantacións de castañas en diferentes aulas (“o indulto da castaña”) e diversos traballos manuais coas castañas.

- **Visita á Adegua Cooperativa Vinos Barco** (20 de novembro): por parte do alumnado de 4º de Primaria.
- **Visita á Sala de Cinema** do Teatro Lauro Olmo (22 de novembro). Polo alumnado de Infantil de 5 anos.
- **Día Internacional da eliminación da Violencia contra a Muller** (24 de novembro): A árbore da solidariedade coas mulleres vítimas de violencia (feita con pequenas notas que o alumnado foi pegando), andaina reivindicativa con diversos percorridos dependendo da idade do alumnado, levaron chapas e pancartas feitas por eles) e cun pequeno cartón violeta fixemos cos nosos corpos un símbolo da muller xigante.
- **O NADAL:** Tivemos a **visita do Apalpador** (13 de decembro) para o alumnado de Infantil. O mércores 20 de decembro pola mañá fixemos o **Festival de Inverno** para as familias no pavillón. O xoves 21 de decembro visitaron o colexio os **Reis Magos de Oriente** e recibímolos tod@s no patio do colexio. Tamén tivemos un **Buzón Real**, elaborado pola ANPA, onde os máis pequenos puideron depositar os seus desexos en forma de carta. Houbo tamén unha sesión de **Photocall** cos Reis Magos no patio cuberto.
- **Semana da Muller na Ciencia** (26 de xaneiro): Xincana de experimentos científicos. actividade onde se conxuga a explicación de diferentes experimentos científicos, coa utilización do galego como lingua vehicular. Ademais de traballar a expresión oral en público. Participou todo o alumnado do colexio.
- **DÍA Internacional da PAZ e a non Violencia** (30 de xaneiro): Neste día preparamos catro estacións polas que ía pasando o alumnado e onde traballaban aspectos relativos á convivencia pacífica no colexio cos propi@s compañeir@s e tamén a situación de guerra que viven en Palestina.
- **ENTROIDO:** Como preludio do día grande de Entroido, celebramos o **Xoves de Compadres** (1 de febreiro), **Xoves de Comadres** (8 de febreiro) e seguimos as **Ordes do Meco** (5 a 8 de febreiro). O desfile no patio para as familias fíxose cunha temática común: Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Visita á **Oficina de Correos** (21 de febreiro): polo alumnado de 3º de Primaria. Dentro do programa de visitas escolares “Coñece a túa contorna”.
- **Día Internacional da Muller** (8 de marzo): Elaboramos unhas camisetas pola igualdade e fixemos un mural colectivo co lema “Por unha igualdade infinita”. Tamén fixemos varias “merendainas” (andaina a media mañá con merenda saudable).

- Celebración de **San Patricio** (15 de marzo): a proposta do profesorado de lingua inglesa, conmemorámolo traendo algo verde ese día na nosa indumentaria.
- **Visita á Clínica Veterinarios del Sil** (20 de marzo): polo alumnado de Infantil de 4 anos.
- Conmemoración do **día do Síndrome de Down** (21 de marzo): todo o alumnado acudiu ao centro cun calcetín de cada cor.
- **Intercambio Escolar entre Municipios do Eixo Atlántico** (10 e 11 de abril, 8 e 9 de maio). Entre 20 alumn@s de 5º e 6º de Primaria do noso colexio e 25 alumnos de 6º de Vila Real.
- **Saída ao mercado** (16 de abril): polo alumnado de Infantil de 5 anos.
- **Excursión ao Grove** (do 17 ao 19 de abril). Excursión de Fin de Etapa para o alumnado de 6º de Primaria que remata os seus estudos no noso centro.
- **SEMANA DO LIBRO: Mercadiño de intercambio de libros usados** (do 23 ao 26 de abril), realizouse na Biblioteca do colexio por ciclos.
- **Festa dos Maios** (1 de maio): o alumnado e familias voluntarias elaboraron dous fermosos maios (artístico e enxebre), o alumnado de 6º realizou as coplas e o de 4º de Primaria prepararon un mercadiño de venda de produtos caseiros e artesanais.
- **Excursión do 2º Ciclo de Primaria ao Parque Multiaventura de Binatur en Otero del Bierzo** (8 de maio).
- Excursión de 5º de Primaria ao **Coto Escolar de León e visita á cidade de Astorga** (15 e 16 de maio).
- **Actos das Letras Galegas** (21 de maio). Realizados no patio do colexio por todo o alumnado do colexio.
- **Visita ao Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra** (24 de maio). Con charla, exposición e ruta explicativa pola zona da aldea de Biobra. Participou o alumnado de 5º de Primaria.
- **Visita ao Centro de Saúde** (28 de maio): foi o alumnado de 3 anos e percorreron as Salas de Urgencias, Dentista, Pediatra e Fisioterapia.
- **Convivencia Cholo e Nela, camiño de ida e volta** (30 maio). Para o alumnado de Infantil e 1º Ciclo de Primaria. No CEIP. Julio Gurriarán e no pavillón de Calabagueiros da nosa localidade.
- **Excursión de fin de curso a Allariz** (4 de xuño): para o alumnado do 1º Ciclo de Primaria.
- **Excursión á Senda Encantada de Cobrana**, no Bierzo e xantar no Parque do Plantío de Ponferrada (4 de xuño): polo alumnado de Infantil.
- **Saída pola ribeira do Sil** (11 de xuño). Polo alumnado de 3 anos.

- **Visita á sala de Cinema** da nosa localidade (12 de xuño). Polo alumnado de Infantil de 4 anos.
- **Excursión ao Aquapark de Cerceda** (13 de xuño). Organizada por Radiovoz, como festa final do Concurso Ecopreguntoiro no que participou o alumnado de 6º de Primaria.
- **Visita á radio Onda Cero e gravación dun programa de radio** (13 de xuño): foi o alumnado de 5 anos.
- **Mates no teu super** (17 de xuño): desenvolvida polo supermercado Eroski para o alumnado de 5º de Primaria.
- **Visita ao Instituto Lauro Olmo** (17 de xuño), por parte do alumnado de 6º que o vindeiro curso continuará os seus estudos neste centro.
- **Acampada de Fin de Curso** (17 de xuño). O alumnado de 4º de Primaria pasará a noite no pavillón do colexio para poñerlle punto e final ao presente curso.
- **Visita á Biblioteca Pública** (18 de xuño): polo alumnado de 1º de Primaria.
- **Graduación do alumnado de 6º de Ensino Infantil** (18 de xuño).
- **Graduación do alumnado de 6º de Primaria** (19 de xuño).
- **Festa de Inchables** (20 de xuño): A ANPA do colexio obsequiou a todo o alumnado con esta Festa de Fin de Curso, enchendo o patio do colexio de inchables. Como remate, a Festa da Escuma no patio principal do cole.

Este curso fixéronse no colexio **86 actividades extraescolares e Complementarias desenvolvidas en 146 días**, cun alto valor formativo, que non sería posible levar a cabo sen o esforzo de todo o profesorado; coa colaboración das familias en moitas das actividades e, por suposto, sen a achega de todas aquelas empresas, organismos públicos e persoas que, individual e/ou colectivamente, aportaron o seu gran de area á formación do noso alumnado.

## COMEDOR ESCOLAR

### Persoal

O **persoal** encargado da atención e funcionamento do Comedor do C.E.I.P. “Condessa de Fenosa” estivo integrado por:

- A directora do centro, M<sup>a</sup> Carmen García Fernández, que delegou a xestión en Xoaquín Freixeiro Álvarez.
- A encargada de comedor, Pilar Prada Rodríguez
- O persoal laboral composto por unha cociñeira e catro axudantes, que se ocupou da elaboración de comidas en base aos menús..
- Persoal de atención e vixilancia: integrado por persoas propostas pola directora do centro nas condicións e número esixido segundo o número de comensais.

### **Funcionamento**

O **funcionamento** do Comedor escolar seguiu as pautas marcadas no Plan de funcionamento, baseado no Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os dous comedores que se empregaron foron o comedor principal e o de ensino infantil, sen ningún espazo adicional como na época da Covid. Habilitáronse tres quendas para comer, unha para as nais coidadoras, outra para a quenda xeral e outra para o alumnado colaborador e máis o profesorado.

Os labores de atención educativa, coidado e vixilancia dos nen@s de Comedor foron realizadas por quince coidadores cada día, sete nais colaboradoras en horario completo. Pola banda dos mestres, cinco traballaron todos os días e catro tres días á semana. Ademais, durante o tempo da comida, as tres auxiliares técnicas educativas axudaron na atención dos nen@s que están ao seu cargo.

Temos neste curso tempo de lecer tras a comida pero só nun tempo de 50 minutos ao termos remodelado o noso horario.

### **Balance dos obxectivos**

En termos xerais o balance dos **obxectivos** é satisfactorio.

Conseguíuse ofertar un menú san e equilibrado, que incluía alimentos de todos os grupos, así como ter en conta factores culturais da nosa comunidade. A aceptación deste polo alumnado usuario é moi positiva.

Os nen@s están moi concienciados de que deben comer un pouco de todo e non acostuma haber problemas. Aceptan de mellor grao os novos alimentos, así como peixes e hortalizas. Sen embargo cos nen@s que comezan novos no comedor hai que “*pelexar*” moito, pois, en xeral, están pouco habituados a comer froitas, legumes e verduras. Incluso entre os máis pequenos, danse casos de usuarios que só comen triturado ou seguen tomando biberón, o que dificulta a promoción duns hábitos alimentarios adecuados. Neste aspecto sería conveniente contar con máis axudas das familias que deben continuar na casa o labor realizado no Comedor Escolar.

Ao longo do curso potenciáronse durante os tres trimestres o traballo de determinadas normas. Fundamentalmente: deixar a mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos e lavar as mans previamente á comida.

A respecto do control de ruído no comedor é un problema de difícil solución. Durante os anos da pandemia, coa redución de aforo no comedor por mor do sistema de quendas e diversificación de espazos, sumado ao non xantar enfrontados aos compañeiros, co que se limita a conversación aos compañeiros dos lados, o nivel de ruído do comedor diminuíu enormemente.

Este ano o nivel de ruído, eliminado o sistema de quendas volveu a ser moi elevado, así que volvemos pensar que haberá que traballar para diminuír o número de alumn@s presentes no comedor, ben establecendo quendas ou diversificando espazos, pois á luz da experiencia isto semella que ha ser unha boa alternativa para que tamén a nivel de ruído o comedor sexa un espazo saudable.

Os nen@s con alerxias, intolerancias ou restricións relixiosas a certos alimentos non foron sentados xuntos como se facía habitualmente. Daquela, e tendo en conta que a posición no comedor quedou inalterada durante todo o curso, púxose un pequeno sinal para advertir ao persoal coidador e así evitar erros e extremar as medidas para evitar contaminacións dos alimentos.

As **minutas** de comedor seguen a ser as mesmas que cursos pasados con lixeiras modificacións, entre outras cousas de novos alimentos. Non varían moito posto que na realización dos mesmos

colaborou un pediatra da zona, iniciativa moi positiva e beneficiosa para os usuarios do noso comedor escolar.

Durante este curso se repartiron os menús cada mes, e tamén se atopan colgados na páxina web do colexio, que xa resulta a maior fonte de información sobre os menús.

Tamén houbo que elaborar un informe solicitado pola Consellería para ser remitido a Europa con información sobre menús, menús para alérxicos, xeitos de preparación, orixe dos alimentos...

Segue quedando pendente a realización dun **simulacro de incendio** na hora da comida, pois nos parece interesante que coincida coa hora de comedor. Sería bo contar coa colaboración do Concello neste aspecto. Aínda así, este ano co protocolo sanitario non nos pareceu apropiado nin seguro a realización deste simulacro.

Un dos obxectivos primordiais do Comedor Escolar deste Centro é proporcionar a toda a Comunidade Educativa un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario das familias. Durante este curso foi posible dar este servizo, con gran satisfacción por parte da comunidade educativa deste centro.

En canto ás **instalacións** do Comedor e mantemento das mesmas realizáronse algunhas melloras e outras están en marcha cara o seguinte curso:

***Melloras realizadas:***

- Desratización e desinsectación do comedor e cociña por parte da empresa contratada polo Concello, que se realiza todos os anos polo mes de agosto
- Reparacións varias
- Accións de mantemento

# *Anexos*

*Memoria EDLG*

*Memoria Plambe*

*Proxecto Lector de Centro*

*Liñas prioritarias da Biblioteca Escolar*

*Memoria do Plan de Convivencia*

*Memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade*

*Memoria actividades de Formación*

*Memoria do proxecto Digicraft*

*Listaxe libros de texto*



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

CURSO 2023 - 2024

CEIP PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA

O BARCO DE VALDEORRAS

32015116



## Contenido

1. PRESENTACIÓN.....	3
2. SITUACIÓN PREVIA E PREPARACIÓN DAS ACTIVIDADES .....	3
3. ACTIVIDADES DESENVOLTAS E DESCRICIÓN DAS MESMAS .....	4
4. PROPOSTAS DE MELLORA E OBXECTIVOS ACADADOS.....	11
5. CONCLUSIÓN .....	14

## 1. PRESENTACIÓN

Esta memoria pon o peche final o curso 2023/2024, servindo de balance das actividades levadas a cabo e de proba documentada das mesmas. A memoria e realizada pola coordinación do Equipo de Dinamización de Lingua Galega do Centro de Educación Infantil e Primaria Condessa de Fenosa de O Barco de Valdeorras (Ourense) o longo do mes de Xuño do ano 2024.

## 2. SITUACIÓN PREVIA E PREPARACIÓN DAS ACTIVIDADES

O CEIP Condessa de Fenosa é un centro no que se recolle a todo o alumnado do Concello de O Barco de Valdeorras, compartindo esta función con outros dous centros públicos e un concertado. O noso centro conta cun total de 352 alumnas e alumnos de educación infantil e primaria.

O equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) esta composto por profesorado do propio centro, sendo estas as persoas integrantes:

	MEMBROS DO EDLG	CARGO
1	Nuria Álvarez Rodríguez	Titora Infantil
2	María Nieves Escuredo López	Titora Infantil
3	Carmen Otero Rodríguez	Titora Infantil
4	Lorena Rodríguez Martínez	Titora Infantil
5	Manuel (Sustituindo Concepción Martínez Rubianes)	Titora Primaria
6	Silvia Villamor Saavedra	Titora Primaria
7	Xoaquín Freixeiro Álvarez	Xefe de Estudos e Especialista de música
8	María Beatriz Rodríguez Pérez (Sustituto Miguel Anxo Facal Rodríguez)	Especialista de Inglés
9	M <sup>a</sup> Carmen García Díaz	PT

<b>10</b>	Raquel Otero Carpenté	Especialista de Música
-----------	-----------------------	------------------------

<b>COORDINACIÓN DO EDLG</b>	
Juan A. Cotarelo González	Titor 5ºA

Para a preparación das actividades fixéronse unha serie de condicións:

- Reunións ordinarias de forma mensual, segundo luns de cada mes durante a hora de permanencia Extraordinaria
- Reunións extraordinarias cando sexa preciso para a preparación de diversas actividades.
- Unha reunión extraordinaria ao inicio do curso académico para a preparación das diversas actividades e a posta en marcha do grupo.

Co inicio do curso estableceuse dous tipos de actividades que se desenvolveran ao longo de todo o curso académico:

<b>ACTIVIDADES PERMANENTES</b>	Aquelas que se desenvolven ao longo de todo o curso, sen unha temporalización concreta.
<b>ACTIVIDADES TEMPORAIS</b>	Cunha temporalización máis puntual. Estas poderíamos clasificalas en actividades conmemorativas; abarcando un so día ou continuadas, cando xa nos referimos a un percorrido semanal ou quincenal.

### 3. ACTIVIDADES DESENVOLTAS E DESCRICIÓN DAS MESMAS

A continuación realizamos unha relación de tódalas actividades, indicando o seu grao de consecución, o material empregado e o custo económico que puido existir. Ao principio incluiremos tódalas actividades permanentes e despois iremos por aquelas temporais, seguindo unha orde cronolóxica.

DESCRICIÓN	
<b>CADERNOS INFORMATIVOS E NAIS E PAIS</b>	<p>Continuase con este labor dende anos pasados, onde animamos ao profesorado a empregar uns modelos realizados polo EDLG para usar nas titorías.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible do centro e gasto de fotocopidora.</p> <p><b>Presuposto:</b> 30€</p>
<b>TRADUCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS</b>	<p>Esta actividade permanente levase a executar dende hai xa varios cursos, onde imos animando a traducir materiais e recursos ao galego; especialmente se realiza no eido dixital, onde e complicado atopar recursos no noso idioma.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible do centro e gastos de fotocopidora.</p>
<b>DOCUMENTACIÓN DE CENTRO</b>	<p>Continuamos con este labor, onde cada membro do EDLG que forma parte doutros organismos de centro colabora en animar e fomentar o uso do noso idioma nos documentos do propio centro.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible do centro e gasto de fotocopidora.</p>
<b>LECTURA SILENCIOSA</b>	<p>Tódolos días temos uns minutos no noso horario para facer a lectura silenciosa. Con fin de fomentar a lectura por pracer, xa que cada alumna e alumno le o que lle apetece e as mestras e mestres fan o propio tamén. Durante estes minutos de lectura animase ao alumnado tanto a coller libros de préstamo da biblioteca como tamén a escoller libros escritos en lingua galega.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material da biblioteca e libros.</p>
<b>MOCHILAS VIAXEIRAS</b>	<p>Actividade proposta por parte do equipo de biblioteca para fomentar a lectura dente Educación Infantil. Cada semana o alumnado de 5º e 6º de E.I leva unha mochila con un lote de sete contos en galego para ler xunto coa familia na casa.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> contos en galego, bolsa mochila</p> <p><b>Presuposto:</b> 40€</p>
<b>MARTES CONTO</b>	<p>Actividade proposta polo equipo de biblioteca para fomentar a lectura entre o alumnado e as familias. Convidáselle as familias a que participen na lectura ou interpretación dun conto os martes.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material da biblioteca e libros en galego.</p>
	<p>Actividade proposta polo equipo de biblioteca para fomentar a lectura entre o alumnado de Educación Primaria e o alumnado de Educación Infantil. Os nenos e nenas maiores van na hora</p>



<p><b>APADRIÑAMENTO LECTOR</b></p>	<p>do patio a contarlle un conto ao alumnado de Educación Infantil. <b>Recursos empregados:</b> material da biblioteca e libros en galego.</p>
<p><b>LECTURA EN VOZ ALTA</b></p>	<p>Actividade proposta polo equipo de biblioteca para fomentar a lectura entre o alumnado de todo o centro. Todos os venres na hora da lectura silenciosa o alumando de 1ºciclo de Educación Primaria distribúese por todas as aulas do colexio para facer lectura dalgún poema ou fragmento narrativo. <b>Recursos empregados:</b> material da biblioteca e libros en galego.</p>
<p><b>DINO RADIO</b></p>	<p>No noso colexio contamos con un pequeno estudo de radio. Durante todo o curso o alumnado prepara diferentes programas de radio onde podemos escoitar pequenas entrevistas, contos, manifestos... Todos os programas se fan en galego. <b>Recursos empregados:</b> material da radio</p> 
<p><b>FESTA DO SAMAÍN</b></p>	<p>Tradicionalmente vimos celebrando no centro, actividades encamiñadas a devolver a auténtica natureza e orixe celta á tradicional festa de defuntos, baixo o nome de “O Samaín”. Dende o EDLG propúxose celebrar o Samaín nunha data única para todo o centro. A data elexida foi o mércores <b>30 de outubro</b>. O alumnado veu o centro disfrazado o propio día. Fixemos uns talleres de xogos en colaboración coas familias co alumnado de educación infantil e co 1º ciclo de educación primaria. O alumnado de 2º e 3º ciclo de educación primaria participaron o túnel do terror. <b>Recursos empregados:</b> disfraces, material funxible e material audiovisual.</p> 



<p><b>MAGOSTO</b></p>	<p>Celebramos unha festa popular e tradicional ao tempo que tentamos preservala da súa desaparición. Nas aulas realizáronse diversos traballos para coñecer a castaña: recollida de refráns, adiviñas, ditos, poesías, cancións, vocabulario relacionado co tema, orixe da castaña, usos, enfermidades do castiñeiro cultivo e recollida, economía relacionada co tema... A realización da fogueira para asar as castañas e pintarnos tizóns no patio do colexio, foi como sempre o colofón a esta festa tradicional.</p> <p><b>O 10 de novembro</b> comemos castañas asadas no patio do colexio e convidóuselle as familias a que participaran celebrando así o día do San Martiño</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material reciclado e castañas</p> 
<p><b>AS MULLERES GALEGAS NA CIENCIA</b></p>	<p>Realizamos esta festividade na que xuntamos o espírito da celebración da Ciencia en Galego axuntada á data do Día Internacional da Muller na Ciencia. E por último no 1º ciclo e en E.I. convidamos as familias a que viñeran a facer experimentos co alumnado. A Semana de Ciencia en galego levouse a cabo durante a semana do <b>28 ao 2 decembro</b>.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> diversos materiais para facer os experimentos e material audiovisual.</p> 
<p><b>DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN</b></p>	<p><b>O 25 de novembro</b>, celebrouse a “Xornada Internacional contra a violencia de xénero”. Propuxemos facer unha “performance” con todo o alumnado do colexio onde puxemos o símbolo da muller. Tamén fixemos a lectura dun manifesto.</p>



<p><b>DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER</b></p>	<p>Realizamos o mural dunha árbore, onde cada unha das follas eran mensaxes de igualdade de cada un dos nenos e nenas do colexio.</p>  <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible</p>
<p><b>VISITA DO APALPADOR</b></p>	<p>Como obxectivo do EDLG, temos o de retomar tradicións festivas e culturais que forman parte da nosa tradición como galegos e sobre todo como galegos desta parte do noso país Galicia. Falamos sobre a figura tradicional do “Apalpador”, para as celebracións do Nadal, mediante o estudo por parte de todos os ciclos do significado desta figura mediante consulta bibliográfica e documental. Este ano a visita do Apalpador deixounos un agasallo para Educación Infantil feito de madeira.</p>  <p><b>Recursos empregados:</b> Cociñas de madeira para as clases de 1º ciclo <b>Presuposto:</b> 130€ 200</p>
<p><b>O NADAL NO CONDESA</b></p>	<p>Fixemos o festival de Nadal no pavillón do centro, no cal convidamos as familias a que viñeran velo. Cada titoría preparou un baile, cantiga, obra de teatro....As actuacións este ano foron maioritariamente en galego, participando diferentes membros do EDLG en cada nivel para asesora e acompañar ás persoas titoras na procura de material.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material audiovisual</p>
	<p>Este ano, e dada a traxedia humanitaria que supón o massacre que está a sufrir o pobo palestino na franxa de Gaza, realizamos unha serie de actos para que o noso alumnado tomase conciencia da necesidade da resolución pacífica de todos os conflitos e da imperiosa obriga de salvagardar a vida e o futuro d@s nen@s. Establecemos daquela catro espazos de actuación, polos que foi pasando todo o colexio para concienciar e sensibilizar</p>

<p><b>XORNADA DA PAZ</b></p>	<p><b>Recursos empregados:</b> material funxible</p> 
<p><b>O ENTROIDO NO CONDESA</b></p>	<p>Dende o 1 ata o 9 de febreiro celebramos o entroido no noso colexio. Comezamos co xoves de compadres, tal como indica a tradición, para esta xornada, as nenas das diferentes aulas elaborarán un meco que tiñan que agochar para que os nenos o atoparan. O seguinte xoves de comadres, invertéronse os papeis e son os nenos os que fan a comadre e as nenas teñen que atopalo.</p> <p>Durante unha semana, todo o alumnado e máis o profesorado e persoal do centro, deberá seguir as indicacións que diariamente un “Meco” ubicado nunha das entradas do centro. O día anterior pola tarde, o Meco iralle indicando sobre a indumentaria que deberán levar para o día seguinte. Todos deberemos cumprir as súas ordes. Para cada día haberá unha orde distinta. O venres de entroido fixemos un desfile polo patio do colexio ao que estaban convidadas as familias e onde o alumnado de 4º recobra a esencia máis tradicional do noso entroido cun Folión.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> disfraces e material funxible.</p> 
<p><b>O DÍA DE ROSALÍA</b></p>	<p>Este ano realizamos un maratón de poemas de Rosalía no noso centro na hora da lectura silenciosa.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> libros de poesía</p>



<p>8M</p>	<p>Para celebrar esta conmemoración fixemos varias andainas, adaptadas os diferentes niveis educativos para finalizar nun mesmo punto onde xantar todos xuntos ao aire libre e facer a lectura dun manifesto. Para a andaina todo o alumnado do centro elaboramos unhas camisetas ou suadorios brancos co símbolo do 8M. Acompañando a esta actividade, realizarase un programa de radio para conmemorar esta data sinalada.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible.</p> 
<p>PROGRAMA CHANZO ARRIBA</p>	<p>Realizouse un programa de preguntas sobre cultura xeral para o alumnado. O concurso contou con varias fases, nas que se foi eliminado o alumnado atendendo o seu nivel de coñecementos. Así ata que cheguemos a un único gañador.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible e audiovisual</p>
<p>IV CONCURSO DE RELATOS CURTOS NO CONDESA DE FENOSA</p>	<p>IV edición desta iniciativa do EDLG do centro, na que se propón ao alumnado do 2º e 3º ciclo do centro que realicen unha composición literaria sobre un tema proposto. Nesta ocasión barállase propor recrear algún conto do Camiño, aproveitando que o Proxecto Documental Integrado que se tenta levar adiante neste curso versará sobre este tema.</p> <p>Fixemos unha bases do concursos facendo unha división por idades na participación. Tivemos un xurado externo ao centro para que elixira os gañadores que ían ser premiados.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> material funxible <b>Presuposto:</b> 100€</p>
<p>XOGOS POPULARES</p>	
<p>MES DAS LETRAS REVISTA TRÁGAME TERRA</p>	<p>Homenaxe a escritora Luísa Villalta e durante todo o mes de maio organizamos unha serie de actividades intensivas que fomentan o coñecemento da biografía e obra da figura homenaxeada, e que estimulan o emprego oral e escrito da nosa fala nun ambiente lúdico e festivo. Actividades, que se dividen en aquelas organizadas e desenvolvidas dende o noso centro, como outras en coordinación cos EDLG dos centros públicos da localidade, coa colaboración de institucións locais como o Concello de O Barco de Valdeorras.</p> <p>As actividades en coordinación con outros centros denomínase: <i>O Pórtico de Luísa Villata</i>. Realizouse unha exposición do Paseo do Malecón, centrada en resaltar a labor</p> 

	<p>da homenaxeada, ao mesmo tempo que dar a coñecer a súa obra poética.</p>  <p>No centro elaboramos a revista deste ano Trágame Terra con traballos feitos polo alumnado en galego. Entregóuselle un exemplar en formato papel a cada familia.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> equipamento informático e material funxible <b>Presuposto:</b> 550€</p>
<p><b>CONVIVENCIA DE EDUCACIÓN INFANTIL CHOLO E NELA</b></p>	<p>Tras varios anos sen realizar esta convivencia para o alumnado de Ensino Infantil da zona de Valdeorras por mor da pandemia do Covid 19, por fin púidose volver participar nesta iniciativa. Este ano a sede foi o CEIP JULIO GURRIARÁN. Varios centros da comarca e mesmo algún de fora viñeron participar deste día. Este ano participaron tamén, a maiores do alumnado de infantil, os nenos e nenas de primeiro ciclo, xa que non desfrutaran de esta convivencia por culpa da pandemia. Os distintos traballos que se realizan para a posta en marcha deste proxecto son realizados sempre en galego, polo que o seu efecto dinamizador é evidente.</p> <p><b>Recursos empregados:</b> equipamento informático e material funxible</p>

#### 4. PROPOSTAS DE MELLORA E OBXECTIVOS ACADADOS

As actividades anteriormente mencionadas acollen unha serie de propostas de mellora que foron realizadas polo profesorado do centro nos equipos de ciclo. Estas propostas de non teren sido realizadas se considera que a actividade se considera adecuada no contexto no que se empregou.

Así mesmo analizamos os obxectivos acadados por cada unha das actividades realizadas.

DESCRICIÓN	
<b>CADERNOS INFORMATIVOS E NAIS E PAIS</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Outorgámoslle ao galego un sentido útil e practico no noso labor diario.
<b>TRADUCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Outorgámoslle ao galego un sentido útil e practico no noso labor diario.
<b>ASESORAMENTO NA REVISIÓN DE DOCUMENTOS DE CENTRO</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Outorgámoslle ao galego un sentido útil e practico no noso labor diario.
<b>LECTURA SILENCIOSA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un pracer comunicativo. Empregar o galego de forma oral e escrita.
<b>MOCHILAS VIAXEIRAS</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un pracer comunicativo. Empregar o galego de forma oral e escrita.
<b>MARTES CONTO</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un pracer comunicativo.
<b>APADRIÑAMENTO LECTOR</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega. Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
<b>LECTURA EN VOZ ALTA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega. Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos.
<b>DINO RADIO</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un pracer comunicativo. Empregar o galego de forma oral e escrita.
<b>FESTA DO SAMAÍN</b>	O horario programado debería ser máis amplo. <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un obxectivo lúdico.
<b>MAGOSTO</b>	O horario programado debería ser máis amplo. <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego como medio para acadar un obxectivo lúdico. Coñecemento da realidade cultural galega.
<b>SEMANA DA CIENCIA EN GALEGO</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego para un contexto científico.

<b>DÍA INTERNACIONA DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Fomentar un ambiente grato e propicio para o emprego da lingua galega. Fomentar o uso do galego en tódolos ámbitos
<b>VISITA DO APALPADOR</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico.
<b>FESTIVAL DE NADAL</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico.
<b>XORNADA DA PAZ</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico.
<b>O ENTROIDO NO CONDESA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico. Coñecer elementos da cultura galega
<b>DÍA DE ROSALIA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico. Coñecer elementos da cultura galega
<b>8M</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico. Coñecer elementos da cultura galega
<b>PROGRAMA CHANZO ARRIBA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico.
<b>IV CONCURSO DE RELATOS CURTOS NO CONDESA DE FENOSA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Elaborar e traducir recursos educativos impresos e pictográficos, así como o rotulado de tódalas dependencias do centro, para o achegamento do alumnado de Educación Especial e Audición e Linguaxe, á lingua galega. Potenciar o uso do galego escrito.
<b>XOGOS POPULARES</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico e coñecer diferentes xogos tradicionais de Galicia.
<b>MES DAS LETRAS REVISTA TRÁGAME TERRA</b>	Avaliada positivamente <b>Obxectivos acadados:</b> Potenciar a celebración das festas populares da bisbarra e daquelas marcadas polo calendario festivo da comunidade (Letras Galegas). Colaborar con outros centros, entidades e institucións na realización de actividades cuxo obxectivo sexa potenciar o uso do idioma galego, revitalizar tradicións ou recuperar a cultura.
<b>CONVIVENCIA CHOLO E</b>	Avaliada positivamente

NELA	<b>Obxectivos acadados:</b> Empregar o galego nun contexto lúdico.
------	--

## 5. CONCLUSIÓN

Con esta memoria poñemos peche final ao curso 2023/2024 no que se refire as actividades do EDLG. Como propostas de mellora consideramos que algunhas das actividades son moi difícil temporalizar, xa que por moito que se calcule o tempo que nos pode levar, sempre xorden problemas, imprevistos que modifican o tempo estimado, polo que se deberían planificar con máis marxe polo que poida pasar.

Retomar a actividade da convivencia Cholo e Nela foi un éxito tanto para os pequenos coma para o centro, xa que foi un tempo de lecer e de aprendizaxe único que lles da unha experiencia que levarán consigo o resto das vidas.



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA

# Memoria PLAMBE curso 2023-2024



Ceip Plurilingüe Condessa  
de Fenosa  
cod. 32015116  
O Barco de Valdeorras  
(Ourense)



## Táboa de contidos

Grao de cumprimento dos obxectivos.....	1
Horario do encargado da biblioteca escolar.....	1
Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos.....	2
Temporalización inicial.....	2
Desenvolvemento das actividades.....	2
Actuacións en relación coa organización e xestión.....	2
Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.....	3
Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental).....	4
Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.....	5
Outras actuacións.....	6
Grao de implicación do centro e da comunidade educativa.....	6
Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo.....	7
Produción de materiais.....	7
Avaliación.....	7
Previsións de futuro.....	8

## Grao de cumprimento dos obxectivos

Podemos considerar o cumprimento dos nosos obxectivos dun xeito ambivalente, xa que por unha parte o esforzo do equipo de apoio da biblioteca acadou o obxectivo de recuperar todas as actividades que tiñamos antes da pandemia, pero por outra banda os nosos esforzos por promover a complicitade do profesorado non se acadou nos niveis que tiñamos en mente.

Unha excesiva renovación da nosa grella de persoal, unha inusitada incidencia de baixas médicas prolongadas e quizais, unha incapacidade nosa de transmitir a importancia das actividades que propuxemos, fixeron que todas as actividades que se levaron adiante foran polo esforzo dun pequeno grupo do profesorado do centro.

A inestabilidade do cadro do profesorado fai que se multipliquen os esforzos por informar das actividades, das liñas de traballo da biblioteca, e que, unha vez que o docente xa comeza a integrarse na dinámica do centro, marcha e volve a comezar todo o proceso para integrar ao que chega para substituír ao que marchou, co que empregamos moitos esforzos en simplemente manter informado e procurar a complicitade necesaria do profesorado.

A participación do alumnado segue a ser bastante boa, a pesares de que nos gustaría que se incrementase aínda máis. Neste sentido e de cara ao curso que vén teremos que facer un maior esforzo a comezos do curso para realizar a Benvida á Biblioteca a todos os cursos, e non só aos cursos de ensino infantil e primeiro ciclo de primaria. Pensar que o alumnado de segundo e terceiro ciclo xa coñecen o funcionamento e as posibilidades de uso da Biblioteca é un erro, cando menos é pecar de optimistas, xa que tamén nestes últimos anos a mobilidade do alumnado inmigrante é moi grande e fai que non estean ao tanto de todo canto podemos ofrecer.

Como dato positivo acadamos unha boa colaboración no Proxecto Documental Integrado cos outros equipos do colexio, o EDLG e máis Axenda21.

Por último queremos sinalar que a materia de Libre Configuración, que no noso centro era a de Alfabetización en Información, desapareceu, e que no seu lugar tivemos que adicar o tempo da materia de Proxecto Competencial aos traballos que faciamos nesa franxa horaria. Isto supón que esta materia que antes implicaba a todo o alumnado, arestora só atinxe aos alumn@s que optan por non cursar a materia de Relixión Católica (aproximadamente o 50% do alumnado). Con este alumnado, e empregando os recursos do Polo Creativo, realizamos un importante traballo audiovisual, adaptando dous contos coa técnica de StopMotion, que valoramos moi positivamente como unha actividade que facilita eses traballos tan necesarios no ámbito das alfabetizacións múltiples.

Agora pasaremos a analizar polo miúdo cada un dos epígrafes desta memoria de actividades, e tentaremos valorar criticamente as nosas eivas e acertos de cara ao traballo no vindeiro curso.

## Horario do encargado da biblioteca escolar

O encargado da biblioteca foi Xoaquín C. Freixeiro Álvarez, que tamén leva a xefatura de estudos e a coordinación do plan Dixital.

Tamén contamos cun equipo de apoio á biblioteca conformado por un equipo estable de profesorado, ao que todos os anos se suma algún mestre provisional con ganas de traballar e traer novas propostas á marcha da biblioteca.

Este equipo organiza os clubs, a organización da olimpíada, enfeita a biblioteca e realiza a entrega de diplomas e premios ao final do curso.

Tamén participa nas actividades de formación, como a que dentro do seminario de bibliotecas de Valdeorras e Trives e no desenvolvemento dos proxectos SEMGAL se realizan no centro.

Este ano o Equipo de Apoio á Biblioteca estivo constituído por:

**Ensino Infantil**      Sonia González,



Primeiro Ciclo	Mercedes Gallego,
Segundo Ciclo	Mª Carmen García, Manuela Álvarez, Tomás Castro
Terceiro Ciclo	Xoaquín Freixeiro, Efrén Guede
Dep Orientación	Francisco de Victorino, Mª Nieves Fernández

A presenza de membros do equipo de biblioteca en cada un dos equipos e departamentos fai que sexa doado transmitir as iniciativas da biblioteca ao resto do profesorado do centro, así como dotarnos dun potente feedback sobre a valoración de cada actividade e poder deste xeito adoptar as medidas correctoras indicadas. O horario de dedicación á Biblioteca é o seguinte:

10:00-11:10	Recollida dos empréstamos, devolución dos exemplares e colocación nos andeis dos exemplares. Catalogación de novos exemplares
12:05-12:35	Empréstamos, ordenadores (en dúas quendas)
14:30-15:30	Empréstamos, ordenadores (en catro quendas), hora dos deberes (martes e xoves), obradoiro de radio (venres), cine club (luns), xogos de mesa (mércores).
17:00-18:00	Neste horario a biblioteca abre os martes para a actividade de "Os martes conto" e os xoves para o club de lectura e escritura do programa de "Lectura e Familias"

Tamén existe un horario asignado a cada aula en horario lectivo para o uso da biblioteca en tarefas de investigación.

## Actividades desenvolvidas, accións, procedementos e recursos

### Temporalización inicial

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
Xestión	Catalogación dos novos fondos Capacitación do profesorado no programa de xestión.	Catalogación dos novos fondos	Catalogación dos novos fondos
Formación de usuari@s	A CDU	Stop Motion	Traballos documentais Curso Radio Obradoiro ilustración
Educación Documental		Olimpíada do Saber Impresión 3D	Programación con Scratch Concursos Xadrez e StoryCubes
Promoción da lectura	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstamo	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstamo	Radio na Biblio Clubs de lecturas Lectura silenciosa Dinochilas Bibliotecas de aula Empréstamos Intercambio de libros
Lectura e familias	Organización do proxecto	Clubs de lectura	Encontro autores Obradoiro ilustración

## Desenvolvemento das actividades

### Actuacións en relación coa organización e xestión.

No que atinxe á radio escolar este ano tivemos unha importante produción con 7 programas nos que traballamos distintas temáticas relacionadas coas celebracións escolares. Tamén realizamos varias emisións en directo, mesmo unha aproveitando a chegada ao noso centro dun grupo de alumn@s de Vila Real en intercambio escolar ao abeiro dos programas de intercambio do Eixo Atlántico.

Realizamos tamén unha actividade de formación con relatores de Ponte nas Ondas, tanto para alumnado como co profesorado, neste caso centrado no manexo da mesa de mesturas do noso equipamento de radio.

Non realizamos modificacións no equipamento de mobiliario da biblioteca, xa que consideramos que a renovación realizada nos últimos cursos dotounos dun espazo axeitado que, cando menos, nuns anos non vai precisar de actuacións significativas.

En canto á dotación de ordenadores seguimos contando con dous ordenadores de xestión, un para empréstamo e outro para tarefas relacionadas coa impresión 3D e audiovisuais, 4 portátiles para uso do alumnado e 13 tablets convertibles para o uso con grupos clase en tarefas de procura da información. Tamén mercamos 3 tablets para uso autónomo e libre.

A **pantalla Chromecast**, así como os 13 convertibles e o router wifi, agora ampliado cunha wifi corporativa de maior potencia, forman parte do noso plan de converter a biblioteca nun lugar de traballo de colaboración, xa que os traballos de cada tableta poden enviarse e compartirse ao través da pantalla co Chromecast. Tamén, a respecto deste aspecto sinalar que imos aproveitando recursos da aula virtual para empregar nestas actividades colaborativas, como son as Wikis e os Board e as actividades H5P.

A **zona maker** volveu a traballar os materiais de construción, electricidade e robótica, destacando tanto as propostas de construción de modelos de robots con Lego WeDo, ou as propostas de montaxe de distintos circuitos eléctricos con electrocefa.

No que atinxe aos retos **fuchiqueiros** estiveron limitados á única publicación do noso boletín, na que houbo unha proposta de construción dunha ponte e un reto de programación, ao tempo que puxemos a disposición do alumnado unha proposta de deseño de monstros mediante a modificación de manchas de cores aleatorias.

En canto aos Escornabots non podemos adiar por máis tempo unha renovación dos mesmos, xa que están bastante deteriorados e non permiten traballar con eles axeitadamente.

A impresora 3D foi levada a reparar e xa ten solucionado o problema do termostato, pero houbo que cambiar o modelo do hot-end por un máis fino, xa que non existen repostos orixinais para este modelo de impresora, e os resultados da impresión carecen da calidade que deberían ter. Así que estamos a empregar para os traballos de impresión unha Creality dos Polos Creativos, á espera de atopar unha solución. **Fixemos aínda así** "chaveiros" para identificar as memorias USB do alumnado de 6º curso, para o que cada nen@ realizou un deseño en 3D empregando a plataforma online de Tinkercad que foi impreso na impresora do polo creativo.

A **cámara de vídeo e a pantalla chroma**, co novo equipamento que chegou dos Polos Creativos, nos ten permitido crear un set para a creación audiovisual, que era unha das aspiracións que tiñamos. Neste sentido queremos destacar a creación de dúas curtametraxes de animación empregando a técnica da StopMotion, adaptando dúas historias de OQO (Fiz, o coleccionista de medos e Chocolate) dentro do marco do proxecto de Nós Tamén Creamos.

**O reto creativo**

Seguimos con máis retos, e desta volta trátase de decorar o corredor que dá a Biblioteca, que a profe Sonia di que está moi eslamado e que lle còmpre unha pouca de cor. Imos poñer á vosa disposición unha serie de cartolinas con manchas de cores, tesoiras, cola e algún rotulador. Se a todo isto lle sumamos unha pouca de imaxinación e de humor, de seguro que imos ter toda unha galería de monstros que van alegrar o noso corredor, e así a profe Sonia vai estar máis contenta ca unha pandeireta. Que vos parece, poñémonos man á obra? Esperámonos na Biblio.



**O reto de DINOBOT**

Podemos facer que o gato de Scratch se vaia desprazando pola nosa pantalla e cada segundo vaia cambiando de cor? Non é difícil, seguro que podeades superar este reto. Se o fixeches, mándanos un vídeo no que se vexa como se desenvolve na pantalla. Envíao a [bibliocondesa@gmail.com](mailto:bibliocondesa@gmail.com)



Pola súa banda, os **axudantes da biblioteca**, este ano volveron ter o protagonismo que tiñan habitualmente, aínda así haberá que procurar volver a realizar as actividades de formación a principio de curso.

**Actuacións en relación coa dinamización da biblioteca e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.**

Neste curso volvemos abrir a biblioteca en horario libre nos dous períodos de lecer (recreo da mañá e do comedor) para os empréstamos, lectura en sala e uso dos recursos da biblioteca, no entanto o número de empréstamos aos que estabamos habituados non se conseguiu. Acadalo cómpre dunha necesaria complicidade entre a biblioteca e as titorías que haberá que potenciar en maior grao para o vindeiro curso.

Decidimos manter o programa de **mochilas viaxeiras** aos cursos de infantil. As dinochilas viaxaron os luns ás casas e volveron ao colexio os venres.

O obxectivo básico da actividade, tal e como se deseñou, é o de fornecer dun material axeitado e variado que permita un contacto cotián do alumnado co material impreso, cara acadar un hábito lector, para o que resulta imprescindible un enfoque lúdico, un tempo de intimidade familiar ao redor do libro, preferiblemente ao se deitar, e non unha actividade de papel e lapis avaliable coma se de deberes se tratase.



No que atinxe a "**O Barquiño de Papel**", o boletín da biblioteca, non fomos quen de editalo coa frecuencia que se debía, con só un exemplar no mes de febreiro e cun número aínda por editar para fin de curso. A falla de periodicidade do Barquiño é unha eiva que temos, e que debemos procurar solucionar. Resultaría imprescindible que unha persoa, do mesmo xeito que hai encargados da organización das distintas actividades, asumise o compromiso da súa publicación cunha periodicidade mínima trimestral.

No exterior da biblioteca temos un espazo para as **exposicións** de novidades ou de carácter temático que actúan coma un reclamo para o empréstamo. Aquí expuxemos, por exemplo, a escolma de libros con informacións sobre o camiño de Santiago, temática sobre a que versou o noso Proxecto Documental Integrado.

Procuramos que as **Bibliotecas de Aula**, tanto para a lectura silenciosa como para apoio dos proxectos de procura documental, sexan axeitadas á idade e nivel lector dos alumn@s e que sexan renovadas unha vez por trimestre cando menos, asegurando así lecturas novas e motivadoras.

A nivel de presenza Web, dentro da páxina do centro temos un espazo específico adicado á biblioteca. O **blog** está dividido en distintas seccións: booktubers, Escornabots e impresión 3D, clubs de escritura, contacontos, radio escolar, actividades, efemérides, etc...

**Dino Radio** conta cun apartado dentro da web da biblioteca (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/taxonomy/term/65>) para subir os podcasts que imos gravando. Ao estudo de gravación lle incorporamos unhas gradarías móbiles, tal e como recolleemos na introdución, que nos están permitindo realizar gravacións con público.

Este ano, tal e como se indicou en epígrafes anteriores, os programas que se elaboraron tiveron, na súa maioría, unha temática relacionada co tema das enerxías renovables, que foi o tema do proxecto documental. Sinalar que ao través da páxina de recursos educativos podemos acceder a facer emisións en directo, o que supuxo un reto importante, xa que estabamos afeitos a gravar os programas e logo editalos inserindo

cabeceiras, engadindo fondos musicais etc... O directo, moito máis esixente, obriga a ter unha escaleta moi ben definida, ter preparados os efectos sonoros, e dominar a mesa de mesturas. Estamos relativamente contentos con estas primeiras incursións co directo, pero somos conscientes de que debemos esforzarnos en mellorar a nosa técnica.

### Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación Documental)

Na **aula virtual** do centro contamos cunha serie de actividades relacionadas coa biblioteca e como todos os anos realizáronse actividades de formación de usuarios con este material.

De novo este ano a **Olimpíada do Saber** realizouse por equipos, cos enigmas colgados á porta da biblioteca e con dúas urnas para botar as respostas dos dous niveis en que se artellou o concurso. Acadamos un nivel de participación bastante aceptable agás no terceiro ciclo de primaria. Unha parte do profesorado non se implicou na medida que ao equipo nos tería gustado. Novamente teremos que facer unha profunda reflexión sobre como comunicar ao novo profesorado as iniciativas da biblioteca, como ilusionalos e facer que sexan os nosos promotores diante do seu alumnado.

No que atinxe aos **Proxectos** este ano estivemos traballando nun proxecto relacionado co Camiño de Inverno, a variante do camiño de Santiago que pasa polo noso concello. Acadamos unha implicación dos tres departamentos do colexio (Biblioteca, Dinamización e Axenda 21) a máis de implicar ao proxecto de hábitos saudables. Así deste xeito unha boa parte do centro involucrouse no tema dende distintos ángulos.

Na páxina do colexio aparecen xa algúns dos produtos que temos elaborados á calor do PDI (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/node/510>)

Un papel importante na educación documental téñeno tamén os **computadores, a Pizarra Dixital Interactiva, a pantalla Chromecast de Smart e as tabletas híbridas** da biblioteca, nos que o alumnado usuario pode facer as súas procuras, ben no seu tempo de lecer ou ben no marco dos traballos de aula, e o profesorado dispón de ferramentas para potenciar o traballo cooperativo e de investigación.

Xa indicamos anteriormente que a materia de Alfabetización en Información desapareceu, e que no canto dela traballamos os contidos relacionados coa CDU, procura de informacións, alfabetizacións múltiples e programación dende a materia de Proxecto Competencial. Gustaríanos atopar outro encaixe a estas materias que atinxira a todo o alumnado, pero a actual distribución de materias só nos permite este xeito de traballar que elimina ao alumnado que opta pola materia de relixión.

### Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

A **lectura silenciosa** volveu cambiar de franxa horaria seguindo as vicisitudes do noso horario nos últimos anos. Desta volta, e cunha remodelación do horario que divide en 4 franxas de 50 minutos, máis o recreo, a xornada de mañá, e tras os 50 minutos do comedor e outros tantos de tempo de lecer tras o xantar, realizamos unha sesión de clase de 50 minutos, precedida de 20 minutos de lectura silenciosa. Valoramos recuperar eses 5 minutos que se perderan o ano pasado, pero seguimos a detectar, do mesmo xeito que xa comentamos na anterior memoria, un uso inadecuado deste espazo de lectura convertido, nalgún caso, en horas de lingua, que é un uso alleo aos obxectivos que procuramos con esta actividade.

Dende o equipo nos marcamos a necesidade de informar polo miúdo desta actividade ao principio de curso, subliñando os seus obxectivos e a súa metodoloxía, e realizar un seguimento e as correspondentes correccións.

Outra actividade cunha moi boa aceptación é a das **Mochilas Vixeiras** en Ensino Infantil, á que se introduciron melloras dende o ano pasado que fixeron que a mochila sexa unha actividade moi ben valorada polas familias.

Segue a funcionar tamén a lectura dos venres, os martes conto, os apadriñamentos lectores e vaille co conto ao profe. Tamén volveron funcionar sen restricións de participación os clubs de lectura, funcionando un club en lingua inglesa (reading club, levado adiante por unha das profesoras de lingua inglesa), outro de cómics, un

outro máis de lectura doada (aproveitando a edición de varios títulos destas características por Galaxia) e, como novidade, un club de lecturas científicas que resultou bastante concorrido e ameno.

Mención a parte cómpre facer sobre o **proxecto Lectura e Familias**, onde realizamos un club de lectura coas nais e pais do centro, e dous obradoiros de ilustración, un deles co autor Manuel Darriba e Aida Alonso, autor e ilustradora de "Pedro, o piloto de gaivotas".

No que atinxe ás **actividades de promoción da lectura**, volvemos ter visitas tanto da editorial Kalandraka con Paco Nogueiras como o de Manuel Darriba e Aida Alonso, que antes do obradoiro tiveron un encontro cos nenos e nenas presentando o seu libro. Tamén nos acompañou Antía Yáñez coa que realizamos dous encontros, un co alumnado que lera o libro de "O Misterio de Portomarín" e logo, á tarde e coas familias, realizamos unha sesión do club de lectura do seu libro "Senlleiras".

### Outras actuacións

Como xa comentamos en apartados anteriores estamos moi satisfeitos coa realización de dous proxectos audiovisuais empregando a técnica da StopMotion, que adaptaron senllos libros da editorial OQO, como son "Fiz o coleccionista de medos" e "Chocolata". Estes dous proxectos foron presentados en público para a nosa comunidade educativa no Teatro Lauro Olmo do Concello do Barco, nunha gala que non tiña nada que envexar aos festivais de cine máis glamurosos.

Tamén celebramos, e como todos os anos cunha participación importante sobre todo nos niveis máis baixos, o **mercadiño de intercambio de libros**, volvendo a celebrarse no espazo físico da biblioteca, dividindo ao alumnado en 4 grupos de idades (infantil, 1º, 2º e 3º ciclo de primaria)

A **entrega de premios da biblioteca** no marco da fin de curso e no espazo exterior volverá a realizarse nos días finais do mes de xuño.

Novamente no marco do Seminario de bibliotecas escolares de Valdeorras e Trives realizamos un traballo de formación en ilustración dixital empregando unha tableta gráfica, actividade que no futuro empregaremos para actividades da nosa biblioteca, sen lugar ás dúbidas.

### Grao de implicación do centro e da comunidade educativa

Comezabamos este memoria comentando a grande incidencia das baixas médicas na dotación dos docentes que traballaron este ano no centro. Como comentabamos nesa introdución este feito dificultou en grande medida o traballo do centro en xeral e da biblioteca en particular, ao obrigar aos membros do equipo a repetir e repetir cal é o noso proxecto, como se desenvolven as actividades e tentando, en todo momento, acadar esa complicidade cos titores que fan trunfar ou fracasar, no caso de non acadala, as propostas da Biblioteca.

De cara ao curso que vén temos que redobrar os nosos esforzos para transmitir a importancia destas actividades e, ben seguro que o equipo de apoio fará ver ao profesorado dos ciclos os beneficios evidentes destas colaboracións desinteresadas que tanto ben fan no alumnado.

Outro punto importante é o dos **alumnos voluntarios** cos que teremos que facer, de cara ao curso que vén, un bo programa de formación, volver a dividir as responsabilidades e facer unha grella coas quendas para que tod@s poidan participar na medida das súas posibilidades, xa que neste ano as cousas se fixeron pero dun xeito pouco regulado.

Tamén queremos que as **familias** volvan xogar o papel destacado que tiñan na vida da Biblioteca. Valoramos en grande medida o traballo que fixeron coas Dinochilas e a súa participación nas actividades do proxecto Lectura e Familias, e queremos seguir contando con eles na Biblioteca, representando contos co seu grupo de teatro, ou simplemente visitando a biblioteca nos horarios de uso fóra do horario lectivo.

Por último subliñar que volvemos restablecer as nosas relacións coa **Biblioteca Pública Municipal** coas visitas para a realización dos carnés de usuari@s do alumnado de 1º curso de primaria.

## Grao de integración dos recursos da biblioteca no proceso de ensino e aprendizaxe das diversas áreas do currículo

A biblioteca ten un importante papel polas achegas que fai para a adquisición de determinadas competencias básicas que permiten unha mellor aprendizaxe de distintas áreas do currículo.

Non vamos incidir no importante papel na adquisición das **competencias lectoras e escritoras** que as actividades desenvolvidas dende a biblioteca teñen, así que imos centrarnos nas competencias de aprender a aprender e na competencia dixital, que se desenvolven grazas ás actividades **ALFIN** que axudan a adquirir bos hábitos para a selección de información, a súa estruturación e a súa expresión en diferentes soportes. Este ano fixemos varios traballos na Aula Virtual empregando ferramentas coma o Board.

Elaboramos tamén unha Web para o apoio ao proxecto documental de enerxía onde se achegaban recursos web e bibliográficos.

Tamén queremos destacar as tarefas de aprendizaxe da linguaxe de programación **Scratch** realizadas polo alumnado de 5º e 6º no marco das clases de Proxecto Competencial.

## Producción de materiais

1.- Como xa comentamos a edición do [Barquiño de Papel](#) neste ano ata o de agora só se fixo un número en formato dixital. Editouse no mes de febreiro e traballouse o tema do proxecto: reto fuchiheiro coa realización dunha ponte, como as que tiñan que cruzar os peregrinos que atravesaban a comarca, un reto de programación pedindo que un personaxe fose trocando a súa aparencia co tempo e un reto de investigación sobre o Camiño de Santiago. Tamén houbo unha proposta de traballo creativo para crear un monstro a partires dunha mancha de tinta.

Estamos á espera de publicar un segundo número para despedir o curso con recomendacións lectoras de cara ao verán.

2.- Promoveuse dende a biblioteca e en colaboración do EDLG e a Axenda 21, un proxecto documental integrado sobre o Camiño de Inverno, as variante do camiño francés que pasa por Valdeorras, e centrado na investigación da flora do camiño e da súa historia. Mostra destas investigacións é o seguinte traballo (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/node/510>) con recursos online e referencias bibliográficas.

3.- Neste curso publicamos, como todos os anos, a nosa revista escolar, [Trágame Terra](#), adicada este ano a Francisco Fernández del Riego pero tamén á celebración do 50 aniversario da creación do noso centro, e onde se poden observar multitude de traballos realizados polo alumnado, actividades de creación literaria, etc...

4.- Realizamos distintos **programas de Radio** con varias temáticas entre as que destaca a realización de varias programas mensuais lembrando a distintas mulleres senlleiras, e sobre todo a realización de dous programas en directo empregando a plataforma de recursoseducativos.net.

5.- Realizáronse distintas actividades empregando Scratch, Trueebot e Lego WeDo.

6.- Celebrando o día da Ciencia e o da Muller traballadora conxuntamente, realizamos unha xornada de ciencia no patio do colexio e unha exposición, na que cada clase investigou no labor dalgunha muller científica. Desta exposición fixemos unha recollida que se plasmou nun Genial.ly (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/node/490>).

## Avaliación

Un dos indicadores da avaliación que valoramos dun xeito especial é a cantidade de empréstamos libres que se fan dende a biblioteca. Neste apartado non fomos quen de repetir números de anos anteriores, dado que non se introduciu a visita á biblioteca do último curso de infantil, e consideramos que non se traballou nas aulas o empréstamo coa intensidade que se facía antes.

Dende o equipo valoramos que para o ano que vén nas aulas de primaria, e sobre todo nos primeiros niveis, se leve algún tipo de control dos empréstamos da biblioteca, por exemplo cun barómetro de lecturas, ou un sistema similar que faga visible dun xeito mesmo lúdico os empréstamos realizados. Esta proposta foi feita,



exactamente nos mesmos termos, o ano pasado, e salvo algún caso illado non se levou a cabo este curso. As razóns seguramente son múltiples, pero nós seguimos apuntando a esa inestabilidade da plantilla coma un factor de primeiro orde.

Pola súa banda as Dinochilas seguiron funcionando en infantil, onde se mantivo un nivel de empréstamos máis ou menos similar ao do ano pasado. Aquí si que se corrixiron os erros detectados o ano pasado grazas a que o profesorado fixo un esforzo importante para comunicar dun xeito correcto as finalidades da actividade así coma o xeito correcto de realizala.

Xunto a estes programas de empréstamos libres e de lecturas no fogar, as bibliotecas de aula, con preto de 350 empréstamos trimestrais, serviron para cubrir as necesidades da lectura silenciosa das distintas aulas de primaria e infantil.

A nosa valoración dos empréstamos realizados neste curso é nun principio positiva, tendo en conta que estamos a falar de recompoñer unha actividade que estivo practicamente desaparecida durante tres cursos, pero evidentemente os números non se corresponden cos nosos obxectivos. Coidamos que temos que insistir en involucrar dun xeito máis intenso a todo o profesorado e atopar medios, que por outra parte xa empregabamos antes da pandemia, de motivar ao alumnado.

No que atinxe aos clubs de lectura sinalar que os números de participantes van aumentando pouco a pouco, e que esperamos que no vindeiro curso poidamos recuperar as cantidades ás que estabamos afeitos. Tamén temos que tentar involucrar a máis profesorado, sobre todo ao que chega de novo ao centro.

As visitas á biblioteca en horario libre pasaron a ter unha intensidade normal

A respecto dos axudantes pensamos que haberá que realizar as actividades de formación a principios de curso con maior rigorosidade para o manexo do programa de xestión e para delimitar as responsabilidades de cada quen, así como facer unha grella para que coincida alumnado de distintas idades e onde os maiores poidan exercer de titores dos máis cativos.

A participación na radio e o número de programas segue en aumento.

A valoración do alumnado, en entrevistas realizadas nas clases, sigue a ser positiva en actividades como a lectura silenciosa, o mercado de intercambio dos libros e a olimpíada do saber.

Non realizamos tampouco este ano unha valoración dalgún dos apartados do documento de autoavaliación de A. Baró e outr@s, fundamentalmente por escaseza de tempos.

## Previsións de futuro

As previsións de futuro da nosa biblioteca como xa se veu comentando ao longo desta memoria, pasa por realizar maiores esforzos de comunicación co profesorado que vén de novo ao centro para explicar as nosas actividades e os obxectivos que procuran, e tentar, daquela, involucralos dun xeito máis intenso, o que vai redundar nunha maior e mellor participación do alumnado. Noutro orde de cousas pretendemos:

- Expurgo de materiais deteriorados e continuar coa sinalización inclusiva.
- Fomento do uso didáctico da biblioteca nas distintas aulas, e seguir promovendo proxectos documentais.
- Continuar co Reto Fochiqueiro, a radio na biblio, lectura e familias e clubs de lectura.
- Recuperar o reto lector que comezou a súa andaina no pasado curso escolar, e que non se fixo neste.
- Seguir promovendo o uso da Radio Escolar.
- Continuar incidindo nas actividades de programación con Scratch, e seguir fomentando actividades de robótica, como o reto de programación (Dinobot) co uso de Scratch.
- Desenvolvemento dos clubs de lectura dixital empregando a Plataforma de empréstamo dixital e capacitación para un uso autónomo da mesma.
- Seguiremos tamén desenvolvendo materias de Alfabetización en Información na materia de Proxecto Competencial.
- Mellorar a coordinación co departamento de orientación cun calendario de reunións estable.
- Realizar recompilacións de recursos dixitais.


- Mellorar as enquisas introducindo a posibilidade de suxestións de mellora por parte dos usuarios.

En resume, consideramos que a actividade que estamos a desenvolver nesta biblioteca é basicamente correcta, que imos no bo camiño da recuperación da nosa actividade e mesmo que estamos a introducir melloras nos servizos habituais.

Como factor negativo sinalar que estamos tendo dificultades para implicar nas nosas iniciativas, realizadas en horas de lecer, a un sector do profesorado probablemente por non termos podido ou sabido contaxiar o noso entusiasmo. Teremos que traballar máis para acadar esa complicidade necesaria do claustro para promover entre o alumnado as nosas actividades



# *Proxecto Lector de Centro*



Ceip Condessa de Fenosa

O Barco de Valdeorras

Ourense

Cod. 32015116

CURSO 2022-2023

# Sumario

Introdución.....	1
Análise da situación previa.....	1
Análise da lectura e da escritura.....	1
Prácticas lectoras.....	1
Competencia lingüística.....	2
Experiencias literarias.....	2
Identificación de logros e necesidades.....	3
Recursos materiais e humanos.....	4
Biblioteca escolar.....	4
Bibliotecas de aula.....	4
Aula de informática.....	4
Equipo de Apoio á biblioteca.....	5
Necesidades de formación do profesorado.....	5
Obxectivos, Fundamentos e Organización.....	5
Obxectivos.....	5
Xerais.....	5
Biblioteca.....	6
Os Obxectivos específicos da biblioteca para E. Infantil son:.....	6
Os Obxectivos específicos da biblioteca para E. Primaria son:.....	6
Centro.....	6
Familias.....	7
Fundamentos.....	7
Metodoloxía.....	7
Características dos lectores competentes.....	7
Competencia lectora e competencia literaria.....	7
Soportes, textos e finalidades da lectura.....	8
Organización de espazos e tempos.....	8
Recursos culturais do contorno.....	9
Coordinación do proxecto.....	9
Modo de difusión e apoios necesarios.....	10
Intervencións.....	10
Estratexias de comprensión lectora.....	10
Fomento de hábitos de lectura.....	11
Actividades de educación documental.....	11
Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.....	12
Xestión informática dos fondos.....	12
Páxina web da Biblioteca e Blogue.....	12
Acceso a internet.....	13
Aula de informática.....	14
Implicación das familias e do contorno.....	14
Criterios e procedementos de avaliación.....	14
Ferramentas de avaliación.....	14
Criterios de avaliación.....	15

## **Introdución**

O Proxecto lector do centro, tal e como sinala o decreto 130/2007 de 28 de xuño, no que se establece o currículo de ensino primario para Galicia, é o documento que articula todas as intervencións que se van levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

O noso proxecto lector considera, e non podería ser doutro xeito, a lectura nun sentido amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar datos, para resolver un problema, para elaborar un traballo cun tratamento crítico e ético das fontes de información, e tamén a lectura pracenteira que ten como único fin o gozo do texto literario.

O noso PLC está nun momento no que unha vez superadas as fases iniciais de concienciación, tentamos darlle un carácter didáctico máis sistemático, con eixo nas actividades dentro das aulas, nas que a Biblioteca acomete un papel dinamizador do traballo das competencias lectoras, escritoras e de procura da información, así como naquelas outras nas que se fomenta a lectura como fonte de pracer.

O noso PLC terá en conta na súa elaboración e deseño os seguintes aspectos.

- O Currículo
- Enfoques didácticos e organización escolar
- Apoio e reforzo escolar
- As bibliotecas de centro e aulas
- O Contexto familiar e cultural
- As novas tecnoloxías da información e a comunicación
- A formación permanente do profesorado
- Contidos a desenvolver no tempo específico de hora de lectura.
- Tratamento da lectura na programación das distintas áreas das unidades didácticas.
- Actuacións que se desenvolven fóra do centro e coas familias.
- Actuacións de colaboración e intercambio con outras institucións: Biblioteca municipal, bibliotecas virtuais.
- Os indicadores de avaliación do proceso para concretar os puntos fortes e febles e articular propostas de mellora.

## **Análise da situación previa**

### **Análise da lectura e da escritura**

#### **Prácticas lectoras**

En xeral faise lectura colectiva ou individual diariamente en todas as clases:

- Lectura nos libros de texto.
- Libros de lectura: contos, poemas.
- Enunciados de problemas.
- Esquemas e resumos.
- Actividades de expresión oral.
- Actividades relacionadas coas TIC

Facemos asemade actividades na biblioteca do centro

- Vaillle co conto ao profe
- Os martes conto
- Clubs de lectura
- Clubs de escritura
- Apadriñamentos e amadriñamentos lectores
- O conto do xoves
- Radio na Biblio
- Construción de recunchos de lectura
- Mochilas viaxeiras
- Escolas de pais e nais
- Clubs de lectura de adultos

Por último realízanse actividades promovidas nun principio pola biblioteca, pero que se levan a cabo nas aulas do colexio, afectando a toda a comunidade educativa:

- **Programa de lectura silenciosa sostida**, con quince minutos de lectura diaria á chegada ás aulas.
- Desenvolvemos dende hai dous cursos apoios e desdobres dentro dun **contrato programa** para a mellora da escritura, da lectura e o cálculo. Nalgunhas clases, neste horario, utilizan a aula de informática e a pizarra dixital para o reforzo da lectoescritura
- Declamación de poemas e obras literarias galegas dentro do programa da biblioteca **“os nosos autores en voz alta”**
- Realización de contos viaxeiros, Kamishibai
- Participación en diversas actividades promovidas polos distintos equipos do centro (normalización, biblioteca, axenda21) e referidas normalmente ás celebracións cíclicas (receitas de castañas, contos de terror no Samaín, cartas aos reis no Nadal...)
- Correspondencia escolar con intercambios con colexios doutras zonas de Galicia.

## **Competencia lingüística**

En xeral, na fala entre iguais e nas relacións cos mestres, os nosos alumnos empregan a lingua castelá, aínda expresándose o profesorado en galego. A pesares de que as primeiras impresións sobre este aspecto poderían levar a pensar nunha ausencia de contacto co galego, a lingua familiar, tal como reflicte o proxecto sociolingüístico do centro, permite na maioría dos casos un contacto permanente coa lingua galega pois sempre hai membros da familia que empregan o galego como lingua vehicular. Debemos xa que logo atribuír esta actitude a unha forte compoñente diglósica que se materializa dentro da vila.

De xeito paradoxal na lectura a competencia é semellante nas dúas linguas oficiais da comunidade, aspecto que ten, ao noso xuízo, bastante que ver coa política de normalización do idioma galego que caracteriza ao centro.

Existe un importante medre nos últimos anos de alumnado de procedencia foránea que amosa dificultades para acadar unha competencia axeitada na lingua galega, cando menos ao se incorporar ao noso sistema educativo.

Os informes das probas de avaliación diagnóstica realizadas revelan uns índices acordes coa media dos centros das nosas características, indo, ano tras ano, mellorando os resultados.

## Experiencias literarias

Todas as aulas dispoñen dunha biblioteca de aula. Os fondos destas son fornecidos mediante o empréstamo temporal da Biblioteca central do colexio, en función da programación e dos intereses da aula.

A selección de títulos fana o profesorado e alumnado nunha visita á biblioteca, onde escolman os textos que se emprestan a nome do titor, cunha periodicidade cando menos trimestral. Así aseguramos que os títulos están adaptados ás idades e aos intereses dos nenos, e tamén a unha renovación constante da colección.

No que se refire ás experiencias deste tipo fóra do ámbito escolar, se ben as familias declaran mercar libros e ler con regularidade, pensamos que estas prácticas non están tan estendidas como sería de desexar.

Se ben é certo que nos últimos tempos a compra de libros para os nenos mellorou, o hábito da lectura entre os maiores da casa resulta aínda baixo, e o seu efecto exemplar non está á altura que nos gustaría.

Hai que sinalar a importancia da familia no que atinxe ao desenvolvemento do hábito lector. Nas familias onde se ve ao pai e á nai ler, onde se lles le á rapazada, onde o conto antes de durmir é unha rutina asumida por todos, as prácticas lectoras e escritoras dos alumnos son máis ricas que onde non hai estimulación familiar previa.

Velaí que un dos esforzos que debemos realizar dende a escola é o de implicar ás familias no desenvolvemento lector dos nenos e nenas, como nestes aspectos das compras. Neste senso temos que sinalar os esforzos que ao través do programa de **Lectura e Familias** se está a realizar dende a biblioteca escolar

## Identificación de logros e necesidades

O PLC é un proxecto de actuación global no centro, integrado no PE que orienta o prantexamento dunha educación lectora integral e que se concreta nas programacións didácticas para conseguir que o nen@ desenvolva a competencia lectora e fomentar o interese e hábito lector d@s alumn@s, tendo en conta as seguintes premisas:

- A lectura é unha **competencia básica** na sociedade actual, mais podemos observar que neste momento hai uns baixos niveis en competencia lectora e de hábitos de lectura, e vemos que o interese lector baixa inversamente proporcional á idade dos alumnos/as.
- Hai unha clara conciencia social de que **é necesario mellorar a competencia lectora**.
- Neste momento na escola estamos inmersos en plans de traballo para mellorar na competencia lecto-escritora PLAMBE, LLSS... Trátase dun obxectivo educativo de primeiro nivel. Podemos ver como case tod@s @s nen@s se achegan á lectura moi motivados e con grandes expectativas que, en certa medida, decaen ao tempo que aparecen as primeiras dificultades. **O proceso lector require de práctica e constancia** polo que os logros hanse ver a longo prazo.

Como dato significativo podemos dicir que as medias de empréstamos sitúanse ao redor de 7000 libros anuais, agás o paréntese da COVID que supuxo unha importante baixada. Evidentemente os nosos esforzos teñen que centrarse en recuperar as cantidades de empréstamos realizados nos tempos previos a que as restricións sanitarias mancasen a marcha habitual da biblioteca. Temos que sinalar que nesta baixada só están rexistrados os empréstamos realizados dende o ordenador de xestión da biblioteca, que non contabiliza o inxente número de empréstamos que se realizaron ao

través do programa das mochilas viaxeiras que se xeneralizou para todo infantil e primeiro curso de primaria durante o período da pandemia, e que hoxe se mantén só para os cursos de infantil.

Respecto ás **dificultades**, hai que dicir que medran a medida que o alumnado avanza cara aos cursos superiores. A falta de comprensión lectora, de atención e de práctica fai que o proceso lingüístico non progrese axeitadamente.

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario tempo e constancia xa que a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e un acceso á información; **por iso debemos presentar todas as ocasións posibles para animar a ler.**

Asemade debemos engadir a **necesidade de formación** que temos os mestres en relación ás técnicas e estratexias de comprensión lectora, formación de usuarios da biblioteca e outros aspectos que tentaremos, aos poucos, ir mellorando. Resulta necesario que o profesorado que chega ao centro cada curso escolar sexa informado das actividades que se realizan en relación ao fomento do hábito lector, para o que sería conveniente adicar unhas horas previas ao comezo do período lectivo para tomar contacto con elas.

Na actualidade contamos con suficiente **espazo** na biblioteca para dar cabida a todos os fondos dos que dispomos, así como para suscitar actividades para grupos numerosos, e a posibilidade de marcar espazos diferenciados para usos diversos: TICs, audiovisuais, recursos educativos, lectura individual... Todo este traballo transluce un cambio de paradigma, que pasa de considerar a biblioteca un espazo de almacenamento de libros para ser un lugar de actividade diverso onde cada quen pode atopar o seu espazo e conta coas mellores facilidades para facelo.

As actuacións na biblioteca para acadar este espazo non deixaron nunca de se realizar, pero multiplicáronse a raíz da incorporación da biblioteca ao plan LIA 2, cunha orientación cara á mellora dos mobles de almacenaxe, a versatilidade e convertibilidade do mobiliario, ganancia de espazo para a deambulación.

No tocante ás **metodoloxías** empregadas, o noso centro conta na práctica cun proxecto lector implícito constituído por todas as actividades que dende a biblioteca ou dende as aulas se programan para mellorar a competencia lectora. A partir de aquí o que pretendemos é sistematizar todas aquelas accións que ocorren nos distintos espazos do centro e que dalgún xeito contribúen a mellorar a competencia lectora dos nosos alumnos.

A formación na **lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado**. Débense empregar todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Aplicaranse estratexias de comprensión lectora en todas e cada unha das áreas educativas e adicaremos un tempo diario determinado para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e a escritura.

Levamos adiante, así mesmo, un programa de mellora da lectura, da escritura e do cálculo, polo que se realizan apoios e/ou desdobres nos grupos de alumnos para incidir nestes aspectos, cunha atención o mais personalizada posible.

Para **avaliar** os aspectos relacionados co hábito lector teremos en conta ademais do número de empréstamos tanto da biblioteca central como de aula, a capacidade do alumno para avanzar na súa competencia literaria, e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así coma a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

## **Recursos materiais e humanos**

### **Biblioteca escolar**

Tanto os recursos materiais como humanos da biblioteca central do colexio foron incrementándose de xeito significativo nos últimos anos. Respecto aos recursos materiais e o equipamento pasouse de ter unha morea de libros hai non moitos anos, amoreados en caixas sen orde algún, a contar con máis de 15.600 exemplares, perfectamente catalogados e a disposición de toda a comunidade educativa.

Os recursos materiais proceden do presuposto escolar, incluído na PXA cun 10 % do presuposto anual, pero tamén chegan a través da inclusión do centro no Plan de mellora de bibliotecas escolares, premios de innovación, e achegas doutros programas nos que está a participar o centro como son Biblioteca creativa, Radio na Biblio ou LIA2 . Hai que sinalar que para que a colección resulte atractiva, hai que realizar adquisicións de novidades e expurgar asemade. Velaí que haxa que adicar un tempo no final de cada curso para retirar do catálogo aqueles títulos deteriorados polo seu uso.

O espazo físico da Biblioteca duplicouse, coa unión dunha segunda sala que permitiu, dende o momento da redacción da anterior PLC, unha diversificación de espazos axeitándoos ao seu uso principal, ganancia de luz natural, mellora da accesibilidade dos fondos e ofrecemento de servizos que antes eran inimaxinables (zona de audiovisuais, informática, espazo de traballo para clases, zona de lectura informal, exposicións...)

Nos últimos anos, como xa se ten comentado, realizouse un esforzo por renovar mobiliario, nomeadamente os estantes, por sinalar dun xeito inclusivo os espazos e os fondos e por dotar de novos servizos (robótica, radio, espazo maker...). Estas son labores que neste proxecto lector se manterán, xa que a procura permanente das melloras no espazo físico e na accesibilidade dos fondos ten que ser un dos alicerces do traballo na biblioteca.

Tamén no que atinxe aos fondos procúrase introducir no catálogo libros de lectura doada, banda deseñada, álbums ilustrados de calidade contrastada, literatura científica axeitada ao alumnado, libros xogos, e tamén se teñen realizado adquisicións para satisfacer as necesidades dos clubs de lectura. En todas estas adquisicións se tenta, na medida das posibilidades do mercado, equilibrar nun 60% os fondos de consulta, e de potenciar as adquisicións en lingua galega co obxectivo de acadar un mínimo do 50% do catálogo.

Noutro orde de cousas, o equipamento tecnolóxico da biblioteca, permite ter varios postos de acceso a internet, unha pantalla multitouch tamén con acceso á rede, e unha pantalla chromecast empregada para actividades de formación de usuarios e alfabetización en información. A biblioteca conta tamén cunha colección de tablets convertibles e libros electrónicos que permiten traballar aspectos como a programación, a robótica e a lectura dixital.

Sinalar a existencia de recursos como os escornabots, os lego Wedo ou Scottie, materiais que permiten dun xeito lúdico traballar a robótica e a programación, piares dunha biblioteca onde se teña unha concepción maker.

### **Bibliotecas de aula**

Xunto á mellora da Biblioteca central produciuse unha mellora das bibliotecas de aula, que pasaron por un proceso de catalogación de fondos e integración na biblioteca central, funcionando, a partires dese momento como seccións da Biblioteca Central, cunha renovación dos títulos

trimestral, e asegurándonos da súa adaptación aos intereses do alumnado e ás súas necesidades curriculares.

### **Aula de informática**

A Aula de informática do centro permite, a aquelas clases que non dispoñen do equipamento Abalar, realizar traballos dun xeito individual co ordenador, posibilidade que non se pode realizar coa dotación de ordenadores que fisicamente se encontran na Biblioteca Escolar, que teñen un número que só permite o traballo colaborativo (10 convertibles para aulas de cando menos 20 alumn@s).

A aula de informática é empregada nos desdobres e apoios que se realizan para acadar unha mellor competencia na lectura e na escritura, permitindo así mesmo o traballo para a adquisición de técnicas de procura da información, así como a desenvolver a capacitación nas novas tecnoloxías do alumnado.

### **Equipo de Apoio á biblioteca**

Respecto aos recursos humanos tamén pasamos de que fora unha única persoa a que organizara e xestionara todo o que dalgún xeito tiña que ver coa dinamización lectora, a formar un grupo de traballo de profesores que colaboran co encargado da biblioteca.

Na actualidade o grupo de apoio á biblioteca distribúe as súas funcións para facer máis operativo o traballo e axilizar as propostas suxeridas, ademais de contar con compoñentes dos distintos ciclos, o que facilita a transmisión, nunha dobre dirección que se retroalimenta, das iniciativas da biblioteca e das necesidades dos distintos ciclos.

Tamén é importante a presenza do coordinador do equipo da Biblioteca nun órgano da importancia da Comisión de Coordinación Pedagóxica, no que se poden expoñer as iniciativas e propostas que abrollan dende a Biblioteca e que permite unha coordinación coas iniciativas dos outros equipos do colexio (axenda 21 e dinamización).

Ningunha destas actividades poderían saír adiante sen a implicación de toda a comunidade educativa (nais, pais, nen@s, mestr@s...) polo que a actuación do equipo de apoio é fundamental para involucrar a tod@s nestas angueiras e acadar o obxectivo fundamental que é a creación de lectores habituais e críticos.

### **Necesidades de formación do profesorado**

En relación á biblioteca do Centro, dende hai anos se vén traballando en aspectos de formación. Así, os profesores, en base ás propostas que xorden do equipo de biblioteca, tentan mellorar a súa capacitación a través de diferentes vías: proxectos de formación en centro, constitución de grupos de traballo... e tamén asistindo a cursos propostos polo CEFOR ou cursos de PLATEGA de formación on-line.

A nivel práctico, consideramos necesario que ao principio de cada curso escolar se realice unha actividade na que se expoñan as actividades que se desenvolven na biblioteca, os obxectivos que se perseguen con elas, os aspectos importantes que se teñen que ter en conta á hora de realizar as actividades co alumnado (para evitar desvirtuar algunha que outra actividade con elementos que son alleos á súa formulación inicial)...



Porén é ao través dos PFPC que se desenvolven actividades de formación no que se atinxen obxectivos relacionados coas temáticas propias da biblioteca escolar e axeitados ás necesidades formativas específicas do profesorado do centro.

Tamén se desenvolven actividades de formación, concretamente un seminario permanente, entre os distintos equipos bibliotecarios da comarca de Valdeorras e Trives, que achegan formación aos membros dos distintos equipos de apoio dos centros participantes, e que logo repercuten en propostas de actuacións co alumnado.

En canto ao programa de xestión bibliotecaria que usamos é o Abies. Neste momento estamos á espera de migrar o noso catálogo a Koha, que é o programa que se promove dende a Asesoría de Bibliotecas.

Non sabemos exactamente o traballo que vai supoñer a migración, como pode ser o feito de volver a asignar códigos de barras a cada volume da biblioteca, ou se tras o proceso se conservará a integridade das fichas bibliográficas dos fondos.

En todo caso resulta necesario irmos converxendo co resto das bibliotecas escolares de Galicia aínda que iso supoña unha carga extra de traballo na rehabilitación do catálogo. Por suposto somos conscientes de que esta migración suporá que se estableza unha liña de traballo na formación do profesorado para acadar un dominio adecuado do programa de xestión.

## **Obxectivos, Fundamentos e Organización**

### **Obxectivos**

#### **Xerais**

1. Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
2. Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
3. Despertar e aumentar o interese dos alumnos pola lectura.
4. Lograr que a meirande parte dos alumnos descubran a lectura como un elemento de gozo persoal e unha fonte de informacións.
5. Fomentar n@s nen@s, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica coa súa contorna.
6. Promover entre os alumn@s o uso cotián da biblioteca de xeito que adquiren as ferramentas para o seu manexo eficaz nela.
7. Valorar a importancia de coidar e conservar os libros e materiais da biblioteca para o que tentaremos a implicación do alumnado na xestión da biblioteca fomentando a súa responsabilidade mediante a figura dos axudantes de biblioteca.
8. Incorporar as TICs ao día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e a analizar a información que obteñen de xeito crítico.
9. Potenciar actividades de escritura de diferentes textos e en soportes diversos.
10. Promover actividades de procura documental para a elaboración de proxectos de traballo dun xeito crítico e respectando os dereitos de autor.
11. Desenvolver a alfabetización en diversas linguaxes, nomeadamente na programación e na expresión artística.
12. Elaborar distintos programas de radio e audiovisuais, dominando dun xeito básico os fundamentos técnicos destas linguaxes.

13. Estimular a creatividade do alumnado mediante a realización de distintas propostas

## **Biblioteca**

1. Proporcionar apoio aos programas de ensino-aprendizaxe.
2. Asegurar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.
3. Dotar ao alumno das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.
4. Habituar aos alumn@s á utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.
5. Potenciar o aspecto de compensación social da biblioteca escolar, fomentando o seu uso como ferramenta nos apoios escolares, programas de acompañamento e outras iniciativas compensatorias.

### ***Os Obxectivos específicos da biblioteca para E. Infantil son:***

1. Achegarse á biblioteca como lugar máximo de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
2. Establecer un primeiro contacto co libro de xeito lúdico.
3. Adquirir hábitos de comportamento relacionados co xeito de estar na biblioteca.

### ***Os Obxectivos específicos da biblioteca para E. Primaria son:***

1. Afondar na relación do neno coa biblioteca coma un lugar máximo onde pode saciar a súa curiosidade.
2. Despertar, crear e estender o gusto pola lectura.
3. Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
4. Afondar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
5. Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.

## **Centro**

1. Facilitar a través da información o coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis axeitadas para levalas á práctica.
2. Potenciar un estilo docente no que ofrecemos recursos alternativos ao libro de texto, ampliando as vías de acceso á información e ao coñecemento.
3. Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
4. Fomentar o hábito de lectura diaria como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.
5. Estimular a concepción do profesor como investigador e como dinamizador da investigación do alumnado.
6. Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos ao servizo de toda a comunidade educativa.

## **Familias**

1. Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
2. Favorecer que os pais e nais se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.

3. Desenvolver actividades de formación en temas relacionados coa lectura coas familias.
4. Implicar ás familias na motivación d@s nen@s no seu achegamento á lectura mediante a participación en actividades da Biblioteca e do Centro.

## Fundamentos

### Metodoloxía

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario tempo e constancia xa que a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e un acceso á información; por iso debemos presentar todas as ocasións posibles para animar a ler, valorando a voluntariedade desta decisión.

A nosa metodoloxía será a tal fin facilitadora de ambientes lectores e de referentes adultos de lectores para un alumnado que, ás veces, está carente destes modelos no seu propio fogar.

Así mesmo pretendemos que, dado o carácter de compensadora social da biblioteca, ofrecer o contacto co obxecto cultural en igualdade de condicións para tod@s.

Tamén debemos procurar unha formación literaria do alumnado, no sentido de tirar pracer na lectura mediante unha progresividade nas dificultades dos textos, de traballar textos diversos (en contido, soporte ou formato) realizando sobre eles distintas tarefas e facendo fincapé na introdución das TICs como ferramenta fundamental de comunicación e como fonte de información.

Se deberán facer todos os esforzos para que os espazos e os tempos se organicen de tal xeito que haxa posibilidade de que eses ambientes lectores alcancen a todo o alumnado do centro.

### Características dos lectores competentes

Un lector competente manifesta unha serie de aspectos:

1. Posúe actitude para utilizar diferentes formas de lectura: Lectura silenciosa, lectura en voz alta, rápida, selectiva, lenta.
2. Recoñece diferentes tipos de texto escrito, comprende as súas mensaxes, o seu sentido e o vocabulario que utiliza: Textos literarios, científicos, técnicos, descritivos, argumentativos,...
3. É capaz de ler en diferentes soportes: xornais, enciclopedias, monitores, diapositivas, pictogramas, imaxes...
4. Constrúe proxectos de lectura con motivación variada: ler por pracer, por deber, por interese, por necesidade.
5. É quen de ler criticamente un texto, seleccionando o central do accesorio, decatándose das finalidades do texto e formándose unha opinión propia do mesmo.

### Competencia lectora e competencia literaria

O concepto de **literacidade** abarca todos os coñecementos e actitudes necesarias para o uso eficaz dos xéneros escritos. A orientación é máis socio-cultural que baseada nos enfoques lingüísticos. Dende esta perspectiva entendemos a lectura e a escritura como unha práctica social, onde @s nen@s utilizan os textos dentro dun contexto particular que debemos ter moi presente.

Debemos ter en conta que a literacidade abarca aspectos coma:

1. Multiliteracidade : lectura de moitos textos, moi variados en moi pouco espazo de tempo.
2. Biliteracidade : posibilidade de ler e escribir en dúas linguas
3. Literacidade electrónica : chats, MSN, xogos de simulación, correos electrónicos, web, blogs, foros: uso real da linguaxe que hoxe xa ocupa un lugar importante.

4. **Criticidade** : que nos remite adoptar un punto de vista crítico sobre o que lemos.

Podemos resumir dicindo que non se trata unicamente de ler as liñas senón ler entre liñas e sobre todo ler tralas liñas.

A máis da competencia lectora tamén procuramos que o noso alumnado adquira certa competencia literaria. Velaí o noso esforzo en formar lector@s literarios: nenos e nenas que gozan cos libros, en especial coa literatura, coa ficción, ou coa poesía. Nesta liña traballamos distintos tipos de textos en todos os ciclos e todos os anos, xunto coa participación en diferentes certames literarios.

Sabemos que para ter éxito neste empeño se require dun entorno positivo: familia, sociedade e medios de comunicación estimulantes que estamos lonxe de acadar; pero tamén é verdade que esa minoría de lectores empedernidos saíran das nosas aulas e somos nós os que temos que dar resposta ás súas demandas.

En consonancia procuraremos traballar coas familias principalmente este tema facéndolle ver a importancia do seu papel motivador e de modelo a seguir. Como xa se indicou noutro apartado deste proxecto, o programa de Lectura e Familias que estamos a desenvolver dende a biblioteca escolar pode ser un bo comezo para despertar esta conciencia entre as familias do alumnado, aínda que temos que traballar para acadar unha maior difusión das iniciativas deste programa.

### **Soportes, textos e finalidades da lectura**

Si algo está claro é que os alumnos do século XXI van necesitar ser lectores competentes en calquera tipo de soporte. Deberán ser capaces de manexar unha páxina web, elaborar un hipertexto, facer un uso axeitado de internet, dos chats e dos blogs... competencias que devolven á lectura a súa faceta primordial e á vez a enfronta a novos e importantes retos.

Por iso ademais do horario específico de informática tentaremos dotar a todas as aulas cun equipo informático completo onde os nenos poidan aumentar a súa competencia lecto-escritora escribindo, corrixindo, relendo... construíndo linguaxe dende as novas tecnoloxías e ao través de todas as áreas, xa que non podemos esquecer o carácter motivador desta nova forma de traballo. Por suposto a biblioteca tamén ten que fornecer este contacto coas novas tecnoloxías, e para iso, a máis da sección de ordenadores con conexión a internet, temos unha dotación de soportes para lectura dixital, e incluímos o manexo dos mesmos nas actividades de formación de usuarios, fomentando o seu uso nos clubs de lectura asemade.

Con relación aos textos utilizaremos todo tipo de textos segundo os diferentes niveis: narrativos, expositivos, descritivos, matemáticos...

A radio da Biblioteca é un espazo idóneo para a promoción da lectura, xa que é unha actividade moi motivadora para o alumnado que lle facilita acadar obxectivos básicos da comunicación oral. Este proxecto procurará estender o emprego da radio a todos os cursos e a todo o alumnado do centro.

### **Organización de espazos e tempos**

A biblioteca ten un horario de apertura para o acceso libre do alumnado coincidente cos períodos de recreo do alumnado, nos que se atenden empréstanos, acceso a internet, sesións de cine-club, clubs de lectura e escritura e outras actividades.

Tamén abre á comunidade educativa os martes de 17:00 a 18:00 para a realización da actividade de Os Martes Conto e o empréstamo ao alumnado que non acode autonomamente á biblioteca.

Tamén se reserva unha **hora semanal de uso da Biblioteca** para as distintas aulas, na que se realizan actividades lectoras e de educación documental, actividade que haberá que relanzar xa que non

sempre se cumpre. Consideramos fundamental o aproveitamento desta hora, tanto para traballos relacionadas coa procura de informacións para os proxectos documentais, como para actividades de lectura en grupo, para gravacións de radio ou audiovisuais para a promoción de libros, preparación de obras de teatro, declamación de poemas, etc...

Como se comentou noutros apartados tamén a aula de informática é empregada tanto para actividades propias da biblioteca (formación de usuarios, formación documental...) como para os desdobres sinalados no programa contrato de mellora da escritura, da lectura e do cálculo.

Mención a parte merece o programa de lectura silenciosa, a actividade máis consolidada no centro. Todos os días, os quince primeiros minutos da mañá, adícanse a **lectura silenciosa** de libros escollidos polos alumnos dende infantil a sexto de primaria.

Para que a lectura non sexa unha carga horaria excesiva para as materias das primeiras sesións, o claustro acordou modificar o horario da mañá prorrateando cinco minutos de cada materia. O programa ten como obxectivo desenvolver o hábito diario da lectura, libre, en silencio e non avaliada, aínda que si se valore a actitude de cara á actividade que mostra o alumnado. Os materiais de lectura son libres (agás revistas e folletos) e son auto-seleccionados polos propios alumnos, cunha supervisión dos titores, ao través de empréstamos da biblioteca central ou traídos da casa, conformando así a biblioteca de aula, que se renova cando menos unha vez por trimestre.

Procuramos deste xeito que o nivel dos textos estea acaído á idade do alumnado e ao seu nivel lector, intereses e necesidades, así como a unha presenza de lecturas nos dous idiomas oficiais.

Esta actividade amplíase coa inclusión dunha lectura poética os venres, na que o alumnado dunha aula se distribúen polas distintas clases do colexio e declaman unha poesía dun dos nosos autores en voz alta.

Outra actividade que pensamos que se pode e debe potenciar é a de **Vaile co Conto ao Profe**, unha actividade que consiste na presenza dunha mestra na biblioteca a disposición de calquera alumna ou alumno que queira contarlle un conto. Unha actividade non avaliadora, senón máis ben un xogo de inversión de roles nos que o adulto é aquel ao que se lle conta un conto e que presenta un carácter moi motivador e lúdico para o alumnado.

No noso centro están a funcionar as **bibliotecas de aula** en case todas as clases con libros procedentes da biblioteca do centro en réxime de préstamo. Cada titor escolle os libros para un período de tempo, normalmente un trimestre, e xestiona os préstamos na súa aula.

Nalgúns casos os libros da biblioteca de aula son aportes dos alumnos con libros propios e fanse préstamos igualmente. Estanse levando a cabo varias maneiras de funcionamento.

Levan un libro por semana ou quincena e fanse actividades sobre el na clase.

## **Recursos culturais do contorno**

O Barco conta cunha Biblioteca Pública Municipal, que nos últimos anos, ven mellorando cualitativa e cuantitativamente os seus servizos, e coa que o noso centro ten establecidas canles de colaboración, que sen dúbida, deberán mellorar e ampliar. Todos os anos os alumnos de 1º curso visitan a Biblioteca municipal e fanse socios da mesma no transcurso da visita escolar.

Outros recursos do contorno cos que se establecen canles de colaboración son diversas asociacións culturais (teatro aficionado, cine-club...) e as mesmas familias do alumnado.

Sinalar que o Centro Comarcal, que foi nestes últimos anos un elemento a ter en conta pola cantidade de exposicións que ofrecía, pechou as súas portas.

Por último, as editoriais ofrecen ás veces, en función do negocio que fan coas lecturas obrigatorias do centro, contacontos e actividades de encontros con autores ou de animación á lectura en xeral.

## **Coordinación do proxecto**

A Coordinación do Plan Lector do Centro correspóndelle ao Coordinador da Biblioteca Escolar, axudado polo profesorado pertencente ao Equipo de Apoio á Biblioteca.

Dado que non é un proxecto de Biblioteca, senón un proxecto de centro no que terá que, necesariamente, estar implicado todo o profesorado, se establecerá un contacto permanente co equipo directivo para avaliar a marcha do proceso e incluír as correccións necesarias para un correcto funcionamento do mesmo.

## **Modo de difusión e apoios necesarios**

A inclusión do coordinador dentro da CCP, e a integración no Equipo de Apoio de profesorado de mestres pertencentes aos distintos ciclos asegura un nivel de coordinación e de difusión das actividades deste PLC bastante aceptable.

A máis desta coordinación a nivel profesorado a biblioteca conta cunha páxina Web, un blogue e un boletín (impreso e dixital) nos que se difunden as distintas actividades e iniciativas relacionadas coa lectura e a educación documental que se realizan no centro.

## **Intervencións**

### **Estratexias de comprensión lectora**

- Antes da lectura:
  - Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
  - Establecer predicións sobre o texto.
  - Fomentar as preguntas sobre o texto.
- Durante a lectura:
  - Ter en conta o proceso da lectura, facerse conscientes del, guíalo
  - Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva
  - Lectura exemplar do profesor
  - En actividades de lectura compartida:
    - Formular predicións sobre o texto que se está a ler.
    - Facerse preguntas sobre o que leron.
    - Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.
    - Resumir ideas do texto.
  - Prácticas de lectura independente:
    - Textos con erros, para identificar
    - Textos con lagoas para completar
    - Textos con frases “pirata”
    - Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios
- Despois da lectura:
  - Idea principal
  - Elaboración de resúmenes

- Formulación de preguntas
- Ensinar ferramentas de comprensión lectora (relectura do texto, análise de pequenos fragmentos...)
- Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto é unha estratexia esencial para unha lectura activa.
- Preguntas de resposta literal.
- Preguntas “para pensar”. O lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta.
- Preguntas de elaboración persoal. Esixen a asociación co que se sabe, se pensa ou se ten experimentado.
- Actividades que fomentan a creatividade e o pensamento diverxente
- Actividades que forman lectores críticos
- Actividades que desenvolven a afectividade

## **Fomento de hábitos de lectura**

As actividades que en relación á adquisición de hábitos de lectura se realizan ou se ten pensado realizar no futuro no noso colexio son as seguintes:

- Programa de lectura silenciosa
- Carnés de lectores
- Booktubers: recomendacións lectoras.
- Empréstamo
- Mercado de intercambio de libros
- Clubs de lectura
- Clubs de escritura
- Elaboración e representación de Kamishibais
- Vaille co conto ao profe
- Os Martes Conto
- Programa contrato de mellora da lectura e da escritura
- Os nosos autores en voz alta
- Clubs de lectura de mestres
- Obradoiro de conta contos para nais e pais
- Guías de lectura
- Elaboración e difusión do boletín da Biblioteca (O Barquiño de papel) con retos lectores, retos de investigación, creativos e de programación (Dinobot)
- Participación na Code Week
- Posto de book-crossing
- Itinerarios lectores
- A procura do tesouro
- Concursos de ilustradores
- Exercicios de escritura creativa
- Encontros con escritores e ilustradores
- Charlas para as familias
- Clubs de lectura e escritura para nais e pais
- Radio na Biblio: DinoRadio

## **Actividades de educación documental**

No tocante á educación documental as actividades que, dende a biblioteca se realizan, serían as seguintes:

- Fornecer bibliografía para os proxectos documentais das distintas aulas
- Proposta e coordinación do Proxecto Documental de Centro
- Olimpíada do Saber
- Realización de Procuras do Tesouro e WebQuests
- Elaboración e difusión do boletín da Biblioteca (O Barquiño de papel) con retos lectores, retos de investigación, creativos e de programación (Dinobot)
- Formación de usuarios
- Axudantes da Biblioteca

## **Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación**

As novas tecnoloxías, e moito máis nos últimos anos, van adquirindo unha importancia capital no funcionamento das bibliotecas, e afrontar o reto organizativo e didáctico que supoñen é, ao noso entender, unha das chaves para o futuro das mesmas. Na nosa biblioteca abordamos a súa incorporación dende catro perspectivas diferenciadas:

### ***Xestión informática dos fondos***

Abies, que é o programa co que traballamos actualmente posúe moitas prestacións para o servizo da biblioteca, e, amais, é un programa que unha boa parte do profesorado e alumnado do centro son quen de xestionar, cando menos as opcións de empréstanos e devolucións.

Como xa se dixo noutra parte deste proxecto non migramos a Meiga ante a dúbida de que se puidesen perder parte dos fondos, e do escaso interese que mostrou o persoal da consellería de Cultura. Actualmente andamos polos 17.000 documentos identificados individualmente por un código de barras, que facilita enormemente a xestión dos empréstanos.

A funcionalidade do programa para elaborar estatísticas de uso tamén é moi interesante e aporta elementos para a reflexión sobre o noso traballo.

Aínda así agora que dende a Asesoría de Bibliotecas están a promover a migración a Koha teremos que decidirnos a dar o paso a este novo programa de xestión bibliotecaria. Estamos á espera de que se desenvolva a pasarela de migración desde os catálogos de Abies a Koha, e cando isto se produza haberá que facer fronte aos retos que poidan xurdir para axeitar o catálogo ao novo programa de xestión, fundamentalmente no que se refire á asignación de códigos de barras a cada exemplar do catálogo.

### ***Páxina web da Biblioteca e Blogue***

Se ben dende comezos do ano 2008 xa tiñamos a posibilidade de consultar na rede a páxina web da biblioteca, aínda que esta xa estaba elaborada, nas súas liñas mestras, dende o curso 2005-2006.

Houbo que esperar a que se rematase a páxina web do colexio, onde se aniñou o sitio da Biblioteca. Esta ferramenta web constaba de distintas páxinas que ofrecían opcións para o traballo ou facilitaban información sobre as actividades da biblioteca.



Na primeira páxina á que se accedía dende o vencello da páxina do colexio dáselle a benvida aos internautas, e ofrecíase a posibilidade de contactar, mediante o correo electrónico, cos servizos bibliotecarios. Seguindo a orde alfabética das ligazóns desta columna, presente en todas as páxinas do sitio, chegabamos á páxina adicada ás actividades que ofertaba a biblioteca. Na seguinte páxina ofrecíase a posibilidade de consultar o catálogo.

Continuando a nosa navegación, chegabamos a unha páxina na que se ofrecía un servizo de contacontos en flash para os máis pequenos e logo a unha páxina adicada ao poeta, intelectual galeguista e persoeiro valdeorrés, Florencio Delgado Gurriarán, cunha pequena escolma da súa obra poética e uns apuntamentos biográficos básicos.

Así mesmo contabamos cunha páxina de ligazóns a lugares de interese educativo e documental.

Por último tiñamos deseñada unha páxina na que falamos dos proxectos nos que estabamos, daquela embarcados. Dende esta páxina podíamos acceder tamén á edición do Barquiño de Papel, boletín da biblioteca cunha periodicidade que pretende ser bimensual.

O Barquiño édítase en papel e en formato dixital e repártese a todo o alumnado e profesorado do centro. Neste boletín, a parte das novas que van sucedendo no colexio, publicítanse as actividades que impulsa a biblioteca, e, á calor das festas cíclicas, recoméndanse lecturas relacionadas con elas.

Dentro desta páxina de proxectos tiñamos actividades de recollida documental, procuras do tesouro, tutoriais para a navegación web, actividades Jclic de formación de usuarios, recursos LIM sobre os escritores das letras galegas...

A parte da Web, e de feito foi como comezou a nosa aventura na rede da biblioteca, dispuñamos dun espazo en blogaliza O Blogue servía de diario dos acontecementos do colexio, pero abordados dende a óptica da biblioteca, abrindo espazos para a participación por escrito do alumnado. O primeiro uso que se lle pensou dar consistía en que fosen lugares para expoñer os comentarios que xurdisen nos clubs de lectura, e para actividades de avaliación das lecturas das distintas aulas do colexio. Sen embargo Blogaliza no ano 2015 pechou quedando sen servizo o blog.

Aínda que toda esta web continúa sendo accesible e no espazo web seguimos colgando as nosas procuras do saber e as páxinas dos proxectos, **dende o ano 2014** tanto a Web do colexio como a propia da biblioteca mudaron o seu enderezo a <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/>. Dentro da páxina principal e na columna de vencellos da marxe dereita dispoñemos dunha serie de apartados específicos da biblioteca escolar .

Dende estes enlaces podemos acceder ao Proxecto lector do centro, aos documentos propios da biblioteca (proxectos e memorias do Plambe, liñas prioritarias...), a toda a antiga estrutura da que vimos de falar, e a unha serie de apartados como son:

- O blog: neste apartado imos contando as distintas actividades que se desenvolven na nosa biblioteca a xeito de diario de bitácora.
- Actividades: un pequeno resume das actividades máis salientables da nosa biblio e que xa son uns clásicos das nosas actuacións
- Biblioteca dixital: enlace aos fondos da biblioteca dixital promovida pola asesoría de bibliotecas e que representa unha moi importante fonte de recursos para o traballo da lectura en formato dixital.

- Booktubers: espazo onde se presentan distintas recomendacións lectoras feitas dun xeito libre polo alumnado do centro.
- DinoRadio: espazo onde temos recollidos todos os programas realizados deica hoxe dende a nosa radio.
- Catálogo: Páxina que serve para realizar as consultas do catálogo da nosa biblioteca. Certamente esta páxina nunca tivo un bo funcionamento xa que o espazo que tiñamos cedido na Web para almacenar os datos non daba para cubrir todo o noso catálogo. Neste momento o programa Bonsai non ten permiso para o acceso e a páxina está inhabilitada. Coa migración a Koha, da que se falou anteriormente, pensamos que esta posibilidade de acceso online ao catálogo se poderá restablecer cunha operatividade total.
- Contacontos: páxina na que se recollen vídeos de distintas actividades de promoción da lectura realizadas polo alumnado e polas familias.
- Clubs de escritura: algunhas das realizacións literarias feitas dende os clubs de escritura se publican neste apartado da biblioteca.
- Escornabots: podemos ver aquí traballos realizados polo alumnado para os xogos dos escornabots, retos de programación, explicacións básicas do funcionamento dos robots...
- Proxectos: Do mesmo xeito que na antiga Web tiñamos un apartado de proxectos, aquí temos unhas entradas que serven de enlace á páxinas de proxectos de investigación, que si se encontran aloxados no antigo espazo web.
- Enquisa da Biblioteca: Temos un enlace a unha enquisa que anualmente pasamos a grupos de alumnado elixidos ao chou, para decatármonos das valoracións que eles fan dos nosos servizos e descubrir liñas de mellora do noso traballo
- O Barquiño de Papel: espazo adicado á exposición da edición dixital do boletín da biblioteca.

A máis destes espazos adicados á biblioteca, nas distintas aulas e promovidos polos profesores tutores, aparecen blogs didácticos nos que se colgan tamén unha serie de recursos de interese para o traballo da lectura e da escritura.

Destacar, así mesmo, o blog que dende o departamento de orientación propón unha gran cantidade de moi interesantes recursos, que aínda que non só son para o ámbito da lectura e escritura si conta cunha boa cantidade deles.

### ***Acceso a internet***

Na Biblioteca temos catro portátiles conectados a internet, tres tabletas e unha tableta de mesa que se encontran a disposición do alumnado do centro.

O seu uso, de xeito autónomo, faise entre 12:05 e 12:35, e entre 14:30 e 15:30 h. en quendas de 15 minutos de duración.

Seguimos a constatar que a realidade da práctica do uso destes recursos- é a de acceder a páxinas de xogos en internet agás na época da Olimpíada do Saber, en que se empregan para a procura de información, o que non era a intención que nun principio tiñamos en mente no equipo de apoio á Biblioteca cando programamos as actividades a facer con este equipamento.

Pensamos que a causa fundamental reside en que o profesorado aínda non é consciente da necesidade de dar uso didáctico a este equipamento e a escaseza de traballos de

investigación que se propoñen ao alumnado. Diseñar unha estratexia para uniformar os traballos de investigación, promover a súa inclusión nas programacións de actividades de aula e a promoción do blogue do colexio como referente para realizar comentarios poden ser as principais actividades a realizar con este equipamento e que, en cursos sucesivos trataremos de que sexan incluídos nas prácticas docentes do colexio.

Como propostas para a dinamización destes postos podemos suxerir aos titores que fagan “A pregunta do día”, que pidan traballos que esixan unha documentación, o reparto de fichas de investigación con acceso preferente aos ordenadores, etc...

Tamén na biblioteca, e para actividades máis dirixidas, temos 10 tabletas convertibles que resultan moi versátiles para traballos de investigación e programación, así como para traballos colaborativos, enviando as súas achegas a unha pantalla Chromecast que conforma con elas un potente equipo de traballo.

Contamos tamén cun equipamento para videoconferencias que foi de gran utilidade na época das restricións pola COVID, e que seguimos empregando para a participación en programas como RadioVoz e para compartir con alumnado doutras escolas.

### ***Aula de informática***

O colexio conta cunha aula con 18 ordenadores en rede e conexión a internet, amais dunha pizarra dixital, onde se realizan actividades dos distintos mestres co seu grupo de alumnos/as como reforzo didáctico das materias que se van traballando nas distintas áreas do currículo. Tamén se emprega esta aula para dar clases de iniciación á informática para o 2º ciclo, dado que o alumnado de 3º Ciclo está no proxecto Abalar e contan cun ordenador persoal na súa propia aula.

Dentro das actividades que dende esta aula se realizan, atopamos varias que teñen relación co traballo de biblioteca e a formación de usuarios. Referímonos ás actividades de formación de usuarios en formato Jclíc, instaladas en todos os ordenadores da sala e que se utilizan con regularidade polos alumnos como reforzo das actividades de formación de usuarios realizadas na biblioteca.

Tamén se realizan actividades de procura de información en internet, aprendendo o uso dos buscadores, enciclopedias on-line e páxinas web, convertendo a clase de informática máis nunha aprendizaxe para acadar as informacións que nunha clase de ofimática ao uso.

Participando da importancia que ten a inclusión das TICs na práctica docente, botamos en falta unha renovación metodolóxica, na que o uso destas ferramentas informáticas non sexa simplemente un labor de substitución do caderno polo portátil e realmente supoñan unha mellora nas prácticas educativas do colexio, con especial incidencia no que atinxe á procura da información.

### **Implicación das familias e do contorno**

Temos en marcha actividades nas que a implicación das familias é fundamental, como por exemplo os Martes Conto, actividade realizada integramente, na actualidade por nais/pais do alumnado de Infantil.

Temos realizado de maneira conxunta co grupo Gargallada Teatro, un **obradoiro de conta contos** para pais e nais, do que ten saído un pequeno grupo de nais que traballa na posta en escena de contos da biblioteca. Esta é unha actividade que consideramos que é necesario darlle unha

continuidade ao longo dos cursos, xa que non só é importante realizar actividades de promoción da lectura senón que estas teñan uns mínimos de calidade que redunden nunha boa acollida por parte do alumnado e contribúan a acadar os obxectivos que se procuran.

Tamén resulta particularmente importante a implicación das familias en actividades como poden ser as **mochilas viaxeiras**. Todos os anos nos cursos de infantil e primeiros cursos de primaria no marco das primeiras reunións xerais de curso, o profesorado deberá explicar polo miúdo os obxectivos desta iniciativa, que non é outro que dotar ao alumnado dun tempo diario na intimidade do fogar, para ler contos en familia, sen carácter avaliador e coa única idea de promover un contacto satisfactorio cos libros na procura da consolidación dun hábito lector.

Tamén é de destacar como dende o centro se tenta implicar ás familias na recollida de información nos **proxectos documentais**, ou en actividades de carácter máis lúdico como a Olimpíada do Saber. Neste sentido queremos destacar como moitos pais veñen ao colexio a falaren dos seus traballos, afeccións, países de orixe... datos que son recollidos en moitos proxectos de investigación que van funcionando nas aulas.

Noutros lugares deste proxecto xa se falou do **programa de lectura e familias** que comezou a súa andadura no ano 2021, e que nós valoramos, aínda que a participación non sexa o elevada que nós quixeramos, como moi positiva. Esta é unha liña de traballo na que queremos afondar para tentar chegar ao maior número de familias, ao xeito dunha escola de nais e pais, para coordinar os nosos esforzos de promoción da lectura e que, deste xeito, acaden un maior éxito.

## Criterios e procedementos de avaliación

### Ferramentas de avaliación

Como indicadores que nos van dar unha valoración da marcha do noso plan, atenderemos a:

1. Valoracións das probas de diagnóstico referidas á lectura e escritura
2. Uso dos servizos e actividades
3. Número de empréstanos.
4. Enquisas de satisfacción entre os distintos sectores da comunidade educativa
5. Valoración do claustro dos seguintes aspectos:
  1. Uso da lectura comprensiva e expresiva como ferramenta de aprendizaxe en calquera tipo de textos.
  2. Uso privado da lectura como un medio para satisfacer os intereses persoais no ocio e na relación cos outros.
  3. Uso da escritura como ferramenta das propias creacións.
  4. Coñecemento dos procesos habituais de consulta e catalogación.
  5. Uso da linguaxe oral e das tecnoloxías da información como medios para fortalecer o resto das áreas.
  6. Capacidade de facer traballos documentais seguindo as pautas dadas.

### Criterios de avaliación

A avaliación deste proxecto será continua coa finalidade de detectar inmediatamente calquera problema que puidera xurdir.

A avaliación será dinámica coa intención de introducir modificacións ás nosas programacións que poidan corrixir inmediatamente os problemas que se detecten. A avaliación terá como obxectivo a mellora do proceso e da participación dos elementos que tomen parte del (profesorado, alumnado, familias...), isto é, non se usará da análise da situación para xustificar os resultados senón para introducir melloras significativas no deseño que poidan paliar os defectos detectados.

**ANEXO VIII**  
**Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar**  
**curso 2024/25**  
**Ceip Plurilingüe Condessa de Fenosa**  
**cod. 32015116**  
**O Barco de Valdeorras (Ourense)**

Tal e como se reflicte na memoria do PLAMBE do curso 23/24, podemos considerar que o proceso de recuperación das actividades da biblioteca se encontra a niveis pre-pandemia. Sen embargo non acadamos aínda o nivel de participación que estas actividades tiñan en anos anteriores, así como tampouco a implicación do profesorado que se producía anteriormente.

As causas que poden producir esta menor participación podémolas atopar na grande cantidade de persoal de nova incorporación ao centro, a grande cantidade de baixas laborais que provocan que a grella do profesorado sexa inestable e, como non, da nosa propia incapacidade para contaxiar o entusiasmo polo traballo da biblioteca aos docentes de nova incorporación.

Daquela o noso principal obxectivo de cara ao curso que vén é a recuperación dun nivel de participación, que se ben se está recuperando aínda non acada os niveis que a nós nos gustaría que tivesen. Para iso imos desenvolver un traballo previo co profesorado, pois somos moi conscientes de que sen a complicidade dos e das titor@s a motivación do alumnado resulta moi difícil.

Teremos pois que procurar explicar polo miúdo como se artellan as actividades e os obxectivos que promoven, así como as estratexias que podemos empregar para presentar a actividade dun xeito atractivo e motivador para @s nos@s usuari@s.

Daquela, as nosas liñas prioritarias de actuación serán:

- **En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».**

Seguir promovendo a actividade dos **Axudantes da biblioteca** xa que é unha actividade na que o alumnado asume responsabilidades, adquire unha formación moi interesante á hora de saber como funciona unha biblioteca e establece uns lazos de compañeirismo e colaboración entre o alumnado.

A **nivel organizativo** non temos en mente realizar ningún tipo de acción, aínda que queda un sector da biblioteca no que non se anovaron os andeis. Se houbese orzamentos abondo se podería abordar, pero en todo caso non é un investimento que nos apremie.

Continuaremos coa **senalización inclusiva** dos libros. Pensamos que se podería ir sinalando os volumes de literatura cunha etiquetaxe atendendo á temática, do mesmo xeito que fixemos cos cómics e na zona de libros de consulta. Traballaremos en principio cunhas poucas temáticas (nadal e samaín) e valoraremos en que medida esta decisión favorece ao uso que @s usuari@s fan da biblioteca.

Empregaremos as clases de **Proxecto Competencial** para facer traballo de formación de usuarios, alfabetizacións múltiples e outras actividades directamente relacionadas coa Biblioteca. Somos conscientes de que esta opción non chega a todo o alumnado (fáltanos o alumnado de Relixión Católica), pero é a mellor opción da que dispoñemos despois da perda da materia de libre configuración que empregabamos para isto.

Outra actividade é o **Reto Fuchiqueiro** que xa se realizou nas mesmas condicións de outros anos, poñendo a disposición do alumnado o material na propia biblioteca e actuando os axudantes como titores dos máis pequenos á hora de realizar os proxectos que se propoñen. Pensamos continuar esta iniciativa pero dotándoa dunha periodicidade maior a base de establecer unhas edicións do Barquiño de Papel (onde aparecen os retos) máis estables.

Neste mesmo sentido pensamos realizar as actividades do reto do **Dinobot**, pequenas propostas de programación que se publican no Barquiño de Papel, no espazo físico da biblioteca e cos equipamentos alí dispoñibles, mellor que propoñendo a súa realización na casa.

As **actividades de construción**, nas que destacamos o panel Lego, os Lego We do, os mecanos ou os xogos de electricidade, volverán así mesmo á formar parte da oferta da Biblioteca.

Por último, no que atinxe a xestión da biblioteca, temos que sinalar que nós xestionamos a biblioteca co programa Abies 2.0 e que, na medida en que todas as bibliotecas escolares galegas o están a facer, tamén imos procurar migrar a nosa colección a **Koha**. Durante todo este curso escolar estivemos á espera de que os

servizos técnicos nos proporcionarán unha pasarela, pero aínda estamos á espera. Sen dúbida é o maior reto que ten que afrontar a biblioteca nos próximos anos.

- **En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.**

Seguiremos fomentando o uso das **bibliotecas de aula**, entendidas como seccións da biblioteca escolar, cuns fondos renovados cando menos trimestralmente, e axeitados aos lector@s concret@s de cada aula.

A biblioteca abrirá para empréstanos e para uso libre dos servizos que ofrece durante os recreos da mañá e do mediodía. Comezaremos de novo cunhas sesións de **Benvida á biblioteca** para o alumnado de 6º de infantil e primeiro ciclo de primaria, para que @s nen@s coñezan a mecánica dos empréstanos e as normas básicas de uso da Biblioteca. Este ano esta actividade non se puido facer en todos os cursos polas dificultades sinaladas a respecto das baixas do profesorado, e botámola moi en falta, xa que naqueles cursos nos que se puido facer, o número de empréstanos do alumnado e o uso autónomo da biblioteca foi moito maior ca nos cursos onde non se fixo.

Instalar unha **caixa de suxestións** para que @s usuari@s da biblio poidan facer as súas achegas con propostas de compras é unha idea que queremos levar adiante o próximo ano.

Tamén propoñeremos, do mesmo xeito que se fixo este ano co proxecto do camiño de inverno, un **proxecto documental** unificado para todo o colexio. A valoración do feito este ano, unificando a nosa proposta cun enfoque SEM e propoñéndoa en coordinación co EDLG e a Axenda 21, e incorporando as achegas do plan de Benestar, coidamos que non pode ser menos que moi positiva. Este é o camiño polo que pensamos que debemos continuar a traballar para os vindeiros anos.

No que atinxe á **robótica**, cos Lego We Do, queremos continuar co traballo. Xa anotabamos con anterioridade que estas actividades dentro dos novos horarios da LOMLOE pasouse a realizar nas clases de Proxecto Competencial para que non se perdesen, pois consideramos que a robótica facilita a adquisición dun pensamento computacional, analítico, que é algo que queremos que posúa o noso alumnado. A mágoa é que con este arranxo estas clases non atinxen á totalidade do alumnado de 5º e 6º, e só ao alumnado que opta por esta materia.

**O Barquiño de papel**, o boletín da nosa biblioteca, ten que retomar as súas funcións de incitador de lecturas e de actividades, e retomar a súa periodicidade, cando menos trimestral. Para iso teremos que nomear a un membro do Equipo de Apoio responsable da publicación para que garanta unha periodicidade mínima. Este ano, a pesares dos esforzos non fomos quen de dotar da periodicidade axeitada.

No que toca ao **cine-club**, en asociación co cine-club Groucho Marx do Barco queremos impulsar unha programación de cine de calidade e contextualizada co currículo que esteamos a traballar.

- **En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.**

Cambiamos **Alfabetización en Información** por Proxecto Competencial en 5º e 6º como materia na que ten cabida a formación de usuarios, a programación, a linguaxe audiovisual etc... Entrementes non haxa unha mellor alternativa seguiremos realizando estas actividades nesta franxa horaria.

Sobre os **axudantes da biblioteca** teremos que retomar as xornadas de formación a principios de curso e establecer unhas quendas que garantan unha presenza de axudantes cualificados todos os días.

A biblioteca seguirá ofrecendo conexión a internet, tanto dende os portátiles coma coas tablets. Aínda que o uso destes aparellos é libre, promoveremos que se empreguen preferentemente para procuras documentais, realización de tarefas escolares...

A **Olimpíada do saber** este ano realizouse do mesmo xeito que antano, recuperando a participación de tod@s, agás do 6º curso, onde a participación foi máis ben escasa. Volveremos realizar a actividade xa que lles resulta moi atractiva e é unha axuda moi motivadora para aprender a procurar na internet. Traballaremos máis intensamente a difusión da proposta entre os cursos superiores.

A construción dunha **wikiteca** segue o seu camiño. Queremos continuar achegando recursos ao espazo da biblioteca na aula virtual para o seu uso polo alumnado.

Xa falamos do **proxecto documental** pero tamén tentaremos apoiar **os proxectos de investigación das aulas** (caixa de suxestións, expositor para os proxectos...) tentando que adquiran un carácter documental do que ás veces carecen.

Neste sentido que acabamos de falar queremos impulsar o **traballo de investigación cooperativo** a través de recursos como as wikis ou os boards dispoñibles na aula virtual.

- **En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.**

Os **Clubs de lectura e de escritura** funcionaron con normalidade, cos xa clásicos clubs de banda deseñada e o reading club. Coma novidade fixemos un club de lecturas científicas que tivo unha boa aceptación polo alumnado. Seguiremos pois nesta liña de traballo, e tentaremos potenciar o club de lectura doada, que o ano pasado non se realizou.

A **Lectura silenciosa** agora que reestruturamos o noso horario pasa a realizarse ao comezo da xornada de tarde nun período de 20 minutos diarios, recuperando eses 5 minutos que perdéramos co horario do ano pasado. Seguiremos para o ano con este horario e tentaremos que todo o profesorado comprenda a importancia desta actividade na promoción do hábito lector entre o alumnado.

As **lecturas do venres, os apadriñamentos e amadriñamentos lectores, e os martes conto** volverán funcionar do mesmo xeito que este ano que pasou, e mesmo pensamos amplialas co **Conto do Xoves** e a **Procura do Tesouro**, ambas as dúas actividades que non se puideron recuperar neste curso por mor dos problemas xa sinalados ao comezo desta memoria.

O **empréstamo libre** teremos que volver a incentivar, quizais empregando algún sistema que sinale rankings de lectores ou un cadro de honra d@s lector@s, estratexias que teñen demostrado a súa eficacia alí onde se puxeron en práctica. **As Dinochilas**, que seguen cumprindo un labor de gran importancia, van continuar funcionando nos cursos de infantil, e no primeiro trimestre do curso tamén para @s usuari@s de infantil de 6 anos. Isto é así porque a partires do segundo trimestre, cando xa conten con carné da biblioteca e se lles faga a **benvida á Biblioteca**, este alumnado acudirá de xeito autónomo en horario do recreo para realizar os seus empréstamos

Tamén queremos relanzar as recomendacións lectoras, os **booktubers**, que animan a reflexionar sobre as lecturas que realizamos e, ao tempo que aguilloa aos outr@s compañeir@s para ler os títulos recomendados. Coa nosa **Radio na Biblio** conseguimos manter un ritmo dun programa mensual cunhas temáticas maioritariamente relacionadas coas mulleres e as celebracións cíclicas anuais.

O **seminario das bibliotecas da zona de Valdeorras e Trives**, coa marcha da coordinadora a un novo destino, non sabemos exactamente cal pode ser o seu futuro. Pensamos que deberíamos continuar con este traballo porque achega moitas ideas.

#### • **En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.**

A distribución dos **espazos** da biblioteca tentan ser un elemento facilitador da mobilidade do alumnado, creando zonas versátiles, diversas e inclusivas. Non consideramos a nosa biblioteca coma un deseño finalizado, pola contra no futuro queremos seguir traballando para que tod@s teñamos a posibilidade de atopar nela o noso espazo sen que ningún tipo de limitacións nolo impida.

No que atinxe á **senalización inclusiva** queremos centrarnos nas temáticas dos libros de literatura para que cunha sinxela ollada poidamos saber o tema no que se encadra calquera título da nosa colección.

Temos que estar atentos ás ofertas do mercado en **lectura fácil**, pois é un apartado do que non dispoñemos de demasiados títulos e queremos que todo o noso alumnado dispoña de recursos adaptados ás súas necesidades e gustos.

No que toca aos **audiolibros** pensamos que co equipamento da radio poderíamos gravar títulos para aqueles usuari@s que presentan dificultades de lectura. Tamén existe unha idea de facilitar a algún alumnado con dificultades de lectura as leccións das distintas materias neste formato de audiolibros.

Así mesmo potenciaremos o emprego da **biblioteca dixital**, tanto na súa funcionalidade de lectura do texto coma dos seus fondos de audiolibros.

#### • **Outras actuacións.**

Seguiremos organizando o **Mercado de intercambio de libros**, traballando na **radio escolar** e explorando as emisións en directo que inauguramos este curso, e o control de son por parte do alumnado e, como non, explorando os nosos talentos creativos con **retos creativos, fuchiqueiros e de programación**.

A creación audiovisual que comezamos a facer este ano pode tamén marcar un moi interesante camiño de exploración.

Por último deberemos renovar a nosa “flota” de **escornabots**, e retomar o seu emprego didáctico, así como o deseño de grellas de xogo por parte do alumnado.

#### • **Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.**

Queremos retomar unha avaliación claramente cuantificada, en base a datos obxectivos, porque só así seremos quen de aprender dos nosos erros e mellorar o noso funcionamento.

Outramente coidamos que os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos, e daquela imos continuar cos mesmos.



Queremos que a nosa avaliación sexa continua para así irmos corrixindo os nosos erros e modificando a nosa actividade en canto se detecten as eivas de funcionamento.

Queremos ir recollendo as suxestións que xurdan e mesmo incitando as críticas ás nosas propostas para ver de mellorar en todo o posíbel.

Valoraremos como indicadores do noso traballo os seguintes:

1. Número de empréstamos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula. (haberá que valorar neste apartado como afectarán as limitacións sanitarias ao montante dos empréstamos)
2. Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura
3. Participación en distintas actividades (Olimpíada do saber, concursos, vaile co conto...)
4. Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca
5. Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
6. Calidade dos traballos realizados

Faremos enquisas de satisfacción entre o alumnado e usaremos a ferramenta de avaliación de bibliotecas escolares, para así poder avaliar a nosa proposta empregando parámetros obxectivos.

Tentaremos ver de que xeito poderemos inserir un conta-visitas no noso espazo Web para saber cantos usuarios visitan a nosa páxina.

• **Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.**

O responsable da Biblioteca será Xoaquín Freixeiro Álvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de termos un grupo estable de Apoio á Biblioteca que facilita a posta en marcha sen dificultades das actividades previstas, ao que normalmente se suma persoal de nova incorporación que sempre achegan propostas de interese.

Gustaríanos que este grupo puidese contar con algunha hora, dentro do seu horario laboral, adicada a labores de biblioteca. Pensamos pola contra que será moi difícil que isto poda concretarse xa que para o vindeiro curso está pactada unha redución de horarios sen previsión de aumento do profesorado, o que de seguro vai ir en detrimento desta posibilidade. Sen embargo contamos co apoio do Equipo Directivo do centro que sabemos que na medida das, cada vez, máis minguadas posibilidades horarias, fará o posible para atender as nosas demandas.

**MEMORIA PLAN DE  
CONVIVENCIA  
E NOF**

**ceip condesa de fenosa  
curso 2023/2024**

Durante este curso, programáranse as seguintes accións a realizar durante este curso no eido da convivencia.

- Traballar por unha escola inclusiva e non violenta, que fomente que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.
- Mellorar o clima e a cultura do centro respecto á convivencia e a xestión do conflito.
- Potenciar a mediación e a titorización emocional entre iguais e o respecto, a empatía e o compromiso.
- Promover a participación das familias na procura dunha boa convivencia.

Debido a que observamos un incipiente aumento xeneralizado dos problemas de comportamento, decidimos buscar solucións que apostaran por unha escola inclusiva e non violenta, que fomentara que as relacións entre iguais foran máis satisfactorias. Tiñamos o convencemento de que para ter éxito, calquera medida debía ser conxunta, consensuada e aceptada por todo o claustro, así como apoiada polo Consello Escolar. Así comezamos a informarnos e coñecemos o programa de Titoría entre Iguais (TEI).

Pensamos que era unha forma de dar resposta a parte das accións programadas para este curso. O claustro do profesorado, apoiado polo Consello Escolar, decidiu poñer en marcha este proxecto dirixido á mellora do clima de convivencia escolar e á prevención do acoso.

Entre as razóns polas que decidimos embarcarnos na aventura TEI podemos destacar:

- Que era un programa xa elaborado e contrastado, como instrumento contra o acoso e para mellorar á convivencia e a xestión do conflito.
- Que potenciaba a mediación e a titorización emocional entre iguais e o respecto, a empatía e o compromiso.
- Que a formación se proporcionaba a alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.
- Que o programa destinábase as dúas etapas educativas do noso centro: infantil e primaria.
- Que a súa implantación gradual, ao longo de tres anos académicos, permitiría que, finalmente, todo o alumnado formaría parte do programa TEI.

Así que, xa ben entrado o mes de novembro, realizouse a formación do profesorado, das familias e do persoal non docente. No mes de xaneiro comezouse coa formación do alumnado.

Este primeiro curso puido considerarse como unha toma de contacto co programa, para sentar as bases do que será nun futuro. Con ese obxectivo, realizouse un análise DAFO co fin de identificar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da aplicación do Programa TEI no noso centro.

#### **Debilidades:**

- Primeiro ano de aplicación do programa.
- Inicio tardío do mesmo xa que se comezou co alumnado no segundo trimestre.
- Falta de tempo e dunha temporalización axeitada.
- Sobrecarga de accións e proxectos.
- Numerosos cambios de profesorado no centro, incluído o que formaba parte do equipo TEI.

#### **Ameazas:**

- Inestabilidade do profesorado.
- Cambios de profesorado dos cursos TEI o vindeiro ano académico.

#### **Fortalezas:**

- Ilusión e interese do alumnado.
- Aprobación por todo o claustro do profesorado e do consello.
- Apoio da comunidade educativa.
- Compromiso do equipo directivo, apostando polo programa.
- Organización flexible de horarios para estruturar as actividades.
- Formación recibida e dispoñibilidade da asesora do programa TEI Galicia.
- Inclusión do programa nos proxectos de mellora como PFP.

### Oportunidades:

- É un incentivo para a mellora do clima de convivencia no centro.
- A administración educativa apoia o proxecto.

Amais das antes citadas, houbo **outras accións prioritarias** programadas para o curso:

- Colaborar na promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Elaborar o Plan de Traballo da coordinadora de benestar e convivencia.
- Dar a coñecer á comunidade educativa a existencia da figura do coordinador de benestar e a súas funcións no centro.

En canto a promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva este curso incidíuse na promoción desde a titoría das merendas saudables, na procura de menús equilibrados no comedor do centro e na información ás familias sobre hábitos alimentarios adecuados.

Amais, este curso postulamos ao centro para a solicitude de selo saudable que outorga o Ministerio de Educación. Trátase dun recoñecemento público dos centros docentes que fomenten a aprendizaxe da saúde no ámbito educativo, así como a asunción de prácticas de vida saudable e unha educación física que permita o adecuado desenvolvemento persoal e social ao longo da escolarización do alumnado. No momento actual admitiuse a candidatura do centro, pero aínda non se publicou a resolución final.

En canto á elaboración do Plan de Traballo da coordinadora de benestar e convivencia non se realizou durante este curso. Queda pendente pois este tema, así como dar maior difusión á existencia do coordinador de benestar e a funcións que ten.

### Propostas de mellora

En canto ao **programa TEI**:

- Seguir traballando na procura dunha escola inclusiva e non violenta, que fomente que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.
- Seguir potenciando a mediación e a titorización emocional entre iguais.
- Co alumnado: realizar máis actividades de cohesión cos titores/as; e titorizados/as sumar ditas actividades do alumnado titor/titorizado do vindeiro curso á realización de actividades co alumnado TEI do curso 2023/24; comezar a formación desde inicio de curso.
- Co profesorado: maior difusión e concienciación; maior coordinación; planificación desde comezo de curso; reunións mensuais do equipo TEI; explicación clara, a comezo de curso, do programa; nova formación TEI pola asesora; creación dun equipo TEI estable; dúas coordinadoras, unha para cada etapa.
- Co centro: maior asesoramento e seguimento durante a aplicación; incidir na formación específica a través do PFPP; formación á par da aplicación do programa; programación de tempos para realizar as actividades de titoría
- Coas familias: incidir na difusión e na formación ás familias para que se impliquen no programa
- Co entorno: incidir na difusión e concienciación.

**Outras propostas** a realizar en relación ao plan de convivencia e as NOF:

- Elaborar o plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia.
- Realizar unha modificación no Plan de Convivencia na que se inclúa dentro do mesmo o plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia, así como se a figura da persoa coordinadora (ORDE do 23 de agosto de 2023).
- Dar maior difusión entre os membros da comunidade educativa á figura do coordinador de benestar e a súas funcións no centro.
- Seguir colaborando na promoción no centro docente dunha alimentación saudable e nutritiva así como na asunción de prácticas de vida saudable.

**MEMORIA DO  
PLAN XERAL DE  
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

*Ceip Condessa de Fenosa*

*O Barco de Valdeorras*

*(Ourense)*

*Curso 2023/2024*

O Plan Xeral de Atención á Diversidade pretende ser unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Por ese motivo esixe facer axustes en todos os elementos do proceso educativo, como paso previo á personalización do proceso de ensinanza aprendizaxe. As diferencias que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e os distintos factores que orixinan esas diferencias requiren respostas educativas que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

A resposta á atención a diversidade do centro plásmase no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD). Amais a comezo de curso realizouse a concreción anual do PXAD que se desenvolveu o presente ano académico.

Durante o curso escolar tentouse dar resposta a todas as necesidades do alumnado. Foron atendidos 102 alumnos/as de apoio de Pedagogía Terapéutica (PT) e 54 de Audición e Linguaxe (AL), distribuídos do seguinte xeito:

- 72 alumnos/as recibiron apoio unicamente de PT, dentro da aula na súa maioría e fóra dela nos casos que se estimou oportuno.
- 24 alumnos/as recibiron apoio unicamente de AL.
- 30 alumnos/as recibiron simultaneamente apoio de AL e PT, catro deles escolarizado/as en modalidade combinada entre a aula ordinaria e a aula específica do centro.

O alumnado que recibiu apoio de AL representa un 15,47%, do total do centro, atendéndose trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación ou derivadas de necesidades educativas especiais (NEE). O listado de alumnado de apoio que recibiu reeducación de linguaxe foi cambiante, ben a que algúns deles/as deixaron de recibir apoio ao superar as dificultades que presentaban, ou ben porque entraron novas incorporacións de alumnado que así o precisaba.

O alumnado que recibiu apoio de PT representa un 29,22% do total do centro, atendéndose alumnado con NEE, atraso madurativo, trastornos da atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar e situación de vulnerabilidade socioeducativa. Ao longo do curso foise incrementando o número de alumnado que recibiu reforzo pedagóxico debido aos novos diagnósticos e ás novas incorporacións que se produciron.

Comentar que, nos últimos anos, observamos unha maior mobilidade entre unha parte das familias, que tamén se traduce en cambios na listaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) a atender. Moitas veces é debido a que as familias se establecen na zona, ou marchan dela, en busca dun futuro laboral e eses cambios non sempre coinciden co comezo e final do curso académico. Este fenómeno vímololo percibindo en maior número especialmente desde vai tres cursos.

Para atender ao alumnado con NEAE contouse cos seguintes profesionais:

Profesorado de PT	5	2 con destino definitivo/3 con destino provisional
Programa Acompaña	1	1 mestra provisional
Profesorado de AL	2	2 con destino provisional
Persoal Auxiliar coidador	3	3 con destino provisional (1 compartida co IES "Lauro Olmo")
Orientadora	1	Destino definitivo
Profesorado titor e de área	27	19 Destino definitivo/8 Destino provisional

Amáis, durante este curso, contamos cunha guía-intérprete para atención a unha alumna con NEE, como recurso extraordinario de apoio.

### **Organización da atención ao ACNEAE**

A finais de cada curso realizamos unha previsión, coincidente coa sesión final de avaliación sobre os apoios que terán lugar no seguinte curso.

Ademais, como regra xeral é na avaliación inicial e nas sesións de avaliación onde, se determina a valoración da medida de apoio e se toman as decisións con respecto ao alumno/a e ao grupo.

Unha vez detectadas as necesidades máis sobresaíntes a través da avaliación inicial e completadas, cando é preciso, cunha avaliación psicopedagóxica, establécense unha serie de medidas de apoio ordinarias. Ao longo do curso tamén se realizan reunións entre orientadora, profesorado de AL e PT e profesorado titor ou de área para valorar a marcha dos apoios e incorporar posibles medidas.

Co alumnado que ingresa no centro unha vez comezado o curso valórase, xunto co profesorado titor, a posible necesidade de apoio e tamén téñense en conta os informes previos en caso de haberlos.

Promóvese unha metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na titoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e nun modelo promotor da inclusión.

Leváronse a cabo:

- Programas de intervención co alumnado de apoio.

- Plans específicos de reforzo co alumnado repetidor ou que suspendeu algunha materia.
- Adaptacións Curriculares (AC) con aqueles alumnos/as que así o precisaron, despois de esgotar medidas máis normalizadoras.
- Plans de intervención enfocados á estimulación multisensorial e motriz con outro alumnado que así o precisou.

En Educación Infantil realizáronse apoios nas aulas por parte do profesorado de apoio desta etapa e, nalgún caso, polo profesorado especialista de AL e PT.

En Educación Primaria realizáronse apoios do profesorado no mesmo nivel en lectivas dispoñibles. Estes apoios tamén foron realizados por dous mestres de área do centro que, en lectivas dispoñibles, fixeron posible que se realizasen desdobres en aulas nas que, doutro modo, non se poderían levar a cabo, posto que os titores/as tamén son especialistas.

Amais entre unha mestra de PT e dous mestres en lectivas dispoñibles organizouse un grupo de adquisición de linguas para catro alumnos/as con descoñecemento grave do idioma.

Ao longo deste curso funcionaron no centro dúas aulas específicas, unha creada e outra provisional. Unha delas estivo cuberta por unha mestra definitiva e a outra por outra provisional, mais non se dotou ao centro cunha persoa en comisión de servizos.

O profesorado de apoio de PT cubriu o seu horario do seguinte modo:

- ACNEAE de 5º e 6º , ACNEE con Adaptacións Curriculares e catro sesións de grupo de adquisición de linguas.
- ACNEAE de 3º e 4º e ACNEE con Adaptación Curricular. Esta mestra ten un contrato a media xornada.
- ACNEAE e ACNEE de 1º e 2º curso. Esta mestra ten unha liberación sindical parcial. Durante parte do curso estivo de baixa médica, tendo que ser substituída.
- ACNEE escolarizado en modalidade combinada entre a aula específica e a aula ordinaria. As mestra asignada a esta aula completou o seu horario na súa totalidade coa atención a estes alumnos.
- ACNEE escolarizado en modalidade combinada entre a aula ordinaria e a aula específica. A mestra asignada a esta aula ten unha redución horaria dun terzo da xornada. Completa o seu horario coas alumnas escolarizadas nesta modalidade e coa atención a dous alumnos de Educación Infantil con



necesidades educativas especiais. Os apoios foron desenvolvidos na aula ordinaria e na aula específica. Durante parte do 2º trimestre esta mestra estivo de baixa médica, sendo substituída pola mestra que traballa no centro a media xornada.

- Mestra do Programa Acompaña: a especialista de Pedagogía Terapéutica do Programa Acompaña atendeu dentro das aulas a 72 alumnos/as da etapa de educación infantil, 1º ciclo e 2º ciclo de Educación Primaria. Parte deles (44 nenos/as) eran alumnos/as que tamén recibían apoio do profesorado de PT e outra parte (28 alumnos/as) recibía unicamente a atención individualizada da mestra do Programa, do profesorado titor ou do profesorado en lectivas dispoñibles. Con data 31 de maio esta mestra cesou no centro ao rematar este programa. (Axúntase unha memoria realizada pola mestra asignada ao Programa Acompaña).
- Preferiblemente, sempre que foi posible os apoios foron impartidos dentro da aula ordinaria, modelo que cremos que, cando se realiza adecuadamente, beneficia ao profesorado e a todo o alumnado.
- Algúns alumnos/as recibiron algunhas sesións do apoio fóra da aula por considerala unha medida adecuada para eles/as, mesturáronse nenos/as de distintos cursos do mesmo ciclo que tiñan unhas necesidades similares.

En canto ao profesorado de apoio de AL cubriron o seu horario do seguinte modo:

- Alumnado con necesidades educativas especiais e de escolarización combinada nas aulas específicas.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) en Educación Infantil.

Tendo en conta todo o anterior, pódese concluír que, durante o curso escolar, deuse resposta a meirande parte das necesidades educativas do alumnado, aínda que non sempre co número de sesións que se consideraba oportuno.

A organización dos apoios tanto do profesorado de apoio de PT e AL como do profesorado con dispoñibilidade horaria foi aberta, flexible e suxeita a modificación ao longo de todo o curso.

Quizais a maior dificultade foron os novos alumnos/as con NEAE que se escolarizaron ao longo do curso ou que se diagnosticaron ao longo de el, pois a súa atención tivo como consecuencia a reestruturación do horario por varias veces no curso.

O profesorado de apoio de AL e PT, coa colaboración da orientadora, levou a cabo un

seguimento continuo do reforzo pedagóxico que estivo a realizar. A tal efecto realizouse o seguimento trimestral do programa de intervención, no que se reflectiron as áreas e obxectivos a traballar, os posibles cambios no programa de reforzo a levar a cabo ou no material a utilizar.

Colaborouse co conxunto do profesorado na posta en marcha e seguimento das medidas de atención educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta tarefa realizouse nas reunións de coordinación co profesorado titor e, especialmente co profesorado de apoio do alumnado implicado.

Asesorouse ao profesorado que así o solicitou sobre a metodoloxía, avaliación, etc co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Tentouse diversificar a metodoloxía e os procedementos de avaliación.

Iniciouse a avaliación psicopedagóxica do alumnado derivado polo profesorado titor unha vez esgotadas outro tipo de medidas e realizouse informe psicopedagóxico en varios casos.

Actualizouse unha pequena parte da totalidade de informes psicopedagóxicos do alumnado que recibe apoio.

Informouse ás familias de alumnado con dificultades de aprendizaxe das medidas que se estiveron a aplicar e do seu resultado.

Participouse nas sesións de avaliación inicial, trimestral e final coa finalidade de obter datos relevantes sobre a marcha do alumnado e de tomar as medidas oportunas. Todas as medidas foron recollidas en actas de avaliación realizadas polo profesorado titor, que se incorporaron ao ficheiro de cada curso.

Realizouse o seguimento trimestral do alumnado en risco de non promoción e tomáronse as medidas que se consideraron máis adecuadas para a adquisición das aprendizaxes.

Realizouse o seguimento da AC a algúns alumnos/as con necesidades educativas especiais.

Realizáronse unha serie de actividades preventivas para unha adecuada convivencia desde a perspectiva da disciplina positiva e o traballo das emocións,

Colaborouse coas familias para implicalas na marcha escolar dos seus fillos/as e asesoralas naqueles aspectos que se considerou necesario

En canto ao Persoal Auxiliar Coidador, expoñer que consideramos o seu labor fundamental para contribuír a dar unha resposta de calidade ao ACNEAE ao seu cargo.

Durante este curso tivemos tres coidadoras, unha delas compartida.

As funcións que realizaron no centro , con respecto ao alumnado que atendían, foron:

- Atender ao alumnado nas entradas e saídas do centro docente.
- Atender ao alumnado nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer potenciando a autonomía e a inclusión.
- Atender ao alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Atender ao alumnado nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas.
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula, cando resulte necesario.
- Participar, cando sexan convocadas, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.

En canto á organización dos espazos físicos destinados á atención do alumnado con NEAE repartíronse entre o edificio principal e o edificio coñecido como *A Casiña*. As dúas aulas de apoio de Audición e Linguaxe, unha aula de apoio e a Aula Específica, así como o Departamento de Orientación, áchanse neste edificio e as outras tres mestras de apoio comparten dúas aulas destinadas a aqueles apoios que se dan fóra da aula. Nalgunha sesión foi preciso realizar os apoios na aula da radio ou na biblioteca, por estar ocupados nesas sesións o resto das aulas. Porén noutros momentos achábanse todas libres por coincidir os apoios dentro da aula.

### **Avaliación do plan propiamente dito.**

As actuacións relativas á atención á diversidade no centro fixéronse conforme á concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, en canto aos obxectivos, á organización dos apoios e aos tempos e actividades contemplados para atender ao alumnado, profesorado e familias.

En termos xerais o plan partiu das necesidades reais do centro detectadas nas reunións de comezo de curso e naquelas que foron xurdindo ao longo do curso pasado.

Para levar a cabo a avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) tivéronse

en conta as seguintes fontes de información: intercambios orais; avaliacións (inicial, trimestral e final); achegas e conclusións tomadas nas reunións realizadas; observacións e traballo diario; formulario de Google Drive de avaliacións sobre as actividades desenvolvidas no centro relacionadas coa atención á diversidade. As respostas axúntanse nun documento axunto.

En xeral a valoración da consecución das accións prioritarias con respecto ao PXAD foi positiva. En xeral, hai que salientar os seguintes aspectos que facilitaron a consecución das accións prioritarias:

- O labor do Equipo Directivo facilitou, na medida das posibilidades, a posta en práctica das decisións tomadas.
- A implicación do profesorado do centro.
- O profesorado de apoio amosou unha gran implicación e capacidade de traballo en equipo para que se conseguiran os obxectivos deseñados, o que que revirte na calidade da resposta ao ACNEAE.
- A organización de apoios de aula nas horas lectivas dispoñibles do profesorado de área e do mesmo nivel que é valorado moi positivamente polo profesorado tutor.
- A realización das sesións de avaliación inicial ás que asiste profesorado tutor, de área e orientadora, pois resultaron ser un xeito rápido e produtivo de coñecer, desde comezo de curso, as características da aula e o ACNEAE.
- O nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro foi adecuado.
- O alto compromiso e a implicación no seu traballo do Persoal Auxiliar Coidador, que foi fundamental no acompañamento e no fomento da autonomía e das relacións sociais do alumnado con NEAE ao seu cargo.

A continuación destacamos as seguintes dificultades atopadas e propostas de mellora. Para detectalas se tiveron en conta aqueles aspectos que se reflectiron nos formularios de avaliación de Google Drive e/ou que se comentaron nas distintas reunións.

### **Dificultades atopadas no presente curso**

- Aulas cun número elevado de alumnado con NEAE.
- Alumnado en modalidade de escolarización combinada que require apoio

practicamente a totalidade das horas lectivas, así como moitas das horas do persoal auxiliar coidador.

- Incorporación de alumnado con necesidades unha vez comezado o curso.
- Numerosos cambios ao longo do curso pola incorporación de novo alumnado.
- Variabilidade dos apoios ao longo do curso escolar debido ás modificacións horarias que deben realizarse polas novas incorporacións.
- Dificultade inicial no momento da incorporación de novo alumnado con diferentes tipos de necesidades xa avanzado o curso.
- Dificultades relacionadas coa inestabilidade do persoal do centro.
- Incremento das dificultades de linguaxe no alumnado das etapas e ciclos máis baixos.
- Nivel madurativo e de adquisición de hábitos básicos cada vez máis baixo.
- Aumento de dificultades na conduta dos alumnos/as en xeral, o que retarda a predisposición para a adquisición de novas aprendizaxes e orixina dificultades de convivencia na aula.
- Aumento de alumnado con dificultades nas destrezas básicas fundamentais para a adquisición da lectoescritura no momento de comezar a primaria.
- Dificultades para chegar ao alumnado con escaseza de motivación cara ao traballo escolar, con dificultades de conduta e/ou circunstancias familiares especiais que necesitan dunha atención individualizada.
- Alumnado desafiante, con tendencia a desaprobación constante.
- Dar resposta a todas as necesidades do alumnado en aulas cun nivel académico moi heteroxéneo.
- Busca do equilibrio entre os diferentes niveis que hai na aula.
- Limitacións para favorecer unha inclusión eficaz e real de alumnado con grandes dificultades de acceso ao currículo (descoñecemento do idioma, desfase curricular) e un alto grao de dependencia para o traballo do día a día.
- Falta de tempos para dar a información ou para tratar os temas relacionados coa atención á diversidade nos ciclos, na Comisión Pedagóxica, así como para a coordinación con outros ciclos.
- Actividades pouco adaptadas as necesidades de todo o alumnado. Algunhas

actividades realizadas a nivel de centro non se adaptaron ás características de todo o alumnado, de xeito que a participación deste non foi plena (polo tipo de materiais empregados, nivel de dificultade...) e primou máis o traballo do profesorado.

- Implicación/participación activa por parte do profesorado titor na intervención educativa do ACNEE.
- Nalgúns casos a transmisión da información e a coordinación.
- Nalgúns momentos, particularmente con alumnos/as en modalidade combinada, non se recibiu toda a información relevante sobre saídas ou determinadas actividades que se fan na súa aula ordinaria.
- Realizar dun xeito máis coordinado o apoio dentro do aula de xeito que todos sigan a mesma liña, traballen os mesmos contidos de forma simultánea, sen modificar o ritmo da aula
- Resistencia a variar certos aspectos da organización e a metodoloxía de traballo cando entra o apoio dentro da aula, que se atopa con explicacións teóricas, realización de exames, etc..
- Na etapa de Infantil algúns dos apoios coinciden con horas onde os alumnos/as están xogando ou facendo a asemblea e non era tan necesario o apoio como noutras horas.
- Falta de mais variedade de recursos materiais manipulativos, físicos, non funxibles... nas aulas ordinarias para poder complementar medidas de atención personalizadas, que así mesmo se integren nas propostas que favorezan os principios do DUA e os obxectivos máis competenciais das novas leis educativas.
- Atender de xeito máis individualizado ao alumnado por ter un grupo moi numeroso e diverso. Falta de espazos para realizar apoios fóra da aula nalgunhas sesións
- Falta de tempo para atender todas as dificultades.

#### Propostas de mellora cara ao curso 2024/25

- Manter o número do profesorado de apoio de AL, PT e de persoal auxiliar coidador, co fin de poder ofrecer unha atención de calidade a todo o alumnado con necesidades de apoio.

- Levar a cabo un traballo de reflexión colectiva para ver o xeito de establecer unhas pautas concretas , unha mesma liña de traballo, que asumamos todos e todas.
- Realizar a avaliación tal como se realizou o presente curso: revisión dos expedientes do alumnado para ter en conta posibles NEAE xa detectadas, plans de reforzo, etc (secretaría e orientación), sesións de avaliación inicial.
- Reflectir nas actas de sesión de avaliación inicial e na programación de aula as medidas a tomar unha vez realizada a avaliación inicial: materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa, instrumentos de avaliación, etc.
- Planificar os apoios tendo en conta as necesidades que xurdan da avaliación final ou da avaliación inicial. Isto nos parece especialmente importante en Ensino Infantil, etapa na que algúns nenos/as aínda non teñen un diagnóstico en firme.
- Facilitar a inclusión do mestre/a de apoio na aula programando actividades que requiran dunha maior atención individualizada, ideando determinadas formas de organización e agrupamento: traballo por proxectos, desdobramentos, docencia con medio grupo, docencia compartida, etc
- En Educación Infantil, cambiar as horas de psicomotricidade, informática ou música para as últimas horas do día, cando o alumnado está máis disperso e os apoios son menos importantes e deixar as primeiras horas para reforzar co profesorado de apoio de Infantil.
- Mellorar a adaptación de todas as actividades complementarias ás necesidades do alumnado.
- Ter máis en conta as necesidades existentes no centro á hora de deseñar moitas das actividades: adaptación das actividades ás necesidades de alumnado con NEE, os tempos de espera, a participación mais activa deste alumnado nas actividades....
- Adaptación de diferentes espazos do centro a necesidades de todos os alumnos/as (pictogramas).
- Concienciación por parte de todo o equipo docente das necesidades específicas de apoio educativo que hai no centro.
- Proposta de actividades adaptadas a todos os alumnos (incluídos os que teñen

NEAE) por parte de todo o equipo docente.

- Buscar tempos para tratar temas referidos á atención á diversidade, ao proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD nos ciclos e na Comisión Pedagóxica.
- Mellorar a comunicación e coordinación entre o profesorado.
- Planificar a coordinación entre todos os/as profesionais que interveñen no proceso educativo.
- Maior coordinación entre os mestres/mestras de educación infantil e primeiro ciclo de primaria.
- Aumentar os tempos de coordinación entre os titores/as e o profesorado de apoio.
- Mellorar a coordinación entre profesorado titor e profesorado que intervén co ACNEE.
- Mellorar a coordinación dos apoios realizados dentro da aula.
- Realizar unha planificación previa detallada das sesións das distintas materias nas aulas nas que os apoios se dean dentro da aula co fin de conseguir un mellor aproveitamento dos reforzos integrados nas clases.
- Intentar simplificar todo o máximo posible, facer ou buscar as opcións máis sinxelas para o alumnado, profesorado e familias.
- En relación ao Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) que sexa algo realizado entre o mestre/a de apoio e o titor/a. Así, optimizaríase máis a figura do especialista de AL se, no canto de impartir o devandito programa, proporcionaríanse orientacións, actividades e recursos ao profesorado titor para que eles implementasen estes contidos na súa rutina diaria e así aproveitar esas sesións para apoios individuais ao alumnado. Sería moito máis produtivo coordinarse co profesorado para a intervención deste aspecto, expondo un plan de actuación común con contidos como: memoria auditiva; ensino dos sons das letras e non o seu propio nome, o que favorecerá tamén a posterior aprendizaxe da lectoescritura; o emprego de xestos de apoio á articulación (acordando empregar os mesmos por todos os docentes); comprensión e expresión oral; habilidades metafonolóxicas (conciencia léxica, silábica e fonolóxica); e discriminación auditiva, entre outros.
- Promover, para infantil, as saídas do alumnado co profesorado especialista de AL



na primeira hora (no momento da asemblea) ou nas sesións posteriores ao recreo para que, deste xeito, estes nenos e nenas poidan quedar na aula durante a segunda sesión (para realizar actividades que requiren de máis concentración e para o tempo da merenda). Favorecer, do mesmo modo, os apoios dentro da aula na 2ª sesión da xornada.

- Máis aulas de apoio no centro.
- Dividir aqueles grupos que sobrepasan a ratio e teñen moitos alumnos/as con neae co fin de que o alumnado sexa atendido con mellores condicións.
- Seguir co programa TEI, potenciar a figura do profesorado titor como axente implicado no desenvolvemento integral do seu alumnado a través dunha formación específica, integrar actividades de relaxación nas rutinas da aula, aumentar as actividades que reclamen a participación activa do alumnado.
- Máis apoios ao alumnado procedente do estranxeiro cun descoñecemento grave da lingua.
- Seguir na mesma liña facendo RE e apoios dentro da aula ao alumnado que o precise, tamén continuar cos grupos de adquisición lingüística para o alumnado que está intentando conseguir a inmersión lingüística no idioma castelán
- Recordar que nas aulas ordinarias do alumnado con escolarización combinada os teñan en conta para participar en todas as actividades que se realizan.
- Planificar e adaptar as actividades realizadas a nivel de centro a todo o alumnado de modo que sexan significativas para o mesmo e favorezan a súa plena participación
- Aumentar os recursos manipulativos nas aulas para atender a unha diversidade de formas de aprender e para integrar un carácter motivador e lúdico nas programacións.
- Elaboración de materiais adaptados ás realidades educativas do alumnado con máis necesidades, co fin de fomentar unha maior inclusión ao ritmo da grupo-clase.
- Proseguir coas liñas de formación do profesorado do centro.
- Formación a profesorado e alumnado sobre xestión de emocións, habilidades sociais e resolución de conflitos nas aulas.

- Continuar fomentando modelos e metodoloxías inclusivas como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta NEAE dentro das clases tan numerosas.
- Actividades de adquisición de autonomía nas aulas e pautas para as familias.

# **Anexo**


**Ceip Condessa de Fenosa  
RESUMO DA AVALIACIÓN  
DA CONCRECIÓN DO PXAD  
CURSO 2023/24**

## RESUMO DA AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN DO PXAD CURSO 2023/24

Grao de satisfacción con respecto ao aproveitamento dos recursos humanos e materiais do centro, á organización dos apoios e dos espazos




30 respostas



Grao de satisfacción coa organización dos apoios educativos dentro da aula



30 respostas




Grao de satisfacción coa organización dos apoios educativo fóra da aula, cando así se levaron a cabo



Copiar

30 respostas




## RESUMO DA AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN DO PXAD CURSO 2023/24

Grao de satisfacción coa resposta dada ás novas necesidades que foron xurdindo durante o curso

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción coa proporción entre os reforzos educativos e a concreción destes onde máis necesidades houbo

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción co axuste entre as necesidades detectadas e as medidas tomadas

[Copiar](#)

30 respostas




## RESUMO DA AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN DO PXAD CURSO 2023/24

Grao de satisfacción con respecto á intervención e asesoramento ás familias

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción con respecto ás orientacións e á implementación de medidas en resposta ás necesidades que plantexaba o alumnado

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción coa información e documentación facilitada ao profesorado polo Departamento de Orientación, cando así se requiriu

[Copiar](#)

30 respostas




## RESUMO DA AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN DO PXAD CURSO 2023/24

Grao de satisfacción coa colaboración recibida nas sesións de avaliación e os aspectos relacionados coa mesma

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción coa colaboración recibida na preparación de informes, ACs, programas individuais de recuperación e reforzo, etc

[Copiar](#)


30 respostas



Grao de satisfacción coa participación e implicación dos distintos profesionais do centro

[Copiar](#)

30 respostas




## RESUMO DA AVALIACIÓN DA CONCRECIÓN DO PXAD CURSO 2023/24

Grao de satisfacción coas medidas adoptadas para dar resposta ás necesidades do alumnado en coordinación cos diferentes órganos e axentes implicados




30 respostas



Grao de satisfacción coa aplicación do Plan Xeral de Atención á Diversidade neste curso no noso centro




30 respostas



Grao de satisfacción cos procedementos de coordinación e transmisión da información



30 respostas





# Memoria PFPP



**Ceip Condessa de Fenosa**  
**O Barco de Valdeorras**  
**cod.-32015116**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O PROXECTO.....	2
3. XUSTIFICACIÓN DAS VARIASCIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL, SE É O CASO.....	2
4. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.....	3
4.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS.....	4
4.2. OBXECTIVOS ACADADOS AO FINAL DO PROCESO.....	4
4.3. OBXECTIVOS NON ACADADOS AO FINAL DO PROCESO E CAUSAS QUE MOTIVARON ESTE FEITO.....	5
5. CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS.....	6
6. CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS.....	6
7. CONCLUSIÓN LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.....	6

## 1.INTRODUCCIÓN

Esta memoria pon o peche final o curso 2023/2024, servindo de balance das actividades levadas a cabo e de proba documentada das mesmas.

A memoria esta realizada pola coordinadora pero recollendo todas as aportacións que nos iban surxindo ao longo e curso e finalmente posta en común co resto dos membros do claustro implicados na formación do PFPP o2331110 do noso centro, CEIP Plurilingüe Condessa de Fenosa de O Barco de Valdeorras (Ourense).

## 2. CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O PROXECTO.

O noso colexio é un centro educativo comprometido coas novas tecnoloxías, no cal priorizamos unha ensinanza de calidade para o noso alumnado.

A nosa práctica educativa na etapa de Educación Infantil está baseada no enfoque constructivista e no traballo por proxectos que buscan o aprendizaxe significativo. Nas aulas de Educación Infantil e de Educación Primaria combinamos este enfoque por proxectos con outros tipos de metodoloxías e de actividades.

Ademais, contamos coa aula de Polos Creativos dende o pasado curso, polo que a necesidade de formación se multiplica.

Por outra banda, vemos moitas carencias nas relacións e resolución de conflitos que xorden no día a día no noso centro. Polo que vimos necesaria unha formación para o profesorado e así poder subsanar esas necesidades nas relacións sociais.

## 3. XUSTIFICACIÓN DAS VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL, SE É O CASO.

No presente curso contábamnos con dúas liñas de traballo e un total de dúas actividades para desenvolver; *fuchicando* e *co-construíndo conductas*.

Cabe resaltar o elevado número de participantes pertencentes tanto da etapa de infantil como a de primaria nas liñas de formación.

Comentar que non se modificou a programación que deseñamos a principio do curso, comezamos a finais de outubro e rematamos a finais de maio tal e como estaba establecido.

Como xa indicamos tiñamos 2 liñas de formación.

A primeira das liñas “fuchicando”, na que basicamente nos centramos en coñecer e poñer en práctica o material que contamos na aula de Polos Creativos no noso centro.

Na memoria de actividades realizadas podemos ver as diferentes sesións de formación que recibimos por parte do profesorado do noso centro; Xoaquin, Eva e Juan que tiñan coñecementos de funcionamento en impresión 3D, maquina de coser e plotter e por último edición de vídeos respectivamente.

Todo o profesorado ao longo do curso puxo en práctica os coñecementos adquiridos. Tamén empregamos na nosa vida diaria na aula diferentes materiais cos que contamos na aula de Polos Creativos para realizar diferentes actividades, tal e como se poden ver nas fotos.

Con respecto a outra liña de formación “Co- construíndo conductas” cumpriuse o noso obxectivo de poñer en práctica o Programa TEI, programa de convivencia para a prevención da violencia e o acoso escolar. Está baseado na titorización emocional entre iguais, o alumnado maior titoriza emocionalmente aos compañeiros/as dos cursos máis pequenos. Implica a todas as etapas educativas: Educación Infantil e Primaria.

Todo o profesorado se comprometeu a levar a cabo este programa así como as titorías que estaban involucradas no presente curso, sendo 3 anos e 5 anos en Educación Infantil e 5º e 3º en Educación Primaria.

#### **4. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

Antes de comezar a traballar en cada unha das liñas de traballo, reunímonos cos asesores do CFR para falar e ver as necesidades coas que contamos no centro para ver por onde podíamos enfocar as nosas liñas de traballo.

Unha vez que xa tiñamos decididas cales eran; por un lado Polos Creativos e por outra banda TEI, marcamos uns obxectivos xerais que queriamos acadar o rematar a formación.

#### 4.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Os obxectivos que nos propuxemos ao inicio das actividades están enfocados as diferentes actividades que realizamos, que en este caso foron:

“Fuchicando”, os obxectivos están relacionados coas novas tecnoloxías e o desenvolvemento das mesmas, así como o coñecer material novo. A continuación presento os obxectivos que marcamos:

- *Coñecer novos recursos informáticos*
- *Elaborar material novo*
- *Formarse nas novas tecnoloxías*

En canto a actividade “co - construíndo conductas” marcamos como obxectivos propostos ao inicio do curso:

- *Favorecer unha actitude de confianza e empatía para abrirse a exploración, a comunicación e a interacción empática cos outros/as.*
- *Disminuir a hostilidade e a agresividade.*
- *Aumentar o razoamento moral e realizar accións morais.*

Todos os obxectivos propostos nas dúas actividades foron levados a cabo por medio de actividades, formación, intercambio de ideas, traballando de forma cooperativa, traballo individual...

#### 4.2. OBXECTIVOS ACADADOS AO FINAL DO PROCESO.

Podemos dicir que os tres obxectivos que marcamos ao inicio de curso en cada liña de traballo se acadaron satisfactoriamente.

Nalgunha liña tivemos que facer unha restructuración dos grupos de traballo por niveles e etapas para rentabilizar o traballo e axilizalo no tempo dado a data das entregas dos materiais elaborados na mesma.

Na liña de traballo de “fuchicando” os tres obxectivos que marcamos foron acadados satisfactoriamente xa que:

- *Coñecer novos recursos informáticos:* a través dos diferentes materiais que temos na aula de Polos Creativos como; máquina de coser, máquina de

chapas, plotter, impresora en 3D, cámara de vídeo... con todos eles realizamos actividades tal e como se pode ver nas fotos.

A maiores tamén vimos a necesidade de comprar unha máquina de planchado téxtil e unha máquina de tazas.

- *Elaborar material novo*: como se pode ver nas fotos que se presentan cando gravamos a curtametraxe de Chocolatea.
- *Formarse nas novas tecnoloxías*: por medio de todas as formacións que recibimos que este caso foron tres sesións.

Na liña de traballo de “co- construíndo conductas” os tres obxectivos que marcamos tamén foron acadados satisfactoriamente posto que:

- *Favorecer unha actitude de confianza e empatía para abrirse a exploración, a comunicación e a interacción empática cos outros/as*: o alumnado de maior idade era “amigo TEI” de alumnos/ as máis pequenos/as.
- *Disminuir a hostilidade e a agresividade*: por medio se estratexias que traballamos durante todo o curso, tanto o alumnado como o profesorado.
- *Aumentar o razoamento moral e realizar accións morais*: traballamos para resolver conflitos de forma armónica e empregando o razoamento.

#### **4.3. OBXECTIVOS NON ACADADOS AO FINAL DO PROCESO E CAUSAS QUE MOTIVARON ESTE FEITO.**

Como xa dixen no apartado anterior, os seis obxectivos que nos marcamos para traballar ao longo do curso na formación do PFPP acadáronse. Todo o profesorado estivo moi implicado porque era material innovador co que estabamos traballando, tanto as máquinas e ferramentas coas que contamos na aula de Polos Creativos e que vimos que lle puidemos sacar moito rendimento a hora de traballar na aula co alumnado. Como o material co que traballamos mellorando as conductas do noso centro, que o final vimos que as relacións tanto do alumnado como do profesorado foron empatizando unhas en outras e así mellorou a convivencia do noso centro.

Resaltar o asesoramento nas nosas liñas de traballo por parte de expertos que, ademais de transmitirnos o seu coñecemento comparten connosco as súas experiencias reais e prácticas que nos serven de modelo a seguir e nos poñen en

contacto con novas metodoloxías e máis novidosas e actualizadas para incluír na nosa propia práctica docente con noso alumnado.

## **5. CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS.**

Para traballar os contidos marcados na actividade “fuchicando” que eran: 1) ferramentas informáticas e 2) material innovador realiamos actividades durante todos estes meses como: disfraces, chapas, gravación de vídeos, tazas, bandas de graduación, chaveiros en 3D....

En cantos os contidos marcados pola actividade “co-construíndo conductas”: 1) resolución de conflitos, 2) tutoría entre iguais, 3) habilidades sociais e 4) mediación escolar. Realizamos actividades como; almorzos e merendas internivel, carnés, diplomas, visionado de curtametraxes e debates....

## **6. CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS.**

Entre os criterios de avaliación das actividades realizadas, atópanse a propia observación directa (tanto do proceso como do resultado), o número e grao de implicación e participación do profesorado.

Na liña de "fuchicando" estamos agardando a que nos manden máis material para a aula de Polos Creativos, de ser así si que necesitaríamos máis formación en material e tamén ao longo do curso mercamos material novo para complementar a aula de Polos Creativos como unha plancha textil para facer gravado en roupa e unha máquina de personalizar tazas.

Polo que compre a liña de "co-construíndo conductas" si que estamos comprometidos a seguir coa formación, xa que o programa que estamos a levar a cabo no noso centro é de dous anos.

## **7. CONCLUSIÓN LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.**

Sabemos que aínda queda moito traballo por facer para poder chegar a meta que temos en mente pero en liñas xerais estamos satisfeitos co traballo realizado e co aumento da participación do profesorado con respecto a anos anteriores nas liñas de traballo do PFPP, o que denota un interese en auxe por formarse, por ampliar coñecementos e compartir experiencias.

O traballo colaborativo que se realizou tanto co profesorado como co alumnado, implicou asumir responsabilidades aos nenos e nenas do noso centro e foi realmente moi enriquecedor para todos e todas.

A maior satisfacción que temos é, sen dúbida algunha, que traballamos por e para o centro na súa globalidade: mestres/as, nenos/as e familias e, que tratamos sempre de mellorarnos.

Nas dúas liñas o profesorado estaba moi comprometido co traballo que había que sacar adiante.



# ***MEMORIA DIGICRAFT***

## ***EN TU COLE***



Curso académico: 2.023-2.024

*Alumnado participante: 5º A e 5º B*

*CEIP CONDESA DE FENOSA*

# **ÍNDICE**

**1. Introducción**

**2. Participantes**

**3. Obxectivos**

**4. Metodoloxía**

**5. Temporalización**

**6. Actividades desenvoltas**

**7. Avaliación**

**8. Propostas de mellora**

**Anexos**

## **MEMORIA DIGICRAFT EN TU COLE**

### **1. Introducción**

Este curso académico 2023-2024 o alumnado de 5º curso de Ed. Primaria pertencente ao 3º ciclo, en concreto 5º A e 5º B participaron no programa digicraft, este programa persegue desenvolver no alumnado a competencia dixital por medio de actividades lúdicas e divertidas para o alumnado. Consta de varios itinerarios formativos que empregan as tecnoloxías emerxentes como medio de aprendizaxe, co alumnado de 5º empregouse como recurso a IA, realidade virtual aumentada e videoxogos.

Este programa contribúe a achegarse ao mundo dixital

### **2. Participantes**

- ⑩ 5º A: 26 discentes
- ⑩ 5ºB: 25 discentes
- ⑩ Mestre 5º A: Juan Cotarelo
- ⑩ Coordinadora do programa digicraft: Esther Pol (mestra 5ºB)

### **3. Obxectivos**

- Desenvolver as habilidades dixitais
- Fomentar a alfabetización dixital
- Impulsar a cooperación na búsqueda de resolución de problemas
- Introducir a intelixencia artificial no ámbito educativos
- Formar na seguridade dixital

### **4. Metodoloxía**

- ⑨ Activa, participativa e lúdica
- ⑨ Centrada en centros de interese
- ⑨ Baseada na experimentación
- ⑨ Xogo como elemento de motivación
- ⑨ Traballos de investigación en gran grupo ou pequeno grupo
- ⑨ Metodoloxía ABP (aprendizaxe baseada en proxectos)
- ⑨ Combinación do mundo físico e virtual
- ⑨ Dinámicas centradas en equipos base

### **5. Temporalización**

O programa desenvólvese ao longo do 2º e 3º trimestre. Desenvóléronse un total de 6 sesións nas que se traballou interdisciplinariamente as áreas de CS E CN

## **6. Actividades desenvoltas**

Alguhas das actividades que se levaron a cabo co alumnado foron as seguintes:

### **Sesión: 1º (35 minutos)**

Título: coñecendo o noso entorno coa IA

Descrición: O alumnado, organizado en grupos, buscará na aula ou no centro as fichas con animais e plantas previamente ocultas polo educador. Cada vez que un equipo atope unha das fichas, utilizará a ferramenta Busca para analizar a súa clase e especie, que anotará na tarxeta. Por último, farase unha reflexión final sobre os usos que se lle poden dar a este tipo de tecnoloxía.

Preparación

- ⑩ Agrupación: grupo reducido (3-5 persoas).
- ⑩ Preparar o material necesario para a actividade.
- ⑩ Carga as tabletas antes de facer a actividade.
- ⑩ Instala a aplicación Seek en todas as tabletas de Google Play Store ou App Store.
- ⑩ Imprime e recorta un documento das imaxes de cada grupo e agochalas repartidas pola aula ou centro.
- ⑩ Colle o documento co caderno de campo impreso en papel.
- ⑩ Importante: o documento de imaxe debe estar impreso en cor e en alta calidade para que a Intelixencia Artificial funcione correctamente.

Recursos:

- ⑩ Materiais
- ⑩ Bolígrafos
- ⑩ icona de chevron
- ⑩ imaxes flora e fauna de Valdeorras(contorna próxima) a entornos máis lonxanos
- ⑩ Tabletas

### **Sesión: 2º (30 minutos)**

Título: na procura do chip do mestre

⑩ Descrición: Nesta actividade viviremos unha aventura en liña para reparar Internet, na que aprenderemos conceptos básicos sobre o mundo audiovisual e resolveremos crebacabezas, traballaremos en equipo con outros grupos descargando e modificando arquivos de audio e vídeo.

Preparación:

- Agrupación: grupo reducido (2-3 persoas).

- Preparar o material necesario para a actividade.

#### Recursos:

- ⑩ Tesorias
- ⑩ Pegamento
- ⑩ Tablet
- ⑩ Desgargable alumnado

Título: ciberacoso/ciberseguridade

**Sesión: 3º (40 minutos)**

#### Descrición:

Os estudantes descubren o que é o ciberacoso e aprenden a combatelo mediante diferentes solucións. A continuación, completan un cómic sobre o tema en grupo.

#### Preparación

Agrupación: grupo reducido (2-3 persoas).

Preparar o material necesario para a actividade.

Trae o documento con posibles solucións ao ciberacoso impreso en papel.

Trae o documento coas tiras cómicas impresas en cor.

#### Materiais:

- ⑩ Lapis
- ⑩ Papel continuo
- ⑩ Papel continuo
- ⑩ icona de chevron
- ⑩ Alumnos descargables
- ⑩ Lapis de cores
- ⑩ masilla adhesiva extraíble

#### Introdución

Comezamos a actividade dicíndolle ao noso alumnado que nesta sesión aprenderán que é o ciberacoso e como combatelo. Despois van organizar os paneis dun cómic sobre o tema, debuxarán un final para a historia e escribirán o que cren que pasa en cada escena.

**Sesión:4º (45 minutos)**

Título:¡Alerta! Ciberdelincuentes ao acecho

#### Descrición

Nesta actividade os nosos alumnos aprenderán a crear contrasinais seguras a través dun xogo no que parte da clase se converterá nunha banda de cibercriminosos que queren roubar as contas cibernéticas do resto do alumnado.

### Preparación

Agrupación: grupo grande (toda a clase).

Preparar o material de papelería necesario para a actividade.

Leva impresa e recortada en papel o educador descargable coas tarxetas do Sheriff en ciberseguridade. Corta varias follas de papel en anacos pequenos para que poidan anotar un contrasinal (uns 20 anacos por folla).

### Materiais

- ⑩ Bolígrafos
- ⑩ Educador descargable
- ⑩ icona de chevron
- ⑩ cinta adhesiva

### Introdución

Comezamos a actividade explicando que imos xogar cos contrasinais. Organizamos a clase en tres grupos e comezamos a asignar papeis e explicar como funciona o xogo.

Título: crea o teu videoxogo

**Sesión: 5º (45 minutos)**

### Descrición

Nesta actividade imos crear un xogo con personaxes. Debuxaremos os nosos propios personaxes e escolleremos as súas habilidades para despois xogar con eles, enfrontándoos a través dunha aplicación para tableta ou smartphone. Os nosos personaxes gañarán experiencia!

### Preparación

Preparar o material necesario para a actividade.

Pedimos axuda a un adulto para:

Descarga e instala a aplicación Xogo de cartas na túa tableta desde a sección de Materiais.

Descarga e instala a aplicación Barcode Scanner na túa tableta desde Google Play Store.

Imprime, se é posible en cartolina, o documento coas fichas de personaxes.

**Sesión: 6º (30 minutos)**

Título: Mr body. Coñecemos o corpo humano

### Descrición:

empregando o merge cube e mediante a aplicación Mr body imos familiarizarnos coa realidade virtual aumentada, aproveitando a hora de ler imos ir visualizando partes do corpo humano e imos facer unha

lectura comprensiva sobre as funcións vitais do noso corpo, logo faremos un breve esquema sobre as funcións de cada un dos órganos do noso corpo.

Preparación: descargar MR body na tableta e facer pequenos grupos de dúas persoas

Materiais:

- ⑩ merge cube
- ⑩ App Mr body
- ⑩ lapis
- ⑩ papel

## **7. Avaliación**

O programa tivo resultados positivos no alumnado,, xa que fíxoselle máis ameno traballar as áreas de CS e CN, por exemplo aspectos relativos a flora, fauna, corpo humano a través da realidade virtual aumentada, o que máis espertou a súa curiosidade foi a ferramenta do merge cube.

Dunha forma lúdica e práctica interiorizaron os contidos.

Destacar que tamén foi un bo recurso para traballar con eles temas como a seguridade na rede.




## **8. Propostas de mellora**

Este programa ten múltiples recursos e itinerarios formativos moi interesantes para traballar a competencia dixital xunto con contidos do temario, é moi sinxelo de levar a práctico na aula, xa que as actividades veñen secuenciadas por idades, moi ben plantexadas e con materiais incluídos, sería moi interesante que participasen todos os cursos da etapa de primaria non só 5º curso.

En xeral destacar que os resultados acadados polo alumnado de 5º foron satisfactorios e melloraron as destrezas dixitais, así como coñeceron novos recursos e todo o partido positivo que se lle poden sacar as ferramentas tecnolóxicas.

De cara ao futuro curso poderían dosificar un pouco os recursos, xa que para traballar con 5º curso sobran os recursos, o que si reitero resultaría inetresante e que se aproveitasen as actividades para toda a etapa educativa.

ANEXOS







## **LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2024/2025** **EDUCACIÓN INFANTIL**

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua	PGLT
4º inf	Lingua Inglesa	BIG WEHEEL STARTER Fun Learning Kit Navio-3 anos- Carol Read; Macmillan ELT, 2024	9781035148233	I	Non
4º inf	Grafomotricidade	"Grafomotricidad Monstruosa 1" Editorial Anaya, 2017	9788469829844	C	Non
4º inf	Relixión Católica, 3 anos	"Hola, Jesús: aprende y sonríe" Hortensia Muñoz Castellanos; Editorial SM, 2016	9788467587265	C	Non
5º inf	Lingua Inglesa	BIG WEHEEL 1 Fun Learning Kit App Navio-4 anos- Carol Read; Macmillan ELT, 2024	9781035148202	I	Non
5º inf	Grafomotricidade	"Grafomotricidad Monstruosa 2" Editorial Anaya, 2017	9788469829851	C	Non
5º inf	Relixión Católica, 4 anos	"Hola, Jesús: aprende y sonríe" Hortensia Muñoz Castellanos; Editorial SM, 2016	9788467587272	C	Non
6º inf	Lingua Inglesa	BIG WEHEEL 2 Fun Learning Kit App Navio-5 anos- Carol Read; Macmillan ELT, 2024	9781035148226	I	Non
6º inf	Grafomotricidade	"Grafomotricidade Monstruosa 3" Editorial Anaya, 2017	9788469829868	C	Non
6º inf	Relixión Católica, 5 anos	"Hola, Jesús: aprende y sonríe" Hortensia Muñoz Castellanos; Editorial SM, 2016	9788467587289	C	Non

O material que o alumnado de Educación inf necesite a maiores no seu momento, será solicitado polos titores / titoras correspondentes.



## 1º e 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua	PGLT
1ºEP	Ling, nat,soc	Imos con todo. 1º trimestre. Ed.Anaya	9788414317419	G	Si
1ºEP	Ling, nat,soc	Imos con todo. 2º Trimestre. Ed.Anaya	9788469898673	G	Si
1ºEP	Ling, nat,soc	Imos con todo. 3º Trimestre. Ed.Anaya	9788469898703	G	Si
1ºEP	L. Castelá	Non haberá libro de texto nin caderniños			
1ºEP	Comprensión lectora	Lecturas Comprensivas 7 (Textos 1)	9788417748401	C	Si
1ºEP	Matemáticas	Matemáticas. Operación mundo. 1º, 2º e 3º trimestre.	9788469893517	C	Si
1ºEP	L. Inglesa	KIDS CAN! 1Ab e Pk Macmillan E.L.T	9781380072849	I	Non
1ºEP	L. Inglesa	KIDS CAN! 1Pb&Extra Fun e PK Macmillan E.L.T	9781380051660	I	Si
1ºEP	Relixión	Ven y verás. Ed.Anaya	9788469897188	C	Si
2ºEP	Ling. Castelá	Operación mundo. 1º, 2º e 3º trimestre. Ed.Anaya	9788414317280	C	Si
2ºEP	Ling. Galega	Operación mundo. 1º, 2º e 3º trimestre.Ed.Anaya	9788469893227	G	Si
2ºEP	Ciencias Sociais	Operación mundo. Ed.Anaya	9788414317259	G	Si
2ºEP	Ciencias Naturais	Operación mundo. Ed.Anaya	9788469895160	G	Si
2ºEP	Matemáticas	Matemáticas. Operación mundo. 1º, 2º e 3º trimestre.	9788469893739	C	Si
2ºEP	L. Inglesa	KIDS CAN! 2Pb & Extra Fun e PK Macmillan E.L.T	9781380051790	I	Si
2ºEP	L. Inglesa	KIDS CAN! 2Ab e Pk Macmillan E.L.T	9781380072856	I	Non
2ºEP	Relixión	Ven y verás. Ed.Anaya	9788469897225	C	Si



## 3º e 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua	PGLT
3ºEP	Matemáticas	Matemáticas 3 Trim. Comunidad Zoom	9788468282831	C	Si
3ºEP	Sociais	Ciencias sociais 3 Comunidade Zoom	9788468285375	G	Si
3ºEP	Naturais	Ciencias da Natureza 3 Comunidade Zoom	9788468285337	G	Si
3ºEP	L.Galega	Lingua Galega e Literatura 3 Trim. Comunidade Zoom	9788468283197	G	Si
3ºEP	L.Castelá	Lengua Castellana y literatura 3 Trim. Comunidad Zoom	9788468283944	C	Si
3ºEP	L.Inglesa	KIDS CAN !3 Pb e Pk Macmillan E.L.T	9781380072863	I	Si
3ºEP	L.Inglesa	KIDS CAN !3Ab&Extra Fun e PK Macmillan E.L.T	9781380052872	I	Non
3ºEP	Relixión	Relixión. Ed.Vicens Vives	9788468283166	C	Non
4ºEP	Matemáticas	Matemáticas 4 3 Trim. P. Zoom. Ed. Vicens Vives	9788468291857	C	Si
4ºEP	Sociais	Ciencias Sociais 4 Comunidade Zoom Ed. Vicens Vives	9788468292533	G	Si
4ºEP	Naturais	Ciencias da Natureza 4 Comunidade Zoom Ed. Vicens Vives	9788468292502	G	Si
4ºEP	L.Galega	Lingua Galega 4 Trim. Comunidade Zoom Ed. Vicens Vives	9788468292885	G	Si
4ºEP	L.Castelá	Lengua Castellana 4 Trim. Comunidade Zoom Ed. Vicens Vives	9788468291949	C	Si
4ºEP	L.Inglesa	KIDS CAN !4 Pb e Pk Macmillan E.L.T	9781380072870	I	Si
4ºEP	L.Inglesa	KIDS CAN !4Ab&Extra Fun e PK Macmillan E.L.T	9781380053145	I	Non
4ºEP	Relixión	Relixión. Comunidad Lanikai 4 Ed.Vicens Vives	9788468292106	C	Non



## LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2024/2025

### 5º e 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Para os cursos de **5º e 6º de Educación Primaria** NON É PRECISO mercar libros de texto xa que por estar no programa E-DIXGAL, se traballa de forma dixital .

O material que o alumnado necesite no seu momento, será solicitado polos titores / titoras correspondentes.

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Llingua	PGLT
5ºEP	Lingua Inglesa	KIDS CAN !5Ab&Extra Fun e PK	9781380053411	I	Non
6ºEP	Lingua Inglesa	KIDS CAN !4Ab&Extra Fun e PK	9781380053695	I	Non